Public dioria 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Perigo de ruptura en EU-EG por mor do acordo co PSdeG-PSOE — 7

O PP promete volver *Álvarez* a mans públicas — 12

Xosé Alfredo Pereira: "A Xunta quer privatizar os montes" — 9

"Globalización é o nome do imperialismo hoxe", afirman no congreso internacional de Santiago — 13

Homenaxe a Valentín Paz Andrade, aos dez anos de finado — 27

29 DE MAIO • 1997 • ANO XX • IV XEIRA — FUNDADO EN 1907 — Nº 780 • 200 PTA

Hai abundantes probas de que a construción de encoros fixo aparecer terremotos onde nunca antes houbera

Os encoros poden causar os terremotos

Grandes embalses causaron douscentos tremores de terra de magnitudes semellantes ao do dia 22 en Becerreá, as máis das veces en terreos considerados de baixa sismicidade. Os rexistrados en Mead (Arizona), Kremasta (Grécia), Kariba (Zimbawe), Monteynard (Suiza), Koyna (india), Monticello (Carolina do Sul) ou Asuán (Exipto), teñen en comun unha magnitude de entre 4.3 e 5.3 e foron todos atribuidos á influéncia xeolóxica dos encoros sobre un rádio de 35 quilómetros. O causado polo embalse de Latur, na India, de 6.1, aconteceu en 1993 e causou 10.000 mortos. O triángulo Sárria, Láncara Becerreá está a dez quilómetros do val de Portomarin, sulagado polo encoro de Belesar. O Instituto Xeográfico de Madrid négase a considerar este factor sismoxénico.

A. IGLESIAS

A. IGLESIAS

'Deixáronnos abandonados',

din as vítimas do terremoto

Altos cargos da Xunta involucrados nos *enchufes* das oposicións

A administración do PP ten unha longa história de denúncias por enchufismos, a cada máis graves. En várias ocasións un notário xa tivo con anterioridade os nomes dos que ian ser aprobados. Os governos Fraga están marcados cun grande ronsel de acusacións de enchufismo en oposicións que, xunto co incremento de asisténcias técnicas e postos de libre designación foron configurando unha administración na que primou o partidismo e o favoritismo cun grande número de postos de traballo asignados a dedo. **(Páx. 10)**

O Comité de Apelación rexeita unha filmación do Ourense-Eibar por estar en galego

Guruzeta foi expulsado no encontro Ourense-Eibar por dar unha patada, sen balón por meio, ao xogador basco Artetxe. O seu clube enviou os vídeos do partido para amosar que non era tal e conquerir que o xogador non fose sancionado con dous partidos. O Comité de Apelación recebeu as fitas e respostou que, ao estaren en galego, non podia perceber se habia patada ou non. Polo tanto, non tivo en conta a apelación. **(Páx. 14)**

O ÚLTIMO ADEUS
Arthur Conan Doyle

Oitavo título da Biblioteca Sherlock Holmes, con novos e intrigantes casos do detective máis famoso de todos os tempos. Traducción de Bieito Iglesias e Manuel Vázquez.



galaxia

O CIS, pai das estratéxias

Segundo o inquérito dado a coñecer esta semana polo Centro de Investigacións Sociolóxicas, o BNG ten unha intención de voto directa para unhas eleicións estatais de 1,2%. No inquérito realizado o pasado trimestre a intención de voto para o BNG era de 0,8% polo que se produce un aumento do 50%, que, calibrado en votos serían uns 80.000. Hai un ano o BNG acadara o 0,88 % nas eleicións xerais, o que lle supuxeron 220.000 votos. Desde o BNG afírmase que, extrapolando estas porcentaxes ás eleicións autonómicas e correxíndoos co aumento que sempre se producen nos comícios galegos, en Outubro o BNG situarase cun 25% dos sufráxios galegos, desprazando ao PSOE do segundo lugar eleitoral. Estas perspectivas eleitorais do nacionalismo galego son as que explicarian certos comportamentos políticos. Por unha banda o de Francisco Vázquez, deseñando a campaña para impedir o ascenso do BNG ao segundo lugar e teimando en non recoñecer a posibilidade de calquer acordo post eleitoral. Pola outra, o PSOE en Madrid impon a coalición con EU-UG e pronúnciase a prol do acordo entre socialistas e nacionalistas, pois poden ser unha das forzas determinantes nas próximas eleicións xerais para desbancar a Aznar. ♦

Terra Única, a cultura como arma eleitoral

O pasado Martes 27, o Conselleiro de Cultura, Xesus Pérez Varela, apresentaba a *Feira do Teatro* que se inícia en Compostela, como "un máis dos actos de *Galicia, Terra Única*", pero agachaba o resto da programación que xa difunde en español para as axéncias de viaxe. O mantelo publicitário, con lema próprio "Da romanización ao ciberespácio", pretende cobrir toda a programación cultural desde agora até Outubro, xusto ao pé das eleicións. **(Páx. 21)**

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.
VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.
CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.
VOGAIS:
Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro, Xesus Arrizado, Manuel Veiga, Xosé Castro Ratón, Manuel Portas e Xan Costa.
SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:
Alfonso Eiré López

Redacción:
Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Castro.
FOTOGRAFIA:
Anxo Iglesias
EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Enrique Acuña.
DESEÑO GRAFICO:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:
PESCA:
Severino Xestoso.
SANIDADE:
María Alonso.
AGRO:
Xoán C. Garrido.
DEPORTES:
Rodolfo Dacuña.
MADRID:
Manuel Seoane.
BARCELONA:
Iria Varela.
PORTUGAL:
Gonçalo Nuno.
CULTURA:
Xoán M Estévez, Celso López Pazos, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Óscar Losada, Gonzalo Vilas, Xosé M. Eiré Val, Xosé Mª de Castro Erroteta, Xesus González Gómez.
LECER:
Iago Luca

Fotografía:
Andrés Panaro.
Xosé Marra,
Voz Noticias.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Carlos Silvar, Gonzalo Vilas.

Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración:
Rua do Príncipe 22, baixo.
36202 Vigo
Apartado 1371. 36200 Vigo

Teléfonos:
REDACCION:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
antpcg@arrakis.es
ADMINISTRACIÓN. SUBSCRIPCIONS E PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reproducción sempre que se citar procedéncia.



O Val de Portomarin vai cheo cando a terra treme. A. IGLESIAS

Adianta a investigación que identifica os encoros como causantes de sismos

Grandes embalses causaron douscentos terremotos en todo o mundo

G. LUCA DE TENA

A investigación de terremotos causados por encoros ocupa a físicos e xeólogos de todo o mundo que xa teñen rexistrado máis de douscentos de magnitudes semellantes ao do dia 22 en Becerreá, as máis das veces en terreos clasificados de baixo risco sísmico. Hai abundantes probas de que a construcción de encoros fixo aparecer terremotos onde nunca antes houbera e, ao mesmo tempo, a instalación dos encoros multiplicou a incidéncia de terremotos nas áreas que antes rexistraran sismos.

No estudo dos Terremotos Inducidos por Encoros (TIE), que a bibliografia en inglés identifica coma *Reservoir Induced Seismicity (RIS),* invisten importantes partidas de orzamento os Estados Unidos, Austrália, o Canadá e paises asiáticos. O xeógrafo Robert L. Kovach, identifica os encoros coma a primeira causa sismoxénica producida pola man do home. No seu estudo *Previsión e modificación dos sismos* cita que despois do enchimento do reservório do Lago Mead, en Arizona, que corresponde ao encoro de Hoover, ocorreran nos dez anos seguintes máis de 600 tremores de terra. Outro tanto pasou despois de encorar a lagoa artificial de Kremasta en Grécia.

Kovach califica de desastre sísmico o rexistrado en Koyna (India) o 10 de Decembro de 1967. O embalse de Koyna construirase nun área considerada asísmica e, de feito, antes de entrar en funcionamento, no ano 1962, só se lembraban na península india os terremotos de Mahabaleshwar (1794), Bellary (1843) e Coibatore (1900). Despois de encher o encoro observouse unha correlación entre a variación estacional do nível de auga no vaso, a duración do tempo de retención da auga e a actividade sísmica. O periodo máis extenso e con nivel de auga máis elevado ocorreu entre Agosto e Decembro de 1967 que rematou cun grande terremoto, o 10 de Decembro do mesmo ano, no que morreron duascentas persoas.

Causa única de sismos

A investigación da hipótese da inducción de terremotos por auga embalsada avanza en todo o mundo. O Servizo Xeolóxico de Austrália calificou de inequívoca a relación entre o estado dos embalses de Talbingo (Nova Gales do Sul), Gordon (Tasmánia) e Thomson (Vitória) con movementos de terra producidos nun rádio de trinta quilómetros. No ano 1995, en Leshoto, ao encher o encoro de Katse, construido con fundos do Banco Mundial, os habitantes de sete aldeas abandoaron as suas casas por causas dos tremores continuos. Na Malásia peninsular non hai lembranza de terremotos até a construcción da central de Kenyir, que se considera a causa única de sismos no pais.

A abondosa bibliografia sobre os TIE sinala que o caso de cada encoro é diferente e ten que ser estudado a partir de investigación individualizada, con observatórios sismolóxicos instalados nos próprios embalses. Nalguns casos, os tremores desatáronse asi que ficou cheo o vaso nun encoro novo; noutros, os terremotos chegaron dez anos despois. Algúns estudos indican que, as máis das veces, os tremores danse durante as épocas das precipitacións, cando se da a máxima carga do encoro ou ao producirse un valeirado rápido dos embalses.

O Xefe do Servizo do Centro Estatal de Información Sísmica, do Instituto Xeográfico con sede en Madrid, indicou a preguntas da redacción de ANT que "en España non sabemos de casos de sismicidade inducida por embalses e, en todo caso, as grandes presións sobre o terreo danse no intre de encher o encoro; despois, pode haber tremores pero moi cativos e locais".

O responsábel do Centro estatal de Información sinalou que, en todo caso, os sismos inducidos só se daban nos encoros grandes e recoñeceu *non estar informado* do tamaño de Belesar, que ten 130 metros de altura (considéranse barraxe grande á que ten cen metros ou mais), e negou que os tremores de Lugo tivesen lugar nos meses de choiva. Os dados fornecidos polo Centro, á instáncias da redacción de ANT, indican o contrário.

Xan Vidal Romani, catedrático de Xeofísica da Faculdade de Bioloxia da Coruña, nega resol-

Pasa á páxina seguinte

Ven da páxina anterior

tamente que os tremores de Lugo se podan dar por induccion exterior. "Estes terremotos son de orixe claramente tectónica. Para que estivesen inducidos por un encoro teria que haber grande movimentos de masas de auga que aqui non se están dando e, en todo caso, os efectos terian que ser inmediatos. Teño á vista un mapa da área de Becerreá e vexo claras anomalias de gravidade que son as que están causando os sismos. Na falla que atravesa Becerreá, Triacastela e Sárria remata a Cordilleira Cantábrica e nese ponto cambian a direccion das estruturas tectónicas Norte Sur por Leste Oeste".

Ainda que nega a relación posibel entre carga do embalse e movimento sísmico, Vidal Romani salienta que "Na Galiza os encoros están nos vales e os vales son os camiños que collen os rio que coincien coas zonas de fracturas de falla. Todos os encoros teñen sismógrafos pero o de Belesar en concreto non está en funcionamento; vanme levar preso por contar isto, pero é a verdade". O catedrático de Xeografia coida que non corre perigo a central de Belesar, ainda que estea dentro do triágulo dos sismos, "porque na construcción multiplícase por tres a dimensión da estructura calculada para o risco máximo".

Alta densidade

Javier Álvarez, Catedrático de Xeodinámica da Universidade de Uvieu coida que o feito de repetírense os terremotos nun espazo tan limitado coma o triángulo Sárria, Becerreá Triacastela desde 1979 non é raro "porque están a producirse ao longo dunha fractura e dun par de fallas o que denúncia que están mui próximas". Para Álvarez, o embalse cheo a rentes da área dos sismos "non ten nengún significado porque este movimento está producirse á 18 quilómetros de profundidade, e aí temos que falar dunha densidade de 2,6 o que fai despreciabel a gravidade superficial; se falásemos dun hipocentro á 6 ou 8 quilómetros, diria que si. De todos xeitos houbera terremotos importantes hai un par de anos e habia seca". Vidal Romani califica os terremotos do triángulo de Sárria de *superficiais* e situa o hipocentro a 8 ou 9 quilómetros.

O observatório de Pasadena do Servizo Xeolóxico norteamericano admiteu a posibilidade de que os sismos do triángulo de Lugo sexan inducidos e anunciou o seu propósito de estudar a série.♦

Belesar está nas cotas altas cando treme a terra

O encoro de Belesar entrou en funcionamento no 1962, a cota máxima é de 129 metros, a sua cola chega a case 44 quilómetros e baña 1.828 hectáreas.

En Febreiro de 1965 rexistouse o primeiro movemento sísmico de que hai memória en Lugo, dunha magnitude de 3,2, con epicentro en Pol. Os terremotos de máis de catro degraos de magnitude que veñen sucedendo no triángulo de Becerreá, Triacastela, Sárria acaen cos momentos no que Belesar está nas cotas máis altas de reserva de caudal. No mes de Febreiro de 1979 rexistárase un sismo de 4,2 e outro da mesma intensidade volveuse dar no mes de Decembro. Marzo do 94 e do 95 chegou con dos fortes tremores de 4.2 e en Novembro e Decembro do 95 o Instituto Xeográfico aumentou a magnitude de dous novos terremotos a 4.6 polos destrozos rexistados. En Outubro do 96 dérase outro movemento que foi calificado coa magnitude 4.1.

En Decembro de 1996 e en Xaneiro do ano que andamos, o volume dos embalses atinxiu os máximos. Unión-Fenosa declarou o mes de Marzo pasado que o consumo descera un 15,9 en relación co mesmo mes do ano denanterior. O aumento de horas de luz e a celebración da Semana Santa influiran á baixa no consumo. Os encoros do Miño estaban a finais de Abril ao 90 por cento da sua capacidade, segundo indica Unión-Fenosa.

Clemente Sáez e Miguel Arenillas na sua obra *Los rios* dinque o embalse está construido encol de "granito san e duro e só as litoclasas tiran algunhas propriedades á rocha, coma as llascas que apareceron su os penedos do aliviadoiro ou a fractura que pasa baixo a presa e obrigou a correr lixeiramente de sítio a grande central soterrada que asenta o macizo de apoio".

O encoro é de tipo bóveda con dous estribos de gravidade. Os embalses desta clase aguantan moi ben a presión da auga pero pola sua fortaleza e rixidez son sensíbeis aos movementos dos soportes laterais.♦

Relación de sismos de máis de 4 graos con epicentro na Galiza nos últimos 50 anos

1979	1994	1995	1996	1997
Febreiro (4,2)	Marzo (4,2)	Marzo (4,2)		Maio (5,1 e outros sete de máis de 4)
		Novembro (4,6)	Outubro (4,1)	
Decembro (4,2)		Decembro (4,6)		

Todos teñen epicentro na zona de Sárria e Becerreá, agás o de Marzo de 1995 (Norte Estaca de Bares-Lugo) e Marzo de 1994 (Mondoñedo)
Entre paréntese a magnitude acadada na escala Richter

Dados do Instituto Xeográfico Nacional



a) Nivel de auga e rexisto sísmico no encoro de Nurek, segundo a investigación de Simpson e Negmatullaen (1981).

b) Traballo realizado por Roeloffs (1988) para estudar o nivel do lago Mead, represado por un encoro, e a incidéncia sísmica. No encoro de Nurek rexistáronse terremotos de magnitude 1,5 a 10 quilómetros do embalse.

c) Relación entre nivel de sete encoros e sismos producidos na área, segundo Simpson (1986), con expresión da magnitude dos sismos en cada caso.

Terremotos á medida

Un depósito para soterrar fluidos usados en rochas cristalinas pre-cámbricas das Montañas Rochosas, en Denver (Estado de Colorado) comezou a producir sismos a pouco de receber as primeiras descargas, en 1962. A estreita relación entre os terremotos e a inxección de fluidos permeteu construir un gráfico no que se pode seguer o a resposta sísmica á presión do depósito. O Servizo Xeolóxico norteamericano estableceu gráficamente a correlación dos terremotos coa carga do depósito ainda que o selado do pozo en 1965 non determinou o remate dos terremotos, o que anuncia en todo caso unha relación complexa entre os dous feitos.

A partir destes dados, J.H.Healy formulou un modelo teórico no que a lonxitude das fracturas preexistentes nas rochas pre-cámbricas está determidada por pontos duros e a resisténcia represéntase por un coeficiente de coesión. Cando aumenta a carga do depósito dase un aumento de presión lateral até que a presión média sob a falla baixe ou atinxa outro ponto duro de maior resisténcia.♦

Os gráficos permiten relacionar o volume de fluidos inxectados nun pozo das Montañas Rochosas e o número de terremotos rexistrados nunha área de 35 quilómetros.



Correlación entre carga do depósito e ocorréncia de sismos.



A solución marcial de Fraga contra os terremotos

A investigación sobre os encoros como axentes de terremotos ten unha extensísima bibliografia en vários idiomas pero é case inexistente en español, por moito que o Estado seña unha das poténcias hidroeléctricas do mundo, á conta das concas da Galiza en grande parte.

Despois de tremer a terra por enésima vez desde 1965 e agora con violéncia renovada no triángulo de Sárria, Becerreá, Triacastela, o Instituto Xeográfico anuncia que vai mudar a calificación de risco sísmico do pais, pero non explica por que será no futuro perigoso o que antes estaba rexistrado como seguro. Nun razoamente tautolóxico, tanto o Instituto como a consellaria da Presidéncia da Xunta, declaran que medra o risco porque a terra móvese máis e asi aforra introducir nengunha nova variábel no cadro da patoloxia sísmica. Máis treme a terra porque a terra treme máis.

A observación de que ao pé do triángulo hai un encoro de case 44 quilómetros de cola que inclue o mar interior de Portomarin, xunto da relación causal comprobada entre 200 encoros de todo o mundo e os terremotos rexistrados nun rádio de 35 quilómetros das centrais, non lle merece consideración ás institucion especializadas. Con todo, existe un protocolo científico, de xa extensa aplicación, con desenvolvemento matemático, no que dados os valores de determinados parámetros pode establecerse a probabilidade de que un encoro sexa factor causal de sismos.

A aplicación deste modelo permitiria aclarar se os encoros inerveñen na xénese dos movementos de terra e de, ser asi, remediar o dano actuando preventivamente sobre o control de carga dos embalses, ainda que esta solución obrigase ás compañias eléctricas a moderar o seu proveito.

O governo de Fraga apuntase con marcialidade ao que chama *restitución da normalidade* e actua contra os terremotos coma Diz Guedes contra as manifestacións da mocidade; non entra na análise das causas, e aplaude unha calificación de risco que terá, entre outras consecuéncias, un efecto encarecedor ou disuasório sobre os investimentos na área do pais que ten a economia máis pobre e a povoación máis avellentada.♦

A NOSA TERRA

O medo acrecéntase co abandono e pon en marcha a imaxinación popular

O pior de todo é o desamparo

A. EIRÉ

Despois de tres anos de tremores, os viciños xa son quen de afinar a intensidade das sacudidas superando en precisión aos técnicos e aos aparatos. Saben cales poden ser as consecuéncias, máis ou menos, pero non poden convivir coa incertidume de que, se necesitan algo, non vai haber quen os axude. Procuran explicacións e, sobre todo, ollar que alguén se preocupa por eles. No triángulo da *movida galega* a xente xa non ten tanto medo como a percepción de desamparo.

Xosé Armada recibiu un requerimento no vez de axuda. Reportaxe gráfica: A. IGLESIAS

Ten 87 anos, a metade da casa que fora de seu pai caida e a muller na cama, mal do fígado. "Vostede, secadra, poderá dicirme o que teño que facer", pergúntalle ao xornalista. Xosé Armada, de Quintás de Piñeira, concello de Baralla, está visibelmente desacougado. "Non é tanto o medo, eu xa pasei por moitas e vou moi vello. Además, segundo é o ruido, xa sabes a intensidade", comenta. A Xosé o que o trae desazonado hai dous dias é a visita duns do concello que "apareceron por aqui, viron a casa médio derrubada e o único que me dixeron foi que tiña que amañala, que era un perigo e que o responsábel do que pase son eu. Como podo amañala eu, aos meus anos e coa muller asi, na cama. A vostede que lle parece"?, láiase perguntando.

Os seus viciños, que case non dan pasado coas suas vacas pola calella, comentan que "eses do concello foron os únicos que apareceron por aqui e, para o que fixeron, mellor fora que non viñeran". En Quintás case todas as casas teñen fendas, pero ninguén trata ainda de arranxalas. Prefiren agardar a que "saian dunha vez todas as forzas de dentro, pero, claro, mellor é que vaian saíndo pouco a pouco, van facer moito menos dano".

En Guilfrei os viciños alédanse cando chegamos. "Menos mal que alguén se acorda de nós. Moito Sárria, Triacastela, Baralla..., pero de nós ninguén fala e aqui, no monte Albela, é onde está o epicentro". Decímoslle que somos xornalistas. "Pois é igual, polo menos vostedes saben que existimos". E comezan coas suas explicacións. Como o bruído comeza nas entranas do Albela, "que está cheo de covas", e como despois "ese berro desgarrador vai inundando todo, cara o rio Oribio. Segundo é o bruído, así é o tremor que ven aterrecido e vaise de vagariño". Ao despedirnos pídennos que "polo menos poñan que aqui estamos no epicentro a ver se alguén se acorda de nós".

Na vila de Baralla, Xúlia Fernández, emigrante retornada de Barcelona, quer denunciar que "por aqui non pasou nengun técnico, nen do concello, nen da Xunta, nen de Madrid, nen de nada". O seu edificio ten fendas por todos os lados, ainda que é "novo, de construción recente e con bons materiais". Posibelmente sexa a construción máis alta da vila polo que "abaneaba na cima máis de médio metro no segundo tremor", comenta Xúlia.

Aprender a sobrevivir

"Fumos aprendendo a sobrevivir", afirma un grupo de viciños reunidos xunto á porta do tem-

En Baralla tiveron que apontoar várias casas.

plo de Triacastela. Saben todo o que traen os manuais de sinistres "A experiéncia é moita, un vai aprendendo á forza, como pasa coas tronadas. Pero afacer non te afás", rexóubanse cando lles pergunto onde conseguiron tanta sabiéncia. "Algun até fixo un cursiño da Xunta", comenta outro con moita retranca.

A moitos dos viciños cos que falamos o que máis os preocupa non é tanto que poidan cair as casas, "porque se hai que morrer, pois terá que ser de algo e non será a cousa para tanto", afirma o Xosé González en Sárria, senón que poidan desaparecer os manantios e enxoitar os pozos. En moitos das aldeas da comarca non hai traidas e abastécense de pozos. Despois dos térbelle-térbelle, van ver se "marchou a auga". Cando pega un tremor forte, a auga alódase e xa saben que é millor non bebela.

Na ribeira de Chantada o que máis os preocupa é o viño. "Estes terremotos poden atoldar totalmente o viño. Non é xa que lle afecte o ruido, que lle afecta e moito, senón que se poden mover os bocois e as pipas e, mesmo, estalarlle os arcos", afirma o António de Meixide.

Se non se atoldou o viño non hai perigo. "Se aguanta o viño, que pode perder a cara cun foguete de palenque, tamén aguantan as casas", din en San Fiz. Outros teñen un aparato particular para medir. "Eu, cando empeza o baile, levantome á fiestra e ollo para o hórreo do señor Xesús, aquel que ves ali escangallado. Se vexo que o hórreo non cae é que non pasa nada", afirma o Vicente de Pena. A maioria dos viciños rinse das medicións que fixeron os técnicos. "Dician que este terremoto era coma o de hai dous anos... Queren facernos parbos, coma se nos non non inteirásemos. Habia que traelos aqui e amarralos nunha cova do Albela", troulean en Guilfrei.

Os pescadores este ano din que as troitas e os peixes non pican. Afirman que é cousa dos tremores e de que "a auga ven rara". Vários gandeiros comentan que máis dunha vaca ten abortado pola redonda cos tremores doutros anos, "pero onte saiu o veterinário na televisión decindo que aos animais non lles afectaba. Que saberá el o que sinten as vacas?! Asústanse ainda máis ca nós, as pobres", sosteñen uns viciños de Betote. Tamén se perguntan quen vai pagar eses danos.

O que non é oficial, non existe

Ainda non hai avaliacións oficiais dos danos. O concello das Nogais foi o primeiro en repartir uns impresos para facer reclamacións. As aseguradoras privadas tamén se puxeron en marcha. Desde 1994 realizaran múltiples pólizas asegurando as propiedades nun "multiriscos". Antes, as poucas casas que tiñan seguros suscribíanos unicamente contra incéndios, que era ao único que lle temian. "Este ano os dos seguros xa non andan tan afoutes, agora teñen que pagar. Con tanto tremor semella que xa non lles é tanto o negócio. Nestes dous anos venderon máis seguros que en toda a vida", aseguran perto da praza de Triacastela. En 1994 as compañias tiveron que facerlle fronte a 300 sinistros producidos polos terremotos. Agora calculan que serán, polo menos, seis veces máis, segundo dados das aseguradoras.

A Xunta tampouco ten unhas avaliacións oficiais dos danos. Os viciños da zona repiten unha e outra vez que "aqui non veu ninguén interesarse por nós. Estamos desamparados. Válenos que ainda non pasou nada, que se chega a pasar morríamos á miñoca". Outros viron "uns homes con monos de repartidores de butano que andan en *landrover* a todo meter polas pistas espantando ás vacas". Saben tamén que "seica plantaron unhas tendas nalgun lado na que teñen nelas uns aparatos".

Segundo Xosé Francisco Alonso Picón, subdirector xeral de protección civil de Galiza, na noite dos terremotos o Plano Territorial de Emerxéncia de Sismos funcionou "á perfeción". Tanto que "como Galiza non está na zona de risco importante de sismos non hai un plano específico". A medida máis urxente que realizaron foi chamar á Confederación Hidrográfica e perguntar se había algunha novidade no salto de Belesar. Non a habia, tranquilos. A teoria afirma que na Galiza non hai terremotos. Vai a realidade contradicir á oficialidade? Evidentemente que non e, se fai falla, Fraga non poñerá remédio pero "loitará contra as forzas da natureza", como afirmou no seu mitin eleitoral. ♦

A. EIRÉ

A coeréncia de Anxo Guerreiro e o pacto co BNG

Anxo Guerreiro viña clamando desde o seu deserto eleitoral na procura dun oasis político que impedise a sua seca definitiva. Os intentos de acobillarse xunto a outras formacións non foron escoitados ou remataron queimándolle a pouca seiva de votos que o sustentaban no panorama partidário.

O acordo acadado entre o PSOE e EU-EG, pésie a estar en clave estatal, non só é froitífero para Anxo Guerreiro, senón que é coerente coa sua traxectória política. A plasmación dese pacto no programa eleitoral non vai resultar problemática pois non existen diféréncias políticas apreciábeis entre EU e o PSdG, a non ser as tácticas. Será neste ponto onde Anxo Guerreiro vai ter que pasar o tribunal cívico. Despois de defender nos últimos anos un acordo a tres bandas, PSOE-BNG-UG, vai abdicar deste postulado? Ao integrarse, na prática, no PSOE e simplificar deste xeito de vez o mapa político, haberá quen non entenda as suas motivacións se abraza sen reservas a estratéxia personal de Francisco Vázquez.

Se é asi, vaille ser difícil rexeitar as acusacións de pesebrismo político que lle fan os seus compañeiros. ♦

Rato descalificou con acedume aos socialistas e deu o seu apoio a Fraga. A. PANARO

Cuiña resalta a Cacharro e califica de ataques as denúncias da sua xestión

Fraga enfrentarase aos terremotos, se é necesário, para gañar as eleicións

P.C.

As autovias, os teléfonos do rural, os polideportivos, a sanidade e a reforma realizada na administración serán os argumentos sobre os que baseará o PP a campaña eleitoral para procurar a renovación da sua maioria absoluta nas próximas eleicións. O medo a perder o governo planeou durante as duas horas que durou o Congreso e o próprio Cuiña chamou á conciliación nas filas *populares* restando importáncia ás críticas feitas á xestión de Cacharro Pardo. Coa preséncia de Rodrigo Rato no comezo da precampaña o PP de Madrid da todo o seu apoio, no proceso eleitoral, ao PPdG para validar a sua xestión.

A convención do PPG do PPdG, celebrado o pasado sábado 24 de Maio marcou o comezo dunha precampaña que se anúncia dura segundo Rodrigo Rato. Os éxitos do governo central e os acadados nos anos que leva o PP no governo galego serán as principais bazas para revalidarse no poder. Éxitos que Manuel Fraga Iribarne resumiu no maior autogoverno, na licitación dos cinco tramos de Pedrafita, nos 109.000 teléfonos rurais instalados, nos polideportivos e na reforma da administración.

Xosé Cuiña destacou a importáncia que ten para o PP manter a unión de cara ás próximas eleicións. Por iso, dirixíuse aos asistentes para lembrar a importáncia de Paco Cacharro, unha das persoas máis importantes do partido, grácias ao que conseguimos os mellores resultados de España en Lugo.

Para xustificar as críticas que recairon sobre o presidente da Deputación lucense, Cuiña lembrou que estivo a sufrir ataques e advertiu que no PP unhas veces serán uns e outras veces outros aos que se submeta a desgaste, pero non imos permitir que nos erosionen.

O conselleiro de Política Territorial tamén advertiu da posibilidade de que se saque a relucir o pasado de Don Manuel, polo que lembrou aos seus correlixionários que é o máis limpo que pode ter un político na Galiza e en España. Para remarcar o seu chamamento á unidade, Cuiña indicou que nós vimos da tradición cristiá e familiar porque somos os fillos que sabemos que temos que axudar até o final ao seu pai.

Pésie reprobar que algúns, por falta de discurso político están caindo na descalificación, Cuiña non esqueceu criticar ao PSdG, do que dixo que carece de todo proxecto e que só seria capaz de governar para A Coruña, nen ao BNG porque só ten como obxectivo desprazar ao PP e no seu programa copiaron moitas das cousas que fixemos porque saben que é o máis sério para Galiza.

Visita dos doberman

Outra das bazas do PPdG para defender a sua permanéncia no governo galego é a política económica e social de Aznar, o novo modelo de financiamento, a crispación política que provocou o PSOE na política estatal e o apoio dos *populares* de Madrid. A importáncia deste amparo plasmóuse coa asisténcia de Rodrigo Rato á convención, pésie a que o dia anterior nacera o seu terceiro fillo e ainda non o coñecia.

O vicepresidente do governo destacou a inutilidade dun governo tripartito para Galiza porque se veria obrigado a facer un reparto de postos e porque a sua política dependeria dos designios de Madrid. Rato perguntouse quen governaria realmente, o candidato do PSOE, Felipe González ou Beiras, ainda que non estea na presidéncia e resaltou os proxectos concretos de colaboración entre o governo central e a Xunta.

O representante do governo Aznar sinalou que o PP de España xógase moito con estas eleicións e advertiu que van vir todos os dobermans do PSOE non a morder senón a cuspir. Das críticas de Rato aos socialistas tírase a sua intención de centrar o debate eleitoral entre duas forzas, o PSdG e o PPdG.

Pola sua banda, o actual Presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, limitouse a facer un reconto da sua xestión, resumida en 26 libros brancos, nos que ademais se recollen as liñas de actuación futura. Alabou aos galegos por ser un povo sério e traballador e fixo especial mención dos amigos da Arxentina e Uruguay, deixando entrever a importáncia que terán os votos da emigración.

Durante a sua intervención criticou ao alcalde de Bens, á CIG, á falta de proxectos do socialcomunismo e do nacionalismo bloqueiro porque non teñen libros brancos e aos que andan por aí prometendo perdoar as multas de tráfico, ainda que el mesmo dixo que se fai falta loitaremos contra da mesma natureza, retomando as palabras de Bolívar diante das forzas telúricas, coa voz crebada e visibelmente emocionado.

O primeiro acto oficial da precampaña do PP serviu para facer un chamamento á unión dos líderes locais asistentes, como toque de atención para dobrar esforzos de cara a unha campaña que se apresenta difícil e como acto de reafirmación do candidato á presidéncia, Manuel Fraga Iribarne, diante dun público que aplaudia con entusiasmo para impedir que se notara que o presidente estaba por romper a chorar.♦

Alcaldes do PP contra os investimentos da Deputación da Coruña

Os alcaldes *populares* de Carballo, Laracha, Ribeira e Ferrol pediron a retirada do Plano 2000 de investimentos de cartos por parte da Deputación, que governa o PP. O alcaldes afectados solicitaron, na comisión na que se estudaban os investimentos, outra política na contratación das obras nas casas dos concellos, xa que o Plano asume esta responsabilidade cando os alcaldes entenden que deberia ser deles. A oposición tampouco está conforme co Plano 2000, pero ao non poder entrar a debatilo, PSOE e BNG decidiron abandonar a comisión. Finalmente Augusto César Lendoiro conqueriu que o seu grupo pechase filas e aprobou o plano, que o Venres 30 de Maio vai a pleno para a sua aprobación.♦

Augusto César Lendoiro.

O Congreso debate a denominación oficial da Coruña e Ourense

O vindeiro 3 de Xuño o Congreso dos Deputados debatirá a proposición de lei para que as províncias de A Coruña e Ourense pasen a ter como denominación oficial o topónimo galego. Esta proposición partiu do Parlamento galego, a iniciativa do BNG, que xa aprobara por unanimidade esta iniciativa, na que se tiña en conta a contradicción entre a denominación das capitais de província e a própria província ademais dos fundamentos históricos dos topónimos correctos.♦

Medtec contrata a través dunha empresa de traballo temporal

O servizo das ambuláncias medicalizadas do 061, instaladas en Santiago e Vigo, está utilizando para a contratación de persoal unha empresa de traballo temporal, segundo denúncia a CIG, que critica a privatización do servizo de emerxéncias médicas, detras do cal está a sociedade anónima Medtec. A central nacionalista indica que non se aproveitou a experiéncia acumulada en emerxéncias médicas para ampliar este servizo público e que se saltan as garantias en matéria de persoal mália que existen profesionais formados nesta especialidade. "O dia 18 de Maio saiu un anúncio en dous meios de comunicación solicitando médicos e ATS para o 061, co anagrama da Xunta, da consellaria, do Sergas e finalmente do Medtec. Deciase que os curriculums debianse remitir a unha empresa de traballo temporal de Vigo previo pago das tasas correspondentes, para iso utilizaban a Lei de Presupostos da Xunta, a unha conta bancária, sen especificar a que entidade correspondia e quen era o seu titular".♦

O presidente da Xunta con Eduardo Duhalde. A. PANARO

Mobilización contra o agasallo a un político arxentino acusado de corrupto

A Asociación Nais da Praza de Maio e várias organizacións políticas galegas distribuiron información en Compostela con ocasión dun agasallo ao político arxentino Eduardo Duhalde. O pasado Venres 23 de Abril, o presidente da Xunta, Manuel Fraga reuniuse con Eduardo Dulhalte, governador da Província de Buenos Aires, para irmanar Galiza con aquel território. "Duhalde dirixe un corpo de policia denunciado como o máis corrupto do mundo, dedicado a administrar o tráfico de drogas e extorsionar á povoación. Ademais da policia, Duhalde dirixe enormes bandas armadas que saquean, matan, violan e rouban con total impugnidade para benefício exclusivo deste governador e a sua familia", indica unha nota asinada pola presidenta da Asociación Nais da Praza de Maio, Hebe Bonafini. Mentres en San Caetano Fraga e Duhalde permanecian reunidos, no exterior do edifício un grupo de persoas protestaban pola distinción dada ao governador de Buenos Aires.♦

OPINIÓN

A REFORMA LABORAL SUPÓN UNHA MODIFICACIÓN DE PROFUNDO CALADO NO MARCO DE RELACIÓNS LABORAIS DO ESTADO CONDENSANDO PRINCÍPIOS QUE A ERIXEN NUNHA INICIATIVA DE INDUBIDÁBEL ALCANCE SÓCIO-POLÍTICO. A CONTINUACIÓN ANALÍSANSE ALGUNHAS DAS SUAS CLAVES.

CLAVES POLITICAS DA REFORMA LABORAL

XOSÉ M. IGLESIAS

A Reforma nace como froito da vinculación político-económica do estado español coa C.E. A integración na Unión Monetária exixe condicións de entrada e saida do mercado laboral máis flexíbeis (unha das razóns polas que o PSOE bendeciu o pacto).

Debido á descentralización política prevista, —a finais do presente ano ceden-se competéncias á maioria das autonomias de via lenta a un nível similar ás das outras sete CCAA— os axentes sociais e o Estado ven en perigo a unidade do mercado laboral e temen que se poda fracturar a armonia creada polo modelo sindical imposto na Constitución. Cada dia máis as cúpulas sindicais son as encargadas de negociar saidas aos conflitos cotiáns dos traballadores. Compre recordar a reconversión industrial en xeral en conflitos da siderúrxia en Astúrias, construción naval, mineria... Por outra parte estes intereses coinciden cos do PP, ao intentar por via indirecta que o estado das autonomias non vaia máis aló dunha mera descentralización administrativa (modelo dos *landers* alemáns reiteradamente reivindicado por Fraga).

O acordo revela un centralismo a ultranza en toda a sua extensión que comporta a subordinación total dos distintos ámbitos de negociación ao sectorial estatal. É así que o pacto contempla obrigacións exixíbeis reciprocamente entre patronais e "sindicato" asinante polo que incluso a CEGA vai ter pouca marxe de manobra.

A disposición adicional do Acordo Interconfederal sobre Negociación Colectiva (AINC), xunto coa pretensión de excluir ás organizacións sindicais nacionalistas dos distintos foros de negociación do estado poden constituir, senón o remediamos, o colofón desta "reforma".

Ao estabelecer a negociación colectiva de ámbito estatal na maioria dos sectores, —salvo ensino privado, construción naval e algún outro— eliminan a toda unha série de representantes dos traballadores (sindicatos de empresa ou con implantación territorial) que lles resultan cada vez máis incómodos para efectivizar un modelo de negociación burocratizada e alonxada cada vez máis dos traballadores.

Os comportamentos do "sindicalismo oficial", cada vez máis entregado ao poder, provocan o nacimento de outras alternativas. Xa non é só o problema de sindicatos sectoriais que se foron fraguando ao longo da transición política, senón que nas distintas nacións e rexións do estado proliferan organizacións con vontade de erixir-se en alternativa real ao "sindicalismo do sistema": Euskadi, Galiza, Canárias, Catalunya, Pais Valenciá, Illes, Andalucia...

Outro tanto do mesmo se pretende co novo Estatuto Básico da Función Pública onde tamén se fan de novo concesións sobre as condicións laborais a cámbio da centralización da negociación en Mesas Xerais da Función Pública, deixando as sectoriais a decisión das anteriores e eliminando tamén aquí a algúns dos sindicatos molestos...

❑ O acordo só contempla pequenos retoques que empeoran a Reforma do 94, pero polo demais confirma-a e sanciona-a. Así, dos 46 artigos do F.T. e dos 17 da Lei de Procedimento Laboral que foron modificados pola reforma do 94, tan só se modifican coa Reforma acordada 6. Manten-se todo o referido á mobilidade xeográfica e funcional, negociación, despidos colectivos, colocación, tempo de traballo ou ordenación do salário. Os cámbios máis importantes, salvando a supresión do contrato de lanzamento por nova actividade e certos detalles menores nos de prácticas e nos de obra e servizo, son os que contempla o novo contrato para a formación, que ven á sustituir ao de aprendizaxe que, salvo modestas modificacións, (traballadores de entre 16 e 21 anos, anteriormente era entre 16 e 25, 85% do salário mínimo interprofesional, prestación por incapacidade temporal, duración de 2 anos) manten as prerrogativas do anterior do 94.

❑ A forte continxéncia de contratación temporal, —nos últimos 3 anos só se formalizaron un 4% de contratos indefinidos— que supón un 34% fronte a un 11,4% de média en Europa, comporta unha perda de poder real das organizacións sindicais na medida en que os traballadores eventuais apenas se afilian por razóns evidentes. A aposta de CCOO e UGT cifra-se en reducir a taxa de contratación temporal ainda convencidos da imposibilidade de situala en límites próximos á média europea para asi intentar incrementar a sua afiliación, o seu poder sindical e, como consecuéncia, a sua "capacidade de negociación".

> "O movimento sindical pasou en poucos anos de ser considerado a única oposición ao sistema (folga xeral do 14-D) a estar baixo sospeita por colaboracionista"

❑ A competéncia atribuida ao empresário de entregar un certificado no que conste non só a duración da formación teórica senón tamén "o nível da formación práctica adquirida" constitue un exceso inxustificado e unha medida máis destinada a privatizar a F.P. reglada. Só queda pendiente desempolvar e dar-lle vida ao proxecto de decreto do PSOE, a través do que se pretende homologar as titulacións de ocupacional e continua coas de F.P. reglada.

A AGRESIÓN MÁIS DURA. A modificación do xa tristemente art. 52/c) do F.T. constitue a agresión máis dura á estabilidade laboral dos últimos anos. No futuro os critérios para enxuiciar o despido poderán ser de "oportunidade", de "conveniéncia" ou, quen sabe, se de mero "capricho do empresário". A nova redacción do artigo dos despidos (agora corresponde ao terceiro do Real Decreto-Lei 8/1997 de 16 de Maio titulando-se con toda delicadeza "extinción do contrato de traballo"), non esixe que as empresas afectadas proben a sua situación de crise económica, nen que podan garantir a viabilidade futura, senón que bastan como referéncias negativas a sua posición competitiva no mercado ou as esixéncias da demanda.

Por outra parte, a suposta proibición nos contratos para o fomento da contratación indefinida, —estrela desta reforma laboral e destinados a traballadores entre 18 e 29 anos, parados que leven un ano inscritos como demandantes de emprego, maiores de 45 anos, minusválidos e traballadores con contrato temporal— de ser utilizados para cubrir postos que quedaran vacantes durante os 12 meses anteriores por despidos calificados como improcedentes, ou por despidos colectivos, queda en auga de castañas dado que se limita á cobertura de postos de traballo da mesma categoria ou grupo profesional que o dos despedidos e para o mesmo centro de traballo. Como consecuéncia, aos empresários sera-lles suficiente adscribir ao novo traballador a outro centro ou recoñecer-lle unha categoria ou grupo distinto ao que tiña fixado para sortear este obstáculo sen dificultade...

Esté tipo de contratos deixa fora, ademais, aos traballadores non minusválidos, entre 30 e 45 anos, parados durante menos dun ano. Estes traballadores poderán ser discriminados en favor de outros de menos de 29 anos ou máis de 45; poderán ver-se condeados a ter que agárdar até completar un ano no paro ou, incluso, ver-se condeados a contratos temporais, —plantexando-se-lle o mesmo problema cando lles remate o contrato— se as empresas non están dispostas a integra-los a través dun *contrato indefinido* (dos de liquidación a razón de 45 dias/ano de servizo/por despido improcedente).

A SS.SS. parece a máis beneficiada sempre que se amplie a base de traballadores/as fixos xa que estes aportan fondos directamente ao sistema de pensións con custes a longo prazo debido a que as xubilacións estarian de princípio lonxe. Por outra parte, poderia ver incrementados os seus ingresos si se elevasen as cotizacións dos contratos temporais formativos e en prácticas.

❑ Manteñen-se as tres modalidades de contratación que concentraban até agora a maioria da precariedade sen garantias reais de que cara o futuro non sexan empregadas: *eventual por necesidades do mercado* 33% (non se estabelecen as porcentaxes máximas de eventuais en relación co volumen da plantilla), *obra e servizo* 29% (básico na contratación fraudulenta posto que non se recolle a necesidade de identificar de forma concreta a obra ou servizo, nen a sua duración, nen as tarefas que poden cubrir-se con esta modalidade) e *tempo parcial* 19% (encarece-se algo ao incrementar-se as cotizacións en beneficio das coberturas sociais). Polo tanto á patronal sempre lle queda a posibilidade de acudir a este tipo de contratos (despido gratuito) na medida en que os fixos son máis caros, tanto polo custo salarial como pola cotización á SS.SS.

❑ O acordo só reflexa meras declaracións de intencións dos asinantes referidas a "estudar todo o relacionado coa xestión do tempo de traballo, a duración e a redistribución da xornada" asi como a solicitar do governo a apertura dun proceso de consultas para abordar o tratamento das horas extraordinárias.

Como conclusión hai que dicer que o movimento sindical pasou en poucos anos de ser considerado a única oposición ao sistema (folga xeral do 14-D) a estar baixo sospeita por colaboracionista. A "venda pública" do aumento previsto na contratación indefinida, debido ao tapón xenerado de contratos que estaban á cola agardando o final das negociacións, así como o posibel estancamento da precariedade, —esta-se no límite do tolerábel posto que dificilmente se pode continuar a desregulación do mercado laboral pola via de incrementar a temporalidade— sustituirá á falácia que actualmente segue pregoando as excelléncias do pacto.

Entre tanto a patronal advirte que a flexibilización do mercado laboral ainda non rematou: seguirá con cámbios sobre a SS.SS., cobertura por desemprego e reorganización do tempo de traballo. Algúns sectores do empresariado catalana piden un abaratamento maior do despido e a eliminación da tutela xudicial... Agora ben, cada vez son mais os que pensan que os actuais dirixentes do sindicato CCOO-UGT constituen aquí e agora o maior enemigo dos/as traballadores/as e do nacionalismo. Este é o único avance.

Xosé Manuel Iglésias é Secretário Nacional

Leandro



A dirección socialista madrileña insiste na necesidade dun pacto cos nacionalistas

Discrepáncias internas en EU-EG tras o acordo co PSdeG-PSOE

M.V.

Cincuenta e nove dos sesenta e cinco membros do Consello Nacional de EU-EG apoiaron o pasado 24 de Maio a postura de concurrir aos próximos comícios autonómicos en coalición co PSdeG-PSOE. Esta clara maioria non se traslada por igual ás bases, dado que na última semana agromaron conflitos internos en diferentes localidades.



Anxo Guerreiro, Coordenador de EU-EG e Manuel Peña Rei, Secretário do PCG.

O apoio da maioria da dirección á postura presentada por Ánxel Guerreiro non foi seguida sen embargo por figuras tan significadas dentro desta forza política como Manuel Peña Rei, secretária xeral do PCG, Carlos Dafonte, lider de EU en Lugo, en cuxa capital conta con catro concelleiros, a máxima representación desta forza política nunha cidade galega ou Xesús Alonso Montero, militante histórico e un dos principais intelectuais da organización.

Carlos Dafonte sinalou que este pacto foi pensado en Madrid "por Felipe González, Antonio Gutiérrez —o secretário xeral de CCOO— e Diego López Garrido, lider da corrente de IU denominada *Nueva Izquierda*". Dafonte engadiu que o acordo obedecia exclusivamente a intereses estatais. Peña Rei, pola sua parte, mostrouse contrário ao acordo, pero pediulle a Anguita que o respeitase. Alonso Montero, membro até agora do Consello Nacional, referiuse tamén con palabras críticas á decisión tomada por Guerreiro e o resto da dirección, sinalando que o acordo só beneficiaba aos seus autores. Montero calificou en concreto o pacto de Guerreiro como *pro domu sua*, seguindo a obra de Ciceron, que se poderia traducir por *defender o seu.*

Xosé Manuel Pazos, que aspira a ocupar a terceira praza da coalición pola provincia de Pontevedra, tamén se encontrou con dificultades cando quixo sacar adiante o acordo en Cangas. Os opositores derrotárono por catorce votos contra sete. Noutras localidades, como Viveiro, a división nas bases de EU-EG e notória. En contrapartida, a dirección de CCOO apoiou por unanimidade o acordo.

Definirse a respeito do BNG

EU-EG terá que definir agora cal é a sua postura no seo da coalición, o que non resultara doado nos casos nos que existen discrepáncias anteriores co PSOE. Un deles é o posíbel acordo pos-eleitoral cos nacionalistas. Guerreiro manifestárase até agora favorábel, pero ainda non tomou posición, desde a sinatura do acordo de coalición con Francisco Vázquez e Abel Caballero. Xosé Manuel Pazos mostrouse, en cámbio, xa proclive ao mesmo, tomando como exemplo a bisbarra do Morrazo, onde governan coalicións que arrebataron alcaldias ao PP. Pazos sinalou que este modelo pode obrigar aos *populares* a recuar moito máis.

En Madrid, o ex-ministro Joaquín Almunia pronunciouse a favor do pacto cos nacionalistas, como antes xa fixera o secretário de organización do PSOE Cipriá Ciscar. Na sé central socialista téñense moi en conta os últimos inquéritos que anuncian a posibilidade de que o BNG lograse grupo parlamentar no Congreso, de celebrarse agora eleicións xerais. Vázquez e Caballero manteñen a sua postura contrária a calquer acordo poseleitoral co BNG, por máis que de *rexeitalo* pasasen a *non contemplalo*. Esta moderación verbal parece máis forzada polas circunstáncias que polos seus desexos. Hai que ter en conta que Vázquez era mesmo contrário ao acordo con Guerreiro e só cedeu ao mesmo por presións desde Madrid, a cámbio dun posto na executiva.

Pero non só o partido presiona ao candidato e a actual dirección galega dos socialistas. Vários méios de comunicación proclives teñen feito notar na última semana a necesidade de que os socialistas non se cerren a acordos co BNG, toda vez que non existe posibilidade real algunha de que governen en solitário. Se o PSOE necesita asestar un golpe a Aznar nun território tradicional do PP, como é Galiza, meios económicos e de comunicación galegos consideran que o PP xa non ten moito máis que aportar, despois de oito anos continuados de Manuel Fraga á frente da Xunta. Os mesmos meios critican ao PSdeG-PSOE a sua táctica de achegarse aos comunistas, con pouco peso eleitoral en Galiza, deixando valeiro ou en mans do BNG o espácio moderado, o máis apropriado para disputarlle ao PP.

O candidato do BNG, Xosé Manuel Beiras, reuniuse, pola sua parte, en Bilbao con Arzallus e cun representante de CiU para tratar a posíbel coordenación das tres forzas nacionalistas no marco europeo, ainda recoñecendo as diferéncias que separan aos tres grupos. Beiras que celebrou masivas conferéncias en Lugo e Ferrol, con preséncia de sectores sociais tradicionalmente alleos ao nacionalismo, pediulle aos empresários galegos afectados por Maastricht que apoien ao BNG.

Campaña contra a selectividade

O Mércores 28 de Maio os Comités Abertos de Faculdade e Comités Abertos de Estudantes comezaron unha campaña contra a selectividade que se vai desenvolver en todo o país. A alternativa estudiantil consiste na derogación das probas de aceso aos estudos superiores, maiores investimentos de cara a eliminar a masificación e tamén as restricións do aceso á universidade e unha planificación de titulacións axeitada ás necesidades da Galiza. A campaña, ademais de consistir na difusión de información, conta coa edición de cartaces e autocolantes, que serán distribuidos entre a povoación dos ensinos meio e superior.♦

Mobilización pola Liberdade de Expresión en Vigo

As dificuldades dos colectivos políticos, sociais e culturais vigueses para expresarse através da pegada de cartaces en paredes abandonadas ven dada por unha ordenanza municipal que a proibe e pola contínua prática do concello de retirar a cartelería agás de moi poucos lugares. Este feito ás veces está acompañado coa ameaza de sancións. Por estas razóns, a Plataforma pola Liberdade de Expresión o Xoves 22 e Venres 23 de Maio realizou unha pegada masiva polas ruas da cidade, colocando cartaces das organizacións integrantes da Plataforma máis outro que puña "Liberdade de expresión".♦

Aproban no Congreso o direito das labregas á Seguridade Social

A proposición non de lei referida ao remate dos atrancos para as mulleres labregas ao acceder á Seguridade Social foi primeiro aprobado no Parlamento de Galiza e agora no Congreso, a proposta do deputado do BNG, Guillerme Vazquez. Dese xeito e, polo menos nos papeis, a Administración debe recoñer o direito das labregas sen pretextos como que o seu cónxuxe xa estea dado de alta no Réxime de Seguridade Social. Na Galiza, tiveron que ser as senténcias xudiciais ás que deron á razón ás mulleres sinalando como unha lexislación neutra tiña efeitos "desproporcionadamente desfavorábeis para un grupo sexual".♦

San Caetano

XAN CARLOS ANSIA

O Santo

O único que pode retirar a Fraga da política é un Santo. Enrriba da vanceira do tálamo presidencial sitúase a figura sagrada que no caso de virse abaixo remataria coa carreira política do de Vilalba. Deste xeito o asegurou o próprio interesado: "Só se me cae o Santo que teño na cabeceira da cama teria que deixarlle paso ao meu sucesor". Don Manuel dixit.

O importante do asunto é adiviñar quen é o atleta do espíritu que ocupa tan preciado lugar. A que advocación responde, cales son as oracións necesárias para obter o seu favor e exvotos máis axeitados ao gusto da imaxe benefactora.

Entre o elenco dos posíbeis podemos descartar várias hipóteses de traballo. Non é unha muller porque se nomeu con xénero masculino. Librámonos asi de posibilidades con moita devoción popular pero con finais arrepiantes e dignos dun guión de Tarantino. Hai o caso de Santa Mariña de Augas Santas: corpo queimado nun forno, cabeza cortada a rebolos polas leiras e fuxida por un burato do diámetro dunha peseta. Segundo o declarado o rango do home excede da simple beatificación. Polo que se pode asegurar con certeza que non é o xitano Peré nen o beato monseñor Escrivá de Balaguer. Supérase asi a eventualidade de posíbeis connotacións de matiz político ou torticeiras acusacións de pertenza a sectas de carácter destrutivo.

Resta agora escoller entre o milleiro longo de varóns que en recoñecimento da sua fe, virtudes várias e servícios prestados chegaron a obter o máximo grao no escalafón da Igrexa Católica. O de apostólica e romana se lle supón vindo de quen ven a devoción.

Nesta columna deberia apostarse por San Caetano. Fundador da Orde dos Teatinos e que tiña como ideal a austeridade nas obras, o desprendimento e o ardor na evanxelización. Todo moi en consonáncia co perfil do fregués setentón. A razón xustifica inclinarse por algun outro indivíduo máis endurecido nos labores mundanos. San Agustin pode ser unha acertada decisión. De célebre elocuéncia, entregado á causa en corpo e alma, renunciou aos praceres da carne para dedicarse por completo ao adoutrinamento e á perfección filosófica. Como queira que os terremotos non entenden de teoloxia sempre poden botar unha man e facer as pregrárias máis doadas. Oremos pois.♦

Conclusión das xornadas *Entrepobos*

Nove de cada dez proxectos de produción para mulleres fracasan

A. ESTÉVEZ

Para as asistentes ás xornadas da ONG *Entrepobos* adicadas á muller e cooperación, celebradas en Vigo durante o mes de Maio, esta última palabra xa ten alguns significados concretos. As participantes falaron de proxectos reais de cooperación internacional e tamén descobriron a parte máis negativa deste tipo de vencellos. Irene Rodríguez e Violeta Delgado fixeron unha análise do papel feminino no desenvolvemento dos paises latinoamericanos no marco dunhas xornadas "que querian servir de reflexión sobre a capacidade de acción dos movimentos de mulleres".

A. IGLESIAS

Violeta Delgado, secretária da *Rede de Mulleres contra a Violéncia* en Nicarágua.

Irene Rodríguez é técnica en cooperación e desenvolvemento e amosou moito escepticismo e crítica cara aos proxectos desenvolvidos polas ONGs nomeadamente en Latinoamericana pero tamén en África. Salvou moi poucos, concretamente os desenvolvidos por organizacións suecas. "Os proxectos repítense anos tras ano sen cambiar o modelo mália que o fracaso tamén é constatado ano tras ano", comenta. Desde os anos 70, nos que na comunidade internacional constatou a necesidade de incorporar á muller no sistema de producción, os modelos de cooperación veñen fracasando, segunco conta a técnica. "Hai un millón de anécdotas que poderian dar risa se non fora pola gravedade do tema. A primeira eiva é que os proxectos nascen sen contar coa opinión das mulleres que van participar, non se lles consulta nen se están de acordo co produto a fabricar nen se lles vai ben o horário. O máis frecuente é a deserción dos proxectos", comenta Irene Rodríguez.

A experiéncia amosa que as participantes en proxectos de dsenvolvimento pertencen a un nivel económico intermédio. "Isto hai que transladalo ao contexto deses paises. Estamos falando de mulleres pobres en calquera caso: pero nas situacións máis extremas de pobreza, a muller non pode participar nos proxectos, non ten tempo xa que que ten que traballar para a sua casa e despois están as que xa teñen un traballo remunerado ás que non lles interesan estes programas", explica Irene Rodríguez que engade que os proxectos non teñen en conta sistemas de producción xa coñecidos polas mulleres. "Dáselles unha tarefa nova, máis mecanizada, que non as motiva e pola que teñen xeralmente problemas coa parella ou coa família. Rematan deixándoo", di Irene Rodríguez para reseñar que facer pasteis, mantelarias e artesania son os eixos destes proxectos. "En troques, en Brasil estes proxectos criaron unha rede de mulleres que traballan polo seu desenvolvimento persoal ao mesmo tempo que polo traballo", di.

> **M**edra a consciéncia feminista en Centroamérica, mália a presión política e económica

Ministérios de Família

Os proxectos de desenvolvimento de mulleres corren perigo en Nicaragua, tal como comentou outras das participantes, Violeta Delgado, secretaria da *Rede de Mulleres contra a Violéncia* no seu país. "A lei de control de ONGs do Governo de Alemán está pensada para afundir as pequenas e que sexan as tres ou catro grandes as que canalicen todos os proxectos. Co control do financiamento o que se pretende é un control total", explica Violeta Delgado, quen engade que Nicaragua vive un momento de cámbio social en canto á consideración das mulleres. A Lei contra a Violéncia, que cumprirá un ano en Agosto, é mostra diso mália o esforzo que custou levala adiante. "O tema da muller supera ás ideoloxias, incluso ás posturas máis progresistas. Por exemplo, ate esta nova lei existia a figura delictiva do adultério, pero só afectaba ás mulleres. Se o home tiña unha relación estábel e perto da casa familiar era amancebamento e era un delito menor. Se a relación extramatrimonial era fortuita non estaba castigada. Nós formulamos a necesidade de que o adulterio desaparecera e nengun dos congresistas homes estivo de acordo. Tivo que ser unha deputada a que propuxo adultério para todos nas mesmas condicións. Entón foi cando decidiron eliminalo. Non lles conviña xa que o adulterio era unha coartada para maos tratos", explica Violeta Delgado.

Ademais de reseñar a importáncia da cooperación internacional, xa que ONGs europeas están financiando centros de saude e de información alternativos, Violeta Delgado sinala que esa Lei contra a Violéncia é o resultado do traballo das *nicas*, as mulleres do seu país. A segunda parte é a máis difícil, que a lei non se quede no papel. As medidas de prevencións da violéncia nesta lei foron as que máis chamaron a atención ás asistentes ás xornadas. "A lei estabelece que se hai agresións, o home ten que pagar unha fianza, irse de casa ainda que a muller se arrepinta de telo denunciado e non achegarse nen a ela nen aos nenos", di.

O perigo de que todo isto se veña baixo está no proxecto do Governo de Arnoldo Alemán dun Ministério de Família que, segundo a secretária da *Rede de Mulleres contra a Violéncia*, vai ser "unha oficina de matrimónios". A constitución nicaragüana recoñece as unións de feito estábeis. "Non é que esteamos en contra do matrimónio pero ese Ministerio vai estabelecer que a família son un pai, unha nai e os fillos mentres que no 52,3% dos casos do noso país, a cabeza da família é a muller, non hai *papá*.♦

EN POLEIRO ALLEO

Sismos, placas e fallas

EL PROGRESO reproduce a opinión de Juan Rueda, xefe de servizo da *Rede Sísmica* do Estado en relación cos tremores do triángulo Becerreá, Sárria e Triacastela. "Desde a noite do dia 22 foron reproducíndose réplicas a cada menos frecuentes e de magnitude inferior e isto confirma o que dixeramos que pasaria ainda que, polo de hoxe, non podemos facer predicción". Rueda di que o sismo do 22 de Maio "non foi un terremoto grande e a área de Lugo onde aconteceu non está nos límites entre placas tectónicas e nela non son frecuentes eses fenómenos. Os terremotos intensos adoitan producirse nas áreas onde chocan as placas tectónicas, lugar no que se da unha maior acumulación de enerxia. O que pasou en Lugo é un fenómeno normal dentro do que na sismoloxia pode considerarse normalidade nun área coma esta que non ten perigosidade sismica". En LA VOZ DE GALICIA, os xeólogos Román Montesinos e Xabier Sanz escreben "Os tremores de terra teñen a sua orixe nos movimentos de rochas ao longo de planos de falla, palabra que emprega a Xeoloxia para denominar as fracturas ou crebas do terreo de rochas (...) O problema de enerxia que se vai acumulando nas discontinuidades da rocha e o cerne do asunto. Na Terra, as áreas xeográficas nas que existe unha meirande fonte de enerxia son as extremas das placas, pero no noso caso debemos tranquilizarnos pois non estamos en nengun deles". O mesmo diário cita a Martínez Solares, do *Instituto Geográfico Nacional* que incide que "a falla responsábel non está localizada, segundo os estudos realizados en 1995".♦

Concellos francos para a drogodependéncia

Lupe Ces escrebe no periódico bimestral GRALHA sobre as propostas de liberalización dos narcóticos. "Os Países Baixos seguirom desde os anos sessenta uma política heterodoxa consistente numa ampla tolerância para o consumo de drogas. No entanto, perseguirom o comércio e criarom programas assistenciais para toxicodependentes. Com o mesmo pragmatismo que no século XVII a converteu no centro dum activo mercado de livros proibidos, non apostou pela erradicaçom do mal, mas pela chamada *limitaçom de danos*. Esta política deu-lhe ao pais fama internacional como paraiso da droga. Os protestos deixárom-se ouvir e mesmo, nom há muito, centos de vizinhos das vias do norte do Estado francês deslocárom-se a Roterdam com seus presidentes de Câmaras, comunistas à cabeça, para protestarem polo que consideram un foco de irradiaçom da droga. No entanto, os dados indicam que os Paises Baixos têm a percentagem menor de toxicodependentes de toda a Europa, exceptuando Irlanda. Assim, no ano 1993 contavam com 20.000 drogodependentes enquanto que Grécia, o pais mais represivo e proibicionista, contava na mesma data com 150.000. (Gécia ten 10.400.000 habitantes e os Paises Baixos 15.400.000). Em lugares como Suiça, Grécia, Estado Francês e Alemanha, vaise impondo gradualmente o convencimento de que a única maneira de travar a crescente prosperidade e influência do narcotráfico é a legalizaçom. Esta politica está começando sobre todo a nível municipal, às vezes de costas aos próprios governos, que continuam sendo formalmente proibicionistas".♦

JAVIER AGUILERA / FARO DE VIGO

Xosé Alfredo Pereira

Presidente do *I Congreso de Montes en Man Comun*

'A Xunta quer privatizar os montes para plantar eucaliptos'

H. VIXANDE

OS DIAS 24 E 25 DE MAIO REPRESENTANTES DE 130 COMUNIDADES VICIÑAIS DE MONTES EN MAN COMUN DA GALIZA REUNÍRONSE EN POIO PARA CELEBRAR O *I CONGRESO DE MONTES EN MAN COMUN*. O INTENTO DE PRIVATIZACIÓN QUE, DENÚNCIAN, IMPULSA A XUNTA E A NECESIDADE DE DAR UNHA ALTERNATIVA ECONÓMICA A ESTA HISTÓRICA FORMA DE PROPRIEDADE, QUE AGRUPA A UN TÉRCIO DOS MONTES GALEGOS, MOVERON ÁS COMUNIDADES DE MONTES A CONVOCAR ESTE CONGRESO E A CRIAR UNHA FEDERACIÓN. NESTA ENTREVISTA, O PRESIDENTE DO CONGRESO, XOSÉ ALFREDO PEREIRA, ABORDA ESTES ASPECTOS.

Hai algun ataque contra o monte en man comun?

A pretensión da Xunta é cambiar o tipo de governo nos montes viciñais para privatizalos e plantar eucaliptos. Ainda non teñen claro de como poden substituilo pero apontan dous ou tres nomes, ben sociedades anónimas, ben sociedades mercantis, cooperativas... onde a intención seria substituir a prática un voto unha persoa por unha acción un voto. O resultado é que quen teña máis votos é quen governa o monte.

É viábel o modelo actualmente vixente?

A Xunta di que somos alarmistas, e que lanzamos un proxecto que non se pode levar adiante se non o queren os viciños. Pero se poñemos os mecanismos para que as comunidades funcionen, o noso proxecto de desenvolver o rural irá adiante, en caso contrário, o monte galego pode rematar en mans privadas, isto é, telo cheo de eucaliptos porque a única función que dá a Xunta ao monte é a produtiva.

Un caso sintomático é que no congreso que se celebrou en Mondariz organizado pola Asociación Forestal de Galiza, congreso que persoalmente califico de foro de debate interesante, é curioso que nunha das mesas, que se titulaba *Aproveitamentos do monte*, os únicos entes que estaban invitados eran Celulosas de Portugal e Celulosas de Pontevedra, como se non houbese máis aproveitamentos, mesmo falando desde o ponto de vista produtivo, como son madeira, caza, micoloxia, mel. Asi indícanse unhas directices que marcan cara onde debe ir o monte, a produción e nun só campo, o eucalipto. Aí non estamos de acordo. Non é que estexamos en contra do eucalipto, que tamén ten sítio no monte galego, pero nun monte ordenado.

Se cadra hai diferéncias en canto ao servizo que debe prestar o monte.

O monte en man comun é un ben privado, pero de propriedade colectiva, o que lle dá unha dimensión de carácter social. Por outra banda, a Xunta de Galiza pretende que o monte galego só teña unha función: a produtiva. O que máis nos choca é que o Governo galego vanaglóriase de que o Governo central, o famoso governo amigo, subvencione o eucalipto. Isto é unha broma porque medra só.

O monte viciñal, tanto pola sua dimensión, como pola orixe e propriedade, está en condicións ideais para cumprir tres funcións: produtiva, ecolóxica e social, para desenvolver o rural en base ás suas potencialidades.

Cales son os mecanismos de privatización?

O que sucede é que hai un ataque á propriedade colectiva do monte, co cal viria a posibilidade de vender e de herdar os montes. Isto vai acompañado de afirmacións de que o monte, en mans das comunidades de montes, está anquilosado. Queren mudar o seu sistema de funcionamento, que ao noso entender é democrático porque está formado polas asembleas de comuneiros onde se mantén o princípio democrático de un voto unha persoa.

Pero a administración debe ter un papel de intervención.

Cando se declara o monte en estado de abandono entendemos que debe intervir a administración porque cremos que o monte galego debe seguir mantendo o interese social e a utilidade pública. Unha vez o monte posto a funcionar ten que volver aos viciños. A administración galega ten o monte totalmente abandonado e incumpre a lei. Dai que, ademais de alzar a voz contra os intentos de privatización, facemos unha chamada de atención exixindo o cumprimento da Lei de Montes.

Que papel cumpren entidades como a Asociación para o Fomento da Riqueza Forestal de Galiza, *Afrifoga*?

En *Afrifoga* coinciden certos intereses. Neste tipo de asociacións, aparte de montes comunais, que tamén hai, están presentes montes particulares, madereiros... Esa é unha mistura de intereses que non é correcta, dai que tentemos formar un organismo supracomunal de montes galegos, porque entendemos que o monte en man comun ten intereses distintos ao monte particular ou os organismos madereiros ou as indústrias forestais.

Neste sentido vimos de acordar criar unha Federación Galega de Montes Comunais para presionar politicamente á Xunta. Entendemos que Afrifoga ou a Asociación Forestal de Galiza son interlocutores en política forestal pero non os únicos.

Hai discriminacións?

O que non pode ser é que estexan subvencionando parcialmente a estas entidades con máis de douscentos millóns de pesetas e por outra banda que estexan os montes abandonados.

Cando unha comunidade de montes vai á Administración a pedir un cumprimento da lei como un deslinde ou un rexistro, sempre veñen con que non hai presuposto, non hai presuposto para as comunidades de montes pero si douscentos millóns para regalar a esas entidades. Por isto as comunidades de montes temos que ter a nosa voz, cuxo xérmolo nace a partir deste congreso de Poio.

Logo hai clientelismo vencellado ao intento de privatización.

Hai un clientelismo pero non podemos dicer que a Asociación Forestal de Galiza estexa pola privatización porque como tal non se expresou nesa direción, outra cousa é que reciba cartos dunha Xunta que si está pola privatización. Nós non facemos congresos contra ninguén, senón porque a Administración incumpre a lei de montes e entendemos que hai trazado un camiño da privatización. Quen quer cambiar a lei de montes é a Xunta, son palabras do ex director do director xeral de montes Carlos del Álamo.

Hai dous modelos de montes, un o das Comunidades de Montes e outro o da Xunta da Galiza. Cal é a diferéncia?

A diferéncia vímola de aprobar nun congreso celebrado en Poio. Nós entendemos que o monte viciñal e en man comun ten unha propriedade de carácter xermánico, isto quer dicer que os seus titulares están unidos por vencellos de carácter social e auséncia de cotas, o que determina a inalienabilidade e a indivisibilidade do monte.

Nunca se discutiu até de agora, mesmo na lei de 1957, antes da instalación da democrácia no Estado español, que o monte viciñal galego teña característica xermánica, é dicer, que non se poda vender, embargar etcétera. Pero agora comezan a mandar globos sondas no sentido contrário e isto foi denunciado nun discurso polo maxistrado do Tribunal Superior Daniel Garcia Ramos, no que alertou dun intento de privatizar os montes.

Houbo intentos para impedir este congreso, hai alguén en contra do monte en man comun?

Descoñecemos se houbo ou non movimentos para impedir este congreso, pero si sabemos que o Governo galego, através da Dirección Xeral de Montes denegounos unha subvención para realizar este congreso. E o máis grave –ademais de actuar cos cartos de todos– son os argumentos que emprega: que a comisión organizadora non coincide coa sua política a respeito dos montes. Iso é antidemocrático, un atentado contra a liberdade de expresión e unha forma de entender a relación de cidadania como clientelar.

Mentres sucedia isto, a Dirección Xeral de Montes si subvencionaba o congreso celebrado recentemente en Mondariz e organizado pola Asociación Forestal de Galiza. ♦

A CIG realiza duas novas denúncias de enchufismo nas oposicións da Xunta

Unha longa história de enchufes

CARME VIDAL

A administración do PP ten unha longa história de denúncias por enchufismos, a cada máis graves. En várias ocasións un notário xa tivo con anterioridade os nomes dos que ian ser aprobados.

Os governos Fraga están marcados cun grande ronsel de acusacións de enchufismo en oposicións que, xunto co incremento de asisténcias técnicas e postos de libre designación foron configurando unha administración na que primou o partidismo e o favoritismo cun grande número de postos de traballo asignados a dedo. Foron tamén algúns dos pontos negros que máis enturbiaron a imaxe do presidente da Xunta, nun tempo no que a escasez de traballo e a notábel redución da oferta de emprego público incrementa a crítica contra os tratos de favor duns poucos.

Ainda se recorda o escándalo producido na escolla hai seis anos de 1.400 traballadores forestais para a loita contra incéndios, selección que quedou ben á man dos dirixentes locais nun tempo próximo á campaña das municipais, práctica que se continua denunciando. Os contratos facíanse ao sair dos actos, "cambiábanse por votos e se non eras do partido non te collian", lembra Xesus Tarrio.

Outro dos casos que traspasou as fronteiras do país foi a grabación da presidenta do tribunal nunhas oposicións convocadas por Sanidade, no tempo de Romay Beccaria, na que informaba dos cámbios que tivera que facer para beneficiar ás tres persoas previstas para ocupar as prazas de psicólogo, médico e boticário propostas. Entre as beneficiárias estaba a muller de Adolfo Gácio, asesor e man direita de Romay que nas mesmas grabacións mostraba o agradecemento polo esforzo efectuado.

Con notário e todo

En duas ocasións acodiron os delegados sindicais da CIG ao notário para levantar acta previa cos nomes dos aprobados antes da realización das probas. Nas dúas veces os resultados foron igual de espectaculares. Na acta na que se recollia o beneficiario dunha asisténcia técnica na conselleria de Industria constaba o mesmo nome ao que posteriormente se lle adxudicaria a praza, Xavier Franco Tubio. Noutra ocasión, hai dous anos, o caso era máis difícil xa que as prazas en xogo convocadas pola consellaria de Sanidade eran 19 con 400 aspirantes: os da CIG atinaron en 17 nomes, máis dun 80%. Os sindicatos negáranse desa volta a participar no proceso selectivo ante as claras mostras de enchufismo e fixeron pública a actuación da administración. A acusación de filtración nunhas probas de selección para veterinários nos que os cuestionários coincidian cos proporcionados por unha académia a determinados opositores chegou ao parlamento sen que o grupo do governo aceitase anulalas ante as evidéncias apresentadas.

> Capítulo aparte merecen os apelidos célebres que conseguiron aposento na Xunta e que, a pesares das críticas recibidas, continuan a ocupar praza



Domingo Bello Janeiro presidiu o tribunal no que se favoreceu á filla do Delegado da Conselleria de Presidéncia en Lugo.

Para Xesus Tarrio estas prácticas participan dunha política eleitoralista que se acentua conforme se van achegando as eleicións, "é unha forma de negociar co traballo e ao mesmo tempo controlar a administración".

Capítulo aparte merecen os apelidos célebres que conseguiron aposento na Xunta e que, a pesares das críticas recibidas, continuan a ocupar praza en postos laborais. Desde os familiares de Fraga na própria administración ou na televisión pública, aos sobríños de Dositeo Rodríguez ou altos funcionários da consellaria de Economia, até o fillo do director xeral de Estruturas e Desenvolvemento Rural, Anxo Ligero, que conseguiu hai dous anos unha asisténcia técnica de máis de catro millóns de pesetas -además de despacho, coche oficial e teléfono- coas mesmas funcións desenvolvidas por calquer funcionário arquitecto. ♦

Filtración de apuntes e apuntes subliñados

A secretaria persoal do Conselleiro de Cultura da que sinalan taména sua militáncia no PP e o seu traballo na sede *popular* de Compostela–ou o xenro do Director Xeral de Cultura, Homero Pérez Quintana son alguns dos nomes tirados á luz pola CIG-Administración Autonómica entre o listado de favorecidos nas recentes oposicións convocadas pola conselleria de Cultura, rexida por Pérez Varela. Además do caso de Xosé Luis Sarandeses, o sindicato nacionalista denunciou que entre os aprobados estabatamén a irmá de Luis Alberto Barciela, anterior membro do gabinete de Pérez Varela e alto cargo da TVG e tamén á irmá da Xefa de Servicios de Arquivos e Museus que a súa vez foi vocal do tribunal de auxiliares de Museos.

Ao dicer dos delegados da CIG, esta lista non é exaustiva, os comentários que se escoitan en San Caetano son que a case totalidade dos aprobados son enchufados dos altos cargos da Consellaria e dos Presidentes das Deputacións, destacándose en primeiro lugar Cacharro Pardo. As probas foran convocadas para cubrir 36 postos de vixiantes e 21 de auxiliares de museus, arquivos e bibliotecas e xa no seu momento o sindicato nacionalistas mostrou a sua desconfianza ao non se teren incluido estas prazas na recente oferta de persoal laboral xeral. Xa daquela se buscaba tamén co cámbio de denominación das categorias, segundo os sindicalistas burlar as listas de contratación que están en vigor nestes momentos para a cobertura de prazas de xeito temporal.

O presidente da Xunta de Persoal, Xesús Tarrio, ten denunciado xa outros casos de favoritismo á hora de cobrir prazas, pero nesta ocasión confirma que as probas foron convocadas con este fin e mesmo se repartiron na consellaria apuntes subliñados coas perguntas que ian cair que foron postas pola Administración. Para Tarrio, que continua a investigar as acusacións que chegan ao sindicato, esta denúncia que lle fan directamente á consellaria de Pérez Varela súmase a outras que os delegados sindicais na Xunta levan reiterando en todos os governos de Fraga nunha atitude que consideran de nepotismo no trato cos postos de traballo cada vez máis escasos.

Faise pública esta acusación cando ainda está sen resolver a feita pola CIG sobre filtración nas probas do grupo B da Xunta de Galicia que, segundo os sindicalistas, favoreceu á filla do Delegado da Conselleria de Presidéncia de Lugo que levou un dez no exame de galego. Chama a atención a CIG que o tribunal ao que pertencia estaba presidido por Domingo Bello Janeiro, director da EGAP, mentras a presidéncia do tribunal xeral do grupo correspondíalle ao secretário xeral da conselleria, Pablo Figueroa. A persoa á que presuntamente se lle pasou o exame tiña coñecemento da sua nota antes de que as probas fosen casadas cos dados persoais como lle fixo saber a unha amiga que chamou ao sindicato para interesarse pola sua pontuación, cando ainda non saira, e comentar o caso da filla do delegado de Lugo. O dez -nota máxima- correspondeuse logo coa pontuación que apareceu no listado definitivo. A CIG criticara con anterioridade a composición dos tribunais por altos cargos da administración xa que, para os nacionalistas significaba buscar tribunais manexábeis e compensar ás adesións políticas con dietas que chegan até o millón de pesetas no conxunto da oposición que fan que o proceso esté marcado pola politizació.♦

O BICO NO CERNE

Fabián Estévez,

Defensa da Ria de Pontevedra

'A Xunta non quer pechar Celulosas porque hai tempo que pode facelo'

Porque a Xunta fala agora de exixir rigor ambiental a Celulosas?

A Asociación pola Defensa da Ria de Pontevedra e alguns particulares denunciamos á Xunta ante a Unión Europea polo incumprimento das leis ambientais e porque non está en vigor un Plano de Emerxéncia, obrigatório nestes casos.

A Xunta está a elaboralo.

Andan a facelo ás presas agora que Bruxelas exixiu o cumprimento dunha lexislación que hai anos que tiña que estar en vigor. Ademais tratan de minimizar o seu alcance dicindo que a emerxéncia só afecta a trescentas persoas.

Pode explicar como?

O Plano de Emerxéncia está deseñado por treitos de tempo, de modo que nos primeiros cinco minutos han ser mobilizadas trescentas persoas, pero nos minutos posteriores as persoas que están afectadas son 70.000. Logo trátase dun perigo real que afecta a grande cantidade da povoación.

Cre que a Xunta ten intención que pechar Celulosas?

Se quixera xa a teria pechado, xa que conta con lexislación dabondo como para facelo. Chega con aplicar o Regulamento de Actividades Insalubres, Molestas e Perigosas ou botar man da licéncia e da concesión, xa que en ambos casos incluíuse unha cláusula que permitia o peche caso de haber vertidos. Isto ven ao conto agora coa empacadora de Vilaboa, que os viciños non se fien das cláusulas, porque logo estas instalacións continuan abertas por moito que contaminen.

Logo pensa que os controis da Xunta son eleitoralistas?

Son e se me apuran, prevaricación, porque as leis son para cumprir. As instalacións son vellas e poderiamos ter un suceso desgraciado. O outro dia en Huelva houbo un escape dun tren que ia á Celulosa. Aqui, con estes tremores de terra poderia cair algun depósito e haber unha fuga.♦

COMARCAS

Convocada unha manifestación en Pontevedra o seis de Xuño

Augas de Galiza incumpre os trámites de expropriación do encoro do Úmia

A empresa *Augas de Galiza* está a incumprir os trámites de comunicación no proceso de expropriación das fincas afectadas polo encoro do Úmia, por esta razón o alcalde de Moraña, Xosé Eiras Paz (PSOE) non asiste aos trámites que se levan a cabo. Segundo a *Plataforma contra o Encoro*, que convocou unha manifestación para o Venres seis de Xuño en Pontevedra, as exixéncias do delegado do Governo ao alcalde de Moraña de que asista ás expropriacións non están fundamentadas e respostan a unha intoxicación procedente da Xunta.

Mália a oposición reiterada dos viciños, a Xunta continua coa pretensión de facer o encoro. A. IGLESIAS

O Luns 26 de Maio comezou o segundo intento da empresa *Augas de Galiza* para tomar posesión dos terreos afectados polo encoro do Úmia, pero a inasisténcia do alcalde de Moraña está a impedir novamente o proceso. A Lei de Expropriacións Forzosas obriga a que nas mesmas estexa presente un representante da Administración, un perito e un representante do concello. Ao estar ausente o alcalde o trámite expropriatório non pode levarse a cabo.

Augas de Galiza asegurou que está a levantar actas da non presenza do alcalde, pero en realidade só realiza dilixéncias indicando que nos trámites de expropriación non están presentes nen o alcalde nen os viciños expropriados. O delegado do Governo, Xan Miguel Diz Guedes, conminou a Xosé Eiras Paz a estar presente nos trámites expropriatórios para "non incorrer nun delito penal". Pero a inasisténcia do alcalde de Moraña non vulnera o Código Penal porque para a convocatória do proceso de expropriación *Augas de Galiza* está a incumprir os trámites administrativos, xa que non comunica debidamente á alcaldia que debe estar presente. *Augas de Galiza* envia un fax cando deberia dirixirse ao concello por via do Rexistro Xeral.

Para o presidente da *Plataforma contra o Encoro*, Xosé Piñeiro, a intervención de Xan Miguel Diz Guedes "resposta a unha intoxicación da Xunta de Galiza para que a xente crea que xa non hai nada que facer, pero estes trámites non teñen validez porque non cumpren a lei".

Unha vez que remate o proceso actualmente en curso, que leva dez dias, *Augas de Galiza* terá que volver a efectuar as conunicacións aos interesados, xa que nesta ocasión incumpríronse os trámites.

Por outra banda, a *Plataforma contra o Encoro* convocou unha manifestación a celebrar en Pontevedra o vindeiro Venres seis de Xuño; a mobilización partirá da Xunqueira en dirección á praza da Ferreria. ♦

Invade un lugar e isola outro

Viciños de Dodro protestan contra o trazado da via do Barbanza

O trazado deseñado pola Consellaria de Obras Públicas para a via rápida do Barbanza invade vários lugares do concello de Dodro e illa a outros. Ante esta situación, os viciños tentaron negociar coa Consellaria, pero non acadaron resultados. O seguinte paso foi a mobilización –unha manifestación celebrada o 20 de Maio– para forzar a Xosé Cuiña a negociar.

O que máis preocupa aos viciños é a "falta de sensibilidade" da administración para sentarse a negociar, cando as suas alternativas non supoñen un incremento substancial do orzamento necesário para construir o vial.

O trazado da Xunta pasa moi próximo ao lugar do Rialiño pero illa a Manselle e afecta ao campo de futbol do Montiño. A alternativa viciñal separa o vial do primeiro lugar e achégao ao segundo, evitando o desnível que contén a proposta da administración. Tamén deixa á marxe ao campo de xogo. Por outra banda, o emprego de trincheiras, en lugar de facer discorrer a via por piares, incrementa o impacto meio ambiental do proxecto dun vial de alta velocidade que está deseñado para poder ser desdobrado no futuro.

Hai un ano que os viciños de Dodro apresentaron as suas alegacións ao trazado oficial e propuxeron outro alternativo que salvaba os problemas ocasionados polo proxecto orixinal, entre os que estaba o seu paso sobre unha mámoa situada no Rialiño. A Xunta desbotou as alegacións e continuou co proxecto.

Ante a negativa da administración galega a negociar, un grupo de viciños protagonizaron unha manifestación o pasado 20 de Maio na que tamén exixiron ao alcalde da localidade, Fernando Vila Brión (PP), a sua implicación nas demandas da viciñanza diante de Xosé Cuiña. ♦

Alcaldes do PP contra os investimentos da Deputación da Coruña

Os alcaldes *populares* de Carballo, Laracha, Ribeira e Ferrol pediron a retirada do Plano 2000 de investimentos de cartos por parte da Deputación, que governa o PP. O alcaldes afectados solicitaron, na comisión na que se estudaban os investimentos, outra política na contratación das obras nas casas dos concellos, xa que o Plano asume esta responsabilidade cando os alcaldes entenden que deberia ser deles. A oposición tampouco está conforme co Plano 2000, pero ao non poder entrar a debatilo, PSOE e BNG decidiron abandonar a comisión. Finalmente Augusto César Lendoiro conqueriu que o seu grupo pechase filas e aprobou o plano, que o Venres 30 de Maio vai a pleno para a sua aprobación. ♦

Condenado a tres anos de cárcere o alcalde de Ponteareas

O alcalde de Ponteareas, Xosé Castro (PP), foi condenado a tres anos de cárcere e dous de inabilitación para o exercício de cargo público por falsificación de documentos nos trámites expropriatórios para ensanchar un camiño. O xuízo tivera lugar na Audiéncia de Pontevedra o pasado Luns 19 de Maio e a senténcia foi coñecida o Mércores 28 de Maio. Castro está pendente de várias causas relacionadas con irregularidades no exercício da alcaldia, cargo que ocupa desde o franquismo. ♦

FEIRA do TEATRO de GALICIA 97

Sábado 31	12 h.	Inauguración	**Os Quinquilláns.** *As voces do mar.* (Na rúa)
	16 h.	Sala Galán	**A Factoría Teatro.** *Para o leste do Gantry*
	18 h.	A. Caixa Galicia	**Ancora Producciónes.** *Fábula*
	20 h.	Teatro Principal	**Teatro do Aquí.** *Anxeliños*
	23 h.	Sala Nasa	**Nove / Dous.** *Sobre o dano que fai o tabaco*
	01 h.	Sala Nasa	**Chévere.** *Órbita Mutante. (Estrea)*
Domingo 1	12 h.	Sala Nasa	**Xalgarete.** *Don Guieiro carameleiro*
	16 h.	Teatro Principal	**Uvegá Teatro.** *Pá*
	18 h.	A. Caixa Galicia	**Espello Cóncavo.** *Bailando en verán*
	20,15 h.	Sala Galán	**Matarile Teatro.** *Negro é negro*
	23 h.	Teatro Principal	**Os Monicreques de Kukas.** *Adubíos*
Luns 2	16 h.	Sala Galán	**Teatro do Adro.** *Nano*
	18 h.	Sala Nasa	**Pífano.** *Acto imprevisto*
	20 h.	Teatro Principal	**Ollomoltranvía.** *Escola de Bufóns*
	23 h.	A. Caixa Galicia	**Teatro do Atlántico.** *A noite das Tribades*
	01,15 h.	Sala Nasa	**Teatro Bruto.** *Cachorros sen domesticar*
Martes 3	12 h.	A. Caixa Galicia	**Titeres Cachirulo.** *Catro contos da China*
	18 h.	Sala Galán	**Fuegos Fatuos.** *La leyenda del santo bebedor*
	20 h.	Teatro Principal	**Teatro do Noroeste.** *Unha rosa é unha rosa*
	23 h.	A. Caixa Galicia	**Cía Marías.** *A voda dos moinantes*
	01 h.	Sala Nasa	**Talía Teatro.** *A secreta obscenidade de cada día*
Mércores 4	12 h.	Sala Galán	**Teatro Galileo.** *Nenerías*
	16 h.	Sala Nasa	**Teatro da Salamántiga.** *Hai que desfacer a casa*
	18 h.	A. Caixa Galicia	**Producciónes Teatrais do Sur.** *Sempre Ubú*
	20 h.	Teatro Principal	**Sarabela.** *Afección*
	23 h.	Sala Nasa	**Producciones Cachivache. Teatro Íntimo.** *Yepéto*

GALICIA terra única
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL
BANCO GALLEGO
31 de maio · 4 de xuño · Santiago de Compostela

Aspecto da factoria de Cabral (Vigo). A. IGLESIAS

A catro meses das eleicións

A Xunta promete facerse cargo dun importante paquete de accións de *Álvarez*

M.V.

Contra o reiterado até agora en numerosas declaracións públicas, a Xunta prometeu facerse cargo a través de *Sodiga*, dun importante paquete de accións do *Grupo de Empresas Alvarez* (GEA). No plano participarian tamén o concello de Vigo e o governo central, até controlar o 75% da propriedade da empresa.

Ainda que interesados na proposta, os traballadores non deixaron de mostrar as suas suspicácias dadas as anteriores declaracións de Fraga, no sentido de que a Xunta non se faria cargo de empresas en crise, caso de *Alvarez* ou *Santa Bárbara*. O governo galego apoiaria só, segundo a postura mantida até agora, proxectos asentados, caso de *Coren* ou *Pescanova*. Os máis de mil traballadores de *Alvarez* piden agora que a proposta se concrete canto antes, como único modo de espaventar as sospeitas de "oportunismo eleitoral". Un portavoz sindical manifestou a *A Nosa Terra* o seu temor a que, unha vez pasados os comícios, as promesas volten a quedar no aire.

Terreos moi preciados

Alvarez coñeceu na última década seis planos de viabilidade, o último dos cales contempla a venda dos terreos de Cabral e a instalación de novas factorias na periféria de Vigo. Segundo o proxecto agora anunciado, os novos xestores públicos encargarianse de que a operación se levase a cabo neses termos e que o plano non quedase nunha operación especulativa de venda de terreos para edifícios residenciais e pago de indemnizacións aos traballadores, sen criación alternativa de novas factorias, coa perda definitiva de empregos que conlevaría para a cidade.

Mália o que poida facer pensar a sua permanente situación de crise, o grupo conta con moderna maquinária (fornos, prensas, sistemas de vernizado) para cumprir os seus pedidos, pero enfréntase a unha estudada competéncia no mercado europeo. *Porcelanas del Bidasoa*, empresa de capital suizo, foi inspiradora dunha denúncia ante Bruxelas, por mor das subvencións públicas que poderia recibir o grupo. O aval de 2 mil millóns concedido pola Xunta a empresa foi paralizado no seu dia, segundo o governo galego, por este motivo.

O grupo Alvarez dedícase á produción de vidro, porcelana e louza. Segundo expertos do sector a sua viabilidade sería factíbel coa desagregación e especialización en diferentes ramas. Os traballadores opóñense a esta alternativa, en tanto non vexan garantido o seu futuro, por considerar que a división faría máis doado o peche.♦

O SALÁRIO DOS DIRECTIVOS

MANUEL MERA

O executivo de alta direción é hoxe ao mesmo tempo capitalista da empresa na que traballa e empregado "privilexiado". Seguramente ten asemade outros investimentos nos que pode ou non participar en cargos directivos. O salário que cobra supera moitas veces os beneficios que obtén polo capital investido, que, iso si, garántelle continuar no posto. Danse casos, como os de *Green Tree Financial, Intel* e *Travelers Group* en Estados Unidos que teñen retribucións de máis de 94 millóns de dólares ao ano. Estes salários son os que reciben 7.000 obreiros americanos durante un ano, e moi superiores aos de Clinton (370.000 dólares en 1993). Cifras que amosan quen manda realmente na maior poténcia do mundo.

Este novo tipo de empresário non só non arrisca o seu capital senón que xoga co dos pequenos accionistas e, asemade, quédase cunha parte sustanciosa do activo, haxa ou non gañáncias. Con este método Mario Conde e De La Rosa non serian xulgados nunca. E para controlar unha empresa abonda co 4% do capital. Estos feitos desminten o conto do capitalismo social, no que calquer investidor pode participar en igualdade de condicións co patrón nos beneficios, ou da pureza que impera no privado a diferéncia do público.

O abraiante é que estas retribucións de vértigo danse mentras unha grande parte dos empregados americanos perden poder adquisitivo e aumenta a precarización. Concretamente o salário médio dos traballadores non cualificados pasou dos 11,83 dólares en 1973 a 8,64 dólares hora en 1993. Neste mesmo ano o 15,1% da povoación, 39.265.000, estaba por baixo do nível da pobreza; en 1989 era o 12,8%. Non son casos illados, tal como indicaba James Petras nun artigo recente. Mentres en 1975 os directivos gañaban 45 veces máis que os seus empregados, en 1994 esta proporción era de 187 veces.

Tan evidente é o calote, que son moitas as voces que empezan a erguerse nos Estados Unidos para que se poña un límite. Temen, non sen razón, que de seguir afondando por este camiño os pequenos investidores rematen por poñer os seus cartos de novo baixo unha viga, refugando todo aquelo que teña que ver coa Bolsa, as accións e o "capitalismo de todos". Pero ainda baixo "control", este é o camiño escollido para o futuro polo grande patrón-directivo para chuchar unha parte importante dos cartos dos traballadores. Compre denunciar estes feitos desde os sindicatos e partidos políticos, pero tamén pensar en medidas que limiten estas práticas de asalto ás "empresas", que se ben ainda non chegan a estas contias en Galiza, todo se aprende con rapidez cando de diñeiro se trata.

Manuel Mera é Secretario Confederal da CIG

O uso político e social do deporte

MANUEL CAO

Un conflito relacionado co control dos meios de comunicación Estado español afecta ao futbol televisado. Os programas de maior audiéncia e os correspondentes pasteis de publicidade relaciónanse con este espectáculo de masas. O deporte ten e tivo enorme importáncia. Xa o dicia Videla con ocasión dos mundiais da Arxentina de 1978, en plena orxia de desaparecimentos colectivos: "Cando non hai obxectivos políticos soe gañar o mellor", e posteriormente enterámonos que queria dicer con iso. Na recente emigración masiva a Europa, o Real Madrid era o depositário das esencias pátrias, vitorioso diante das equipas dos países europeus daquela máis ocupados en reconstruir as suas economias. Debe ser máis difícil atopar un emigrante que non sexa hincha do Real Madrid que atopar un catalán que non sexa partidário do Barça.

A utilización do deporte, en particular do futbol, con finalidade política foi lugar comun en moitos países do mundo. O franquismo non tivo dificuldades en pelexar pola fichaxe de xogadores foráneos mentras desantendia outro tipo de necesidades básicas. Nas mesmas épocas que tiraban o diñeiro e as presións políticas por Di Stéfano abandoaban a Severo Ochoa ao exílio científico e intelectual. Hai que dicer que non só as ditaduras utilizaron o deporte con fins políticos, máis o problema está na dose a aplicar.

Alguns valoran negativamente a preeminéncia do futbol na sociedade española comparado con outras actividades lúdicas e de entretimento colectivo. Pois ben, non serei eu quen considere que asistir masivamente a ofícios relixiosos, a macroconcertos, a manifestacións políticas ou a festas diversas teña especiais avantaxas sobre o deporte. Nunha grande ágora na que ninguén está excluído, nen se pode excluír a ninguén, debátese con ardor ou ironia temas deportivos. Convirán conmigo que non hai nengun outro evento social no que se poida participar tan a fondo, a baixo prezo e con escaso risco, de ai a identificación masiva con este deporte, cada un coa sua equipa. Despóis de tanta discusión política e económica non ven nada mal falar tamén algo de futbol.

A. IGLESIAS

'A pretensión de utilizar o futbol politicamente semella a estas alturas algo fora de tempo e lugar"

A pretensión de utilizar o futbol politicamente semella a estas alturas algo fora de tempo e de lugar. Como todas as actividades está cada vez máis internacionalizado e todo está en cuestión en todo momento, sendo case imposíbel subordinar á obxectivos políticos o devir das competicións e a sua explotación. Este deporte é, ao mesmo tempo, unha actividade económica e comercial con tal grao de autonomia que afecta incluso á eficácia dos castigos disciplinares, ademáis no Estado español estáse a dar un proceso de asimetria entre a orixe territorial dos deportistas con éxito e a orixe política e territorial dos máis necesitados e desexosos de utilizalos. Tanto por equipas como por individuos os principais deportistas son de orixe catalá ou basca. Ben sexa en tenis, motos, hockei, baloncesto, balonmán, ciclismo ou futbol o peso das CCAA históricas é apabullante. Velai o grande alporizamento producido pola pretensión de Catalunya de contar con seleccións próprias. Quizáis por iso, agora que abondan os Albert, Xosé, Sergi, Jordi, Mikel, Xulia, etc., xa non lle castelanizan o nome.♦

Segundo o paquistani Tariq Banuri, ponente no congreso sobre desenvolvimento celebrado en Santiago

A globalización propícia 'os mesmos desequilíbrios que o imperialismo'

P.C.

O que agora se denomina globalización "propícia os mesmos desequilíbrios que o imperialismo", asegurou Tariq Banuri, Director Executivo da Sociedade para o Desenvolvimento do Paquistán, no acto de clausura do XXII Congreso da SID celebrado o pasado dia 24 en Santiago. A convención reuniu especialistas nos procesos de globalización procedentes, na sua maior parte, dos paises desenvolvidos. As palabras de Banuri foron contestadas por outros ponentes.

Manifestación contra a globalización en Compostela, ao mesmo tempo que se celebraba o congreso. A. PANARO

En opinión de Tariq Banuri, ponente do congreso da *Sociedade Internacional para o Desenvolvimento* (SID), "as transnacionais interésanse por incrementar o seu capital e aumentan o seu poder ao tempo que se atrófian os negócios locais".

Banuri tamén tivo duras palabras para as democrácias formais dos paises do Terceiro Mundo, das que dixo que "son unha mentira porque se crean para lexitimar e xustificar a miséria e a opresión" e para os próprios asistentes aos que denominou "paqui-sajones ou afro-sajones", por defender modelos culturais homoxéneos producto dos procesos de globalización. Ao entender do ponente paquistaní os modelos culturais que impoñen os paquisajones son os que provocan "o alzamento e a resisténcia das distintas étnias e culturas".

A sua intervención tivo unha contundente resposta da até o de agora presidenta do SID, Nafis Sadik, quen asegurou que "hai que ser selectivos á hora de manter unha cultura", en referéncia ás prácticas culturais "opresivas" que sofren as mulleres de determinados ámbitos e, puxo como exemplo as mutilacións xenitais.

Unha das intervencións máis esperadas foi a de Jean Bertrand Aristide, quen denunciou que o proceso de globalización divide "aos que teñen o control e o poder e aos que están constreñidos por el". Aristide fixo referéncia tamén á situación económica que atravesan os paises de América do Sul e nomeadamente o seu país Haití.

Na actualidade o sector industrial, segundo os dados que fixo públicos o ex-presidente Aristide, só emprega a 20.000 haitianos mentres que Porto Príncipe ten unha povoación de 2 millóns de persoas das que o 70% están no paro. Á vista dos dados económicos, o Banco Mundial apresentou duas propostas para paliar a situación da povoación que vive do agro no Haití: "traballar no sector industrial e servizos ou emigrar".

Aristide desbotou categoricamente a segunda das posibilidades, asegurou que Haití móvese entre a pobreza e a miséria e que do que se trata é de "atopar algún lugar, simplesmente para poder sobrevivir", sobre todo diante dun modelo económico no que se estima que "só o 10% dos investimentos se destinan a satisfacer as necesidades humanas prioritárias: educación, saude, hixiene ou alimentación".

Respeito polo local

Maurício de Maria e Campos, Director Xeral da UNIDO de México foi o único ponente que incidiu en que se "buscamos fórmulas para ser tolerantes cos modelos locais, haberia que lembrar que estamos nun país con língua própria: o galego".

A sua intervención foi moi ilustrativa, porque nos 4 dias de conferéncias crióuse no Pazo de Congresos un ecosistema próprio dun país anglófono. Os pregos informativos e os horários estaban en inglés e mesmo nun dos debates produciuse unha certa confusión cando unha das azafatas achegóuse á sala para explicar que "the translate system doesn't work". Algúns desconcertados asistentes perguntaron se poderia traducir a mensaxe. Ela respostou "que o sistema de traducción simultánea non funciona". Os únicos que a entenderan foran xusto os que non precisaban tradución.

Asociación galegas maniféstanse contra do neoliberalismo

Coincidindo co Congreso da SID numerosas organizacións políticas e sociais manifestáronse contra do proceso de globalización económica polas negativas repercusións que ten para Galiza e contra da própria SID, por considerar que está "controlada polo Banco Mundial e poderosos organismos oficiais que pretenden afortalar a política neoliberal como eixo e doutrina da Nova Orde Mundial".

Ademais da manifestación, celebrada na data de clausura da convención, ao longo da semana houbo numerosos actos de protesta con algúns incidentes. O dia 21, dia da inauguración, un grupo de mozos foron retidos ao intentar achegarse ao Pazo de Congresos. Ao dia seguinte foi convocada unha concentración diante dunha sucursal de *Caixa Galicia* que rematou cunha carga policial da que algúns se libraron grácias á colaboración dos traballadores da entidade. O Venres tivo lugar unha protesta diante de *Argentaria* que finalizou coa chegada das forzas de orde público. Por último, o Sábado unha nova manifestación rematou sen problemas na compostelana Praza de Praterias.

Con estes actos de protesta, convocados por unha vintena de organizacións tentábase achegar unha proposta alternativa cun "modelo social e económico baseado na solidariedade e xustiza social, no afortalemento dos servizos públicos, no respeito ao meio ambiente, na dignidade e a igualdade das persoas, na democrácia participativa e na liberdade dos povos". ♦

PAULA CASTRO

Un só mundo, diferentes responsabilidades

Cada quen presentou na conferéncia as prioridades do seu país, segundo a sua perténcia ao Norte ou ao Sul. Para a economista canadiana Elizabeth Dowdeswel "necesitamos unha organización internacional que faga cumprir os acordos meioambientais". A comisária de pesca da UE, Emma Bonino, aposta pola criación dun partido transnacional "para que milleiros de persoas pidan á vez o mesmo nos seus parlamentos nacionais" e por darlle pulo a grupos humanitários "para que se interconecten". Para o paquistani Tariq Banuri, sen embargo, "hai que tratar os temas fundamentais, porque só hai unha loita no mundo: a xustiza", que, segundo o haitiano Aristide, significa "ter cubertas necesidades básicas: comida, saúde e educación".

Semellan as voces de dous mundos diferentes, para dous níveis diferentes de desenrolo. Os pobres preocuparianse da fame e a saúde e os ricos da ecoloxia e a democrácia. Máis certo é, sen embargo, que vivimos nun só mundo interdependente: a principal baia do Brasil está contaminada pola *British Petroleum* e a férrea ditadura de Mobutu estivo sostida, durante trinta e dous anos, polos governos de Francia e os Estados Unidos, cuxas compañias explotan os diamantes, o ouro e o cobalto do Zaire. Ecoloxia e miséria, saúde e democrácia, son problemas do mesmo mundo, pero non se resolverán mentres non se empecen a demarcar as diferentes responsabilidades. ♦

ELA-STV e CIG expoñen no Congreso a oposición á reforma laboral

O abaratamento do despido non criará emprego, segundo expuxeron os secretários das centrais sindicais nacionalistas ELA-STV e CIG, José Elorrieta e Fernando Acuña respeitivamente, diante da comisión de política social e emprego do Congreso. Fernando Acuña defendeu o direito á CIG a ter participación institucional no Estado e Aguirre denunciou que existira un "establishment sindical español" que contribuira a ampliar o poder dos empresários. A Intersindical Canária, a CGT e LAB tamén amosaron o rexeitamento á reforma laboral. Fernando Acuña e Luis Burgos, secretário de Relacións Institucionais co Estado na CIG, tamén se entrevistaron con Javier Arenas, ministro de Traballo, ao que lle transmitiron a oposición ás negociacións colectivas centralizadas e burocratizadas. ♦

A OCDE aconsella ao Governo español máis privatizacións

A liberalización da economia española nos últimos anos non abonda, segundo sinala o documento asinado polos 29 estados membros da Organización para a Cooperación e o Desenvolvimento Económico. Hai que privatizar as empresas públicas para acadar competitividade e abaratar máis o despido para rematar co desemprego, cunha taxa do 22%. Rodrigo Rato, ministro de Economia, comparte os critérios da OCDE tamén nos pontos referidos a liberalización de horário comercial e diminución do control sobre as empresas para que estas poidan "desenvolverse sen trabas". ♦

A necesidade dun sindicalismo próprio centra o II Congreso da CIG

Co lema *En Galiza no traballo o sindicalismo máis noso*, a CIG celebra o seu II Congreso os dias 31 de Maio e 1 de Xuño no Pazo de Congresos en Santiago. Neste congreso elexirase executiva, secretaria xeral, presidencia, que supón unha nova figura na estrutura da central, e comisión de garantias. Se no primeiro congreso, celebrado en Marzo de 1994, o obxectivo estaba en sumar esforzos para o sindicalismo nacionalista, neste apresentarase un balance do traballo realizado e expoñerase a necesidade cada vez máis imperante, segundo a CIG, da autoorganización e dun sindicalismo "activo, operativo e eficaz". Participan como convidados no congreso representantes de forzas sindicais internacionais como a CGT de Franza, a CUT do Brasil, a UGT de Portugal e a CTA de Arxentina, entre outras. ♦

As gravacións da TVG son utilizadas con frecuéncia polos clubes galegos ao apelar á *Federación de Futbol* as sancións. Até o de agora non se deran conflitos polo feito de que estiveran en galego. A. IGLESIAS

O Comité de Apelación rexeita unhas fitas de vídeo do Ourense por non entender o idioma

De como un penalti galego diferénciase do castelán

Guruzeta foi expulsado no encontro Ourense-Eibar por dar unha patada, sen balón por meio, ao xogador basco Artetxe. O seu clube enviou os vídeos do partido para amosar que non era tal e conquerir que o xogador non fose sancionado con dous partidos. O Comité de Apelación recebeu as fitas e respostou que, ao estaren en galego, non podia perceber se habia patada ou non. Polo tanto, non tivo en conta a apelación.

Para os membros do Comité de Apelación non se ten en conta a posibilidade de traducir o que non se entende como se non houbera galego-falantes en Madrid. Ademais non resulta moi críbel que para discernir se existe unha patada sen balón por parte do xogador ourensán Guruzeta o idioma sexa esencial.

O encontro Ourense-Eibar, do dia 18 de Maio, ademais de incidir na mala racha da equipa galega xa que perdeu por dous goles a un, foi negativo en canto ás tarxetas. O árbitro do coléxio castelán machego Torrija Arroyo resultou moi tarxeteiro: sacoulle amarelas até ao adestrador e expulsou a Cakic e Guruzeta. O adestrador do Ourense, Teixidó, queixábase ao remate do encontro das amonestacións e sentenciaba a mala fortuna da equipa de Segunda división cun *a can fraco todo son pulgas.* Ainda non sabia a resposta que ia receber o clube cando reclamase. O Ourense tivo que apelar por tres xogadores de cara a que puideran participar no seguinte partido co LLeida: Cakic, Pichi e Guruceta. No caso deste último, no clube esperan a reducción de dous partidos a un por parte do Comité de Disciplina, no que está o caso. No clube galego de 2ª División prefiren pensar que non houbo má intención á hora de rexeitar ter en conta os vídeos para comprobar se o penalti pitado a Guruceta sobre Artetxe era xusto porque eran da televisión autonómica e, polo tanto, estaban en galego. Discúlpannos dicindo que "non tiñan ganas de andar a pasar o vídeo para adiante e para atrás". Un dos directivos do clube amosou estar preocupado porque lle reduciran as sancións aos xogadores amonestados e preferiu non valorar se a atitude do organo da Federación Española de Futbol era arbitrária.

Pero o dictame do Comité de Apelación non deixa lugar a dúbidas e os membros de organismo non quixeron respostar da sua atitude cando se lle requeriu unha explicación. Horas despois de emitir o dictame dicindo claramente que non podian apreciar se o penalti pitado fora xusto ou non porque as fitas de vídeo estaban comentadas en galego non estaban localizábeis para xustificar a decisión. Non estimaron o caso de Guruzeta. Este órgano está composto por tres persoas: un maxistrado, Lorenzo Pérez, e dous avogados, Alberto Alonso e José Alberto Peláez. A utilización dos vídeos para recurrir as sancións é frecuente por parte dos clubes galegos tanto de Primeira como de Segunda División pero ainda non se dera un caso tal mália que moitas das fitas que se envian conteñen gravacións da TVG.♦

Cincuenta mil pesetas por manifestarse en Tui

Os rapaces e rapazas dos institutos de Tui e Tomiño, concellos viciños, levan todo o curso facendo manifestacións nas que peden melloras para os seus centros e para denunciar a situación do ensino público, que consideran grave. Agora once deles veñen de receber unha notificación do Governo Civil pola que están sancionados con multas de até 50.000 pesetas.

O dia 22 de Abril, como é habitual, os alunos e alunas do instituto de Formación Profesional de Tui esperaron a meio camiño aos estudantes do Instituto de Ensino-Secundário de Tomiño para xuntárense e manifestarense polas ruas de Tui. Os alunos de FP solicitaban tamén a ampliación das ramas de estudo no centro.

Ese mesmo dia coincidiron outras mobilizacións como a dos estudantes de Nigrán, que pedian accesos e unha man de pintura no centro, e a dos de Porriño, que pedian ao alcalde Xosé Manuel Barros, que mediara para acadar maior atención para o ensino público.

A mobilización convocada polos CAE e secundada polos estudantes de Tui e Tomiño congregou a perto de 300 persoas que, primeiro pola estrada e despois polas ruas de Tui portaron pancartas e berraron a favor do sistema público. Acompañados da Garda Civil, coa que non houbo nengun problema, remataron a manifestación na praza de concello. Querian entregar un escrito ao alcalde Miguel Capón Rey coas suas reivindicacións e pedirlle que mediara ante Educación sumándose ás demandas dos alunos. Para isto, subiu unha representación estudantil a entregarllo.

Foi nese momento cando os axentes da Garda Civil comezaron pedir a documentación ao chou identificando a once estudantes. Alguns dos presentes lembra que foi unha identificación tan tranquila que alguns dos rapaces entregáron voluntariamente o carné. Diante estaba o alcalde de Tui.

O texto das sancións a estes rapaces, de idades entre os 15 e 18 anos, lémbralles a data da manifestación e sinala que bloquearon a circulación vial na comarcal 550, a A-9 e tamén nas ruas de Tui "desobedecendo os mandatos dos Axentes da Autoridade e alterando a orde pública". Tamén notifica que a contia da multa pode chegar a 50.000 pesetas.

Os estudantes preparan os recursos e os claustros dos centros de Tomiño e Tui solidarízanse con eles.♦

PUCHEIRO

O ultraliberalismo de Lendoiro

Augusto César Lendoiro é a expresión paradigmática do político da *nova* direita galega que abandonou as teorias de Pio Cabanillas e tomou a Popper como guieiro. Lendoiro é incapaz de aplicar *estrictu senso* as directrices do ultraliberalismo na Deputación pois as redes caciquis teñen a sua própia lóxica e os seus atadallos.

Non ocurre o mesmo no R.C. Deportivo da Coruña. Está a contratar toda unha lexión extranxeira. Afirma Lendoiro que "sabendo negociar os diñeiros coas TVs pódese facer un Deportivo á altura dos mellores". Está visto, cre na libre competéncia e, ademáis, pensa que el é o máis listo. O tempo deulle esa migalliña de razón que chega cando as circunstáncias favorábeis non se esnaquizan contra a lóxica inexorábel do funcionamento do sistema.

Por que outros clubes non poden facer o mesmo que o Deportivo se este o único que ten ao seu favor, seica, é a *listura* do seu presidente? Cando remate a guerra televisiva no Estado español, que ha rematar, conseguirá Lendoiro o mesmo diñeiro que lle chegou de Canal+? Se non é asi, serán suficientes os ingresos que acade da televisión brasileira *O Globo*, en troques de amañar unha equipa carioca xogando na mellor liga de Europa?

É a mesma teima que se dá noutros eidos, importando produtos de fóra mentres se atafega ás producións próprias. O que controla o mercado, ao fin, tamén controlará a produción, mesmo a dos espectáculos.♦

TVG non informou do sismo ao ter o telexornal gravado

Os representantes de CCOO na CRTVG veñen de denunciar a auséncia de información na televisión autonómica sobre o sismo da noite do 21 ao 22. O tremor máis forte produciuse ás duas menos dez da madrugada, unha hora antes de emitirse o último informativo na TVG, que estaba gravado e non se alterou mália a notícia do sismo. A gravidade ven dada, segundo CCOO, polo carácter público deste meio e pola necesidade de información que a povoación requeriu; dese xeito foi posíbel atopar os primeiros dados en *Antena 3* e en *Tele 5* antes que na televisión autonómica. A gravación dos informativos "ven motivada , segundo versións non oficiais, polo aforro que supón non ter á equipa de informativos traballando até as duas ou tres da madrugada", din desde a central sindical.♦

Cuestionan o papel das ONGs na *V Irimianza*

A reunión organizada o Domingo 25 de Maio en Lugo pola asociación *Irimia*, cristiáns galegos de base, debatiu o papel das ONGs baixo o título *Solución ou remendo?* Os participantes diferenciaron ás ONGs entre as que teñen o obxectivo de cooperar e as que buscan a obtención de beneficios. Un ponto de crítica foi a non asunción por parte do Estado de responsabilidades que se traspasan ás ONGs e o manexo de grandes cantidades de cartos. Desde *Irimia*, formulouse a necesidade destas organizacións cuestionar as políticas que hipotecan o desenvolvimento interno dos países subdesenvolvidos xa que, se non o fan, están contribuindo a unha estratéxia de "pan para hoxe e fame para a mañán".♦

Obxección fiscal para Colómbia e as prostitutas de Compostela

Os colectivos de obxección fiscal da Galiza, diante da campaña da renda correspondente ao exercício de 1996, do que o prazo de pagamento está vixente, elixiron dous destinos alternativos para os cartos deducidos por obxección fiscal aos gastos militares, trátase do apoio ao movimento xuvenil en Barrancabermeja, en Colómbia, e a un proxecto de traballo social con prostitutas de Compostela. A porcentaxe a desgravar é o 4,8 da Cuota Líquida no caso de obxección fiscal proporcional e de 7.000 pesetas na obxección fixa. Vários colectivos facilitan a Guia de Obxección Fiscal de 1997, o apartado postal do de Santiago é o 972.♦

Os *indomábeis* acusados de reabrir o sumário de Segundo Marey

A crise da Audiéncia Nacional ten aos GAL como trasfondo

B. LAXE

Desde hai catro meses a Audiéncia Nacional está sen fiscal xefe. Duas veces foi convocada a praza con resultado fallido. O Consello Fiscal negoulle o 28 de Maio o seu *placet* ao novo fiscal do Estado, Jesús Cardenal, para designar fiscal xefe a un dos tres candidatos. Entre eles estaba Eduardo Funguiriño, duas veces rexeitado, considerado un dos *indomábeis*, xuices e fiscais que tellman en levar adiante os procesos dos GAL.

A cidadanía asiste atónita á liorta, cada vez máis encarroñada, que se está a producir na Audiéncia Nacional, pero que envolve a unha boa parte da cúpula xurídica. As formas de apresentala son diferentes segundo onde se situe o prisma. Desde o bando hoxe no poder (antes na oposición) descrébese como os intentos do PSOE de defenestrar a uns xuices xóvenes, xusticieiros, idealistas, enfrontados aos que mandan nos ocultos recovecos do Estado. Desde os defensores de Felipe González, píntase a estes xuices e fiscais, alcumados como os *indomábeis*, como uns bastardos con ánsias de notoriedade que, resentidos tentan acabar co lider socialista. Están, polo tanto, obxectiva e practicamente facéndolle o xogo á dereita. É máis, nesta loita marcan unha liña imaxinária, tanto que para moitos élles imposíbel ollala, na que dun lado está a liberdade de expresión ameazada e, no outro, a dereita máis cavernícola e cavernária coas suas gadoupas represoras.

Esta guerra de destrución mútua, comeza despois de longos momentos de estupor e siléncio nos que os implicados dos distintos sumários do GAL pasan á ofensiva, conscentes de que ou acaban cos xuices ou ou xuices van acabar con eles. Así, Vera e Barrionuevo, os dous principais implicados, comezan a pór en circulación a idea da conspiración contra deles, afirmando que todo é unha maquinación do xuiz Garzón, cheo de carraxe porque González non o nomeou director xeral da Guardia Civil. O Isorprendente libro de Eliseo Bayo, sorprendente polo cámbio dado polo autor até escribir completamente ao dictado dos máximos implicados nos GAL, é unha clara mostra das teses defendidas polos antíguos responsábeis do Ministério do Interior. *Gal: punto y final*, que así se titula o libro, é máis que un alegato a favor de Vera, Barrionuevo e Corcuera, trátase da sua própria defensa ante a opinión pública. A sua defensa a a incriminación de Garzón e os seus compañeiros e o descrédito de Belloch, ao fin causante indirecto da reapertura dos sumários dos GAL, por negarse a seguirlle pagando a Amedo e Domínguez.

Jesus Cardenal, Fiscal Xeral do Estado, fracasou no primeiro intento de solucionar a crise da Audiéncia Nacional.

Nese libro, Vera e Barrionuevo, coas suas próprias declaracións e, tamén, por boca do autor, o ex anarquista Eliseo Bayo, recriminan a Felipe González por non facerlle caso aos consellos dos seus amigos de sempre e deixarse enganar por Belloch, ao que considera pro-etarra, desde a sua estadia en Euskadi como xuiz. Seguindo esta versión, Felipe González creeríase o da *rexeneración* e caeria na súa própria trampa.

"Unha operación de guerra"

Eliseo Bayo fala de "conspiración xudicial", tanto na reapertura do sumário de Segundo Marey, que daria paso a toda a polémica sobre os GAL, por parte do xuiz Garzón, como por parte dos fiscais da Audiéncia Nacional "que reaccionaron de maneira que recorda máis a unha operación de guerra, que unha acción para repoñer a xustícia", afirma Bayo referíndose ás declaracións de Domínguez ante o xuiz Eduardo Moner, denunciando que o presionaron para testificar contra os mandos de Interior. "No seo corporativo notábanse os sinais da refrega: dos oito funcionários que compoñen a fiscalía da Audiéncia Nacional, catro, entre eles o seu teniente fiscal, tiñan abertos expedientes disciplinários, e dous, Ignácio Gordillo e Dolores Márquez de Prado, estaban sometidos a expedientes de traslados forzosos. Os catro expedientados expresaron o seu apoio ao xuiz Garzón. A primeira actuación do teniente fiscal, Eduardo Fungueiriño, como xefe en funcións, foi respaldar a Garzón fronte ás acusacións do ex policía Amedo".

Tamén se relata no libro como a fiscal Márquez de Prado é a man dereita de Fungueiriño e está relaccionada sentimentalmente co xuiz Gómez de Liaño, acusando a estes xuices e fiscais que interviron nos sumários dos GAL de seguir unha liña xa predeterminada, xustificando, xa que logo que os implicados "pasasen á ofensiva para anular as actuacións e emprender accións contra o próprio xuiz Garzón".♦

M. VEIGA

Madrid retoma os lemas progresistas

O control directo dos méios de comunicación, através dun eficaz bocadillo de subvencións e ameazas, as listas negras —da própria man de Fraga— na rádio e a televisión públicas, a retirada de axudas legais a meios non obedientes, como *A Nosa Terra*, foi práctica común do governo *popular* en Galiza. Pero non conseguiu interesar nunca á élite comunicativa madrileña. Ao parecer, o crecemento e asentamento da censura nunha comunidade como Galiza non importaba. É, agora, a posíbel perda de prebendas e o enfrentamento entre grupos poderosos o que desata os cánticos pola liberdade de expresión.

Algo parecido sucede co escándalo causado pola vixiáncia da Garda Civil aos participantes en manifestacións legais. Esta práctica nunca deixou de levarse a cabo. E mesmo foi o PSOE, en 1987, o que a reforzou e lle ofereceu rango legal. É, tamén agora, a conveniéncia política a que a volve á actualidade.♦

O Concerto Económico basco divide ao PSOE

A reforma do Concerto Económico basco pactada definitivamente o Martes 27 entre Rodrigo Rato, ministro de Economia, e José Antonio Ardanza, lehendakari, é motivo de tensións dentro do PSOE. O PNV está satisfeito de afondar na liña de autonomia fiscal co translado da recadación de impostos especiais e a competéncia sobre as tarifas do IRPF. Este ponto é o argumentado polos *baróns* socialistas, ou sexa Narcis Serra, Juan Carlos Rodríguez Ibarra, José Bono e Manuel Chaves, para sinalar as diferéncias no pagamento de impostos dos cidadáns dentro do Estado. O conflito reside en que o PSOE de Euskadi non se opón ao concerto económico, atopando apoio nunha parte da executiva estatal, e esta reforma terá que ser votada no Congreso polo que terán que decidir unha postura conxunta que xa se adiviña como abstención.♦

O Parlamento Latino considera 'inaceitábel' a atitude española con Cuba

Os vindeiros 29 e 30 de Maio celebrarase VII Conferéncia de Presidentes de Paises Latinoamericanos en Madrid pero Cuba, por decisión do Congreso, non está invitada a participar. O Parlamento Latinoamericano, ao que pertence a illa caribeña, enviou unha carta a Federico Trillo na que sinala sentirse indignado "pola pretensión de xulgar e calificar a un dos membros da institución" ao convidar a Cuba como "país observador". Engaden que Cuba "é membro pleno das Nacións Unidas, da Conferéncia Iberoamericana e do Parlamento Latinoamericano. Para os membros do *Parlatino* "é inaceptábel a pretensión dun Estado amigo, como España, de decidir a quen considera digno e a quen non de ser convidado a unha reunión da natureza que vostedes están convocando".♦

A escola debe contribuir á 'coesión nacional', segundo Esperanza Aguirre

"Todos os estudantes de España deben ter asegurado un sustrato de ensinanzas comuns que impidan a perda de valores e referentes compartidos, que garantan a indispensábel coesión nacional", afirmou a ministra de Educación, Esperanza Aguirre, en referéncia ás trasferéncias educativas ás comunidades autónomas. Contrária á LOXSE, aprobada polo PSOE, CIU e PNV, e á renovación pedagóxica, a ministra indica que a sua concepción da escola "basease en princípios como o da recompensa ao esforzo e ao mérito individual, o predomínio do saber sobre a pedagoxia".♦

N • O • V • I • D • A • D • E

O Neotrobadorismo

de TERESA LÓPEZ

Unha nova óptica do surximento do neotrobadorismo, movemento poético dos anos vinte e trinta do que formaron parte Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro.

COLECCIÓN CAMPUS

EDICIÓNS A NOSA TERRA

Unha tv emite desde primeiros de ano na língua da Illa

O gaélico irlandés medra ao amparo do crecimento económico

FRANCISCO BARCIA

O deterioro do gaélico de Irlanda semella tocar fundo. O respaldo do Governo da República e a bonanza económica da illa esmeralda están detrás da recuperación dun idioma falado a treu polo 10% da povoación. Duas mostras ilustran o bon momento que atravesa o vello gaético: a inauguración, a primeiros de ano, dunha televisión pública enteiramente en irlandés e os cen estudantes matriculados nesta matéria na Escola Oficial de Idiomas de Madrid. Ainda que a primeira vista estes dous exemplos non teñan nada en común, si reflicten a vitalidade e o interese pola aprendizaxe do gaélico, que excede mesmo as fronteiras irlandesas.

Vocabulário gaélico-latín-inglés do século XVII.

Despois de contaren coa emisora *Raidió na Gaeilge*, desde os anos setenta, as irlandesas e irlandeses preocupados polo seu idioma receberon con entusiasmo a aparición de *Telefís na Gaeilge*. Houbo festas e a cervexa correu a mancheas nas tabernas da República, segundo comenta Pádraig O'Domhnalláin, profesor de irlandés na Escola de Idiomas de Madrid desde hai sete anos. Esta televisión está a acadar importantes cotas de popularidade e incluso unha das suas séries, con subtítulos en inglés, é líder en audiéncia.

O nacimento de *Telefís na Gaeilge* non supón, nen moito menos, o final da guerra contra o devalar dun idioma que falaba todo o povo arredor de 1800, "máis si é un cámbio na maré", di este irlandés.

Un repaso á história do gaélico fai lembrar moitas das características de Galiza e do galego. A emigración secular fixo callar na povoación a crenza de que o irlandés non servia para nada e, polo tanto, era mellor coñecer o inglés, para logo marchar á viciña Inglaterra ou ás afastadas terras dos Estados Unidos e Austrália. Á extrema pobreza engadia-se o invasor inglés, que durante séculos non acougou no submetimento xeográfico e lingüístico. Este caldo de cultivo fixo agromar frases tan coñecidas, tamén para os galegos e galegas, como a de "o irlandés non é útil" e "o irlandés é un sinal evidente de pobreza".

Mais agora as cousas están a mudar. Pádraig O'Domhnalláin comenta que nestes momentos o idioma é unha cuestión que está "in" para a mocidade, empregando unha expresión claramente inglesa. Non se trata dunha moda pasaxeira, "como acontece coas camisas", mais si dunha mudanza na actitude a respeito da língua. Para Pádraig hai dous factores sobranceiros neste rexurdimento: a boa situación económica do país, "que fai esquecer a necesidade de emigrar", e a mellora do ensino en matéria lingüística.

En canto ao primeiro, a República irlandesa experimenta desde hai anos un acelerado crecimento económico. En 1996, o seu Produto Interior Bruto (PIB) incrementou-se nun elevado 8,4%, mentres que a taxa de desemprego situou-se no 12,3% da povoación activa. (No mesmo ano, a economia de Galiza só progresou o 1,85% e o nivel de paro foi do 15,4%).

Ensino obrigatório desde a independéncia

No eido do ensino, o gaélico é obrigatório desde que Irlanda acadou a independéncia, en 1922. Desde aquela os mestres recebian, segundo conta Pádraig, un "plus" por cada aluno aprovado, o cal facia bon o vello lema de "a letra con sangue entra". "Até a década dos sesenta o irlandés era un requisito imprescindíbel para pasar os exames estatais. Isto facia que moita xente dixese aos catro ventos que sentia "noxo" polo idioma e que nunca o falaria despois de o estudar. Habia algúns, incluso, que bufaban contra o chamado "terrorismo lingüístico do Estado". Agora a actitude é outra", di este profesor.

O gaético irlandés está ainda vivo en moitas rexións da República, que receben o nome de *Gaeltach* (áreas de fala irlandesa). Até alí acoden estudantes interesados en mellorar o seu nível, un fenómeno que, de paso, supón unha fonte de ingresos para as famílias do rural. Ademais existen as denominadas *gaelscoileanna*, semellantes ás *ikastolas* de Euskal Herria, na que se organiza un ensino especial en irlandés, pagado polos próprios pais. No eido universitário, é posíbel receber aulas en gaélico en Galway, no Oeste do país, sempre que houber un número de alunos e alunas suficiente.

Se ben hai avances na toponímia, nos impresos oficiais e noutros asuntos como a placa dos automóveis, que figuran en irlandés e inglés, ainda queda moito por percorrer na Administración e no mundo da empresa. O Governo conta cun ministério dedicado en exclusiva "á cultura irlandesa", ademais de organismos como o *Bord na Gaeilge* (para fomentar a língua nas empresas que traballan nas zonas de fala gaélica) e o *Comhairle na Gaeilge* (asesoramento para a própria Administración).

Mención especial merece a *Conradh na Gaeilge*, unha organización fundada en 1893 e na que participaron activamente personaxes tan importantes para a história irlandesa como Douglas Hyde, o primeiro presidente da República. Esta asociación, financiada polos sócios e sócias e mais polo Estado, luita pola normalización da língua e ten unha destacábel presénci, non só na Illa mais tamén no estranxeiro, como no Reino Unido e nos Estados Unidos. Mesmo en Madrid hai un grupo de "Conradh na Gaeilge", no que está integrado o próprio Pádraig O'Domhnalláin! Esta organización publica libros, ten clubes e o seu campo de actividade abrangue desde os meios de comunicación até o ensino, pasando, por exemplo, por Correos.

Na actualidade hai dous semanários en irlandés –o *Foinse* ("Fonte") e o *Lá* (Dia), este último publicado en Belfast– ademais de várias publicacións mensuais. Pádraig O'Domhnalláin destaca o "futuro esperanzador" da literatura na língua vernácula, que tirou de enriba a clásica temática ruralista e aborda agora os problemas da sociedade actual. Na nómina de escritores salientábeis figuran Brandon O'Heihir, Cathal O'Snódaigh e Para O'Conghaile. ♦

SUBSCRÉBASE A
A NOSA TERRA

Nome ..... Apelidos .....
Enderezo .....
.....
Cod. Postal ..... Teléfono .....
Povoación ..... N.I.F. .....
Província ..... País. .....

Suscrébome a *A Nosa Terra* (incluídos os *Cadernos de Pensamento e Cultura*) por un ano/semestre ao prezo de:

Galiza/Estado/Portugal ..... 9.000 pta./ano .....4.500 pta./semestre
Europa 10.920
América e resto do mundo 13.080

a) Subscricións para o Estado español
☐ Talón bancário adxunto
☐ Reembolso (máis 130 pta.)

b) Para o resto do mundo
☐ Cheque bancário adxunto
☐ Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.

PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.
Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou Libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐
☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular .....
..... Nº Sucursal .....
Povoación ..... Província .....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA ATENTAMENTE (SINATURA)

A NOSA TERRA
Povisa, a quebra da confianza na medicina privada
O PP vota en Madrid contra do Parlamento Galego
O VAL DO TERRAME

A INFORMACIÓN QUE PAGA A PENA TER

Juppé, á direita, xa estivera á beira do precipio político na crise do Outono do 95 en que Paris se incendiou contra os recortes sociais.

A direita vai á segunda volta condicionada a un pacto con Le Pen

Chirac fallou na sua xogada eleitoral e enfróntase á cohabitación

➺ X.C.

A suma do voto de esquerdas non chega ao 50% dos sufráxios emitidos, pero o particular sistema proporcinal francés deixa en mellor posición a Jospin que a unha direita dividida que xa pagou ao eleitorado coa cabeza de Alain Juppé, o denostado primeiro ministro que saira cambaleando das grandes mobilizacións do Outono de 1995.

Falouse pouco menos que dun novo *Maio francés*, cando no outono de hai dous anos centos de milleiros de persoas paralisaron Francia, e sobretodo París, con mobilizacións interminábeis que puxeron ao borde do KO a un governo entregado aos recortes sociais. Porén, en poucas semanas as cousas parecian voltar á normalidade, e o governo de Juppé consolidábase. Ainda que faltaban case dous anos para que vencese a lexislatura, e contando cunha maioria cómoda da dereita, Jacques Chirac deu un pinchacarneiro e convocou ás urnas para consolidarse politicamente a un ano do xuizo da moeda única europea. O equilíbrio está agora pendendo dun fio, e ainda que nengun analista o contempla, coloca ao presidente nunha difícil posición que puidera obrigalo a dimitir.

Descartada esa hipótese até que os resultados da segunda volta se coñezan, o certo é que apenas unha dúcia de circunscripcións conseguiron aupar á Asamblea aos seus candidatos maioritários. Os cincocentos restantes terán que decidirse o 1 de Xuño, coa liza singular do 12% de votos de Le Pen, ideoloxicamente fascista, pero cunha base social amalgamada na que hai non poucos desencantados da esquerda e da dereita governante.

Le Pen manéxase nesa situación non adxudicando publicamente os seus favores, e chiscando o ollo no seu labor de zapa contra un sistema do que é fillo, pero non parece que vaia ser homoxéneo o seu chamamento ao voto, dependendo os acordos de cada circunscripción.

Jospin ten xa un preacordo co Partido Comunista e acadará con naturalidade outros coas forzas ecoloxistas e á esquerda do PCF, polo que todo pode suceder nunha semana na que o governo tenta que o aumento de participación, axitando a pantasma da cohabitación, decante a balanza ao seu favor.♦

Derrota dun candidato nacionalista e suba do voto lepenista na Catalunya Norte

➺ ADAI

O cantón eleitoral de Perpinyá, con 300 mil eleitores e unha significativa bolsa de parados, converteuse, xunto o de Vitrolles, nun forte bastión do neofascista Front National. O candidato á Asamblea, Joan-Pau Alduy foi barrido, apesar de ser alcalde de Perpinyá, pertencer ao influinte grupo dos Alduy e apresentarse como candidato do centro dereita catalanista e ter o apoio de *Unió Catalana*.

Os resultados de Perpinyá están no ar entre o candidato de FN, Jean-Louis de Noëll, que acadou o 27% e o comunista Joan Vila que se puxo nun 29,5%. Deste xeito o candidato comunista mellorou 18 pontos respeito ao 1993 mentres que o candidato da RPR ainda se mantén na liza da segunda volta cun 20,6%. O resultado é un exemplo dos equilíbrios que se van producir entre os eleitores, con tres forzas en litíxio.

A Catalunya Norte votou no seu conxunto de circunscrición en clave estatalista, fracasando o centro direita catalanista e ficando na marxinalidade o *Partit per Catalunya* promovido por Àngel Colom que só conseguiu 3.000 votos no conxunto do catro cantóns nortecataláns.

Nas lexislativas de 1993 o cantón de Perpinyá deu os seus dous escanos á actual maioria de dereitas e o FN colocábase en situación de saída nesta carreira de fondo da formación neofascista que acude co demagóxico lema de "nen dereitas nen esquerdas" e "a nación como unidade de destino no universal", dixixindose a un eleitorado de pequenos comerciantes agredidos por Maastrich e retornados de Arxélia desclasados. Só o Partido Comunista foi quen de captar un voto obreiro, popular e labrego mesmo conseguindo que sectores anarquistas que están a prol da abstención muden de postura para deter a vaga da dereita radical.

Nas bisbarras fronteirizas da comunidade autonómica de Catalunya hai certa inquedanza pola suba do voto neofascista no Norde, pois se dá a circunstáncia de que na circunscripción de Girona, a máis nacionalista e independentista de Catalunya, nen tansequer o PP ten deputado no parlamento español.♦

B. LAXE

A guerra das froitas

Fráncia é un estado que sempre foi moi mirado coa sua agricultura. Cando se fundou o Mercado Comun estaban moi presentes os intereses dos agricultores franceses e foi Fráncia quen marcou a política agrária. Foron tamén os galos os que impuxeron disposicións transitórias para que a entrada do Estado español no MCE non danase os seus intereses.

Hai dous anos rematou ese prazo de *adecuación* e comezaron a resentirse os pequenos agricultores franceses, coa chegada de produtos españois, non só ao seu mercado próximo senón puxando nos mercados doutros paises. Paralelamente comezaron as protestas cíclicas estacionais.

Os agricultores franceses están a defender os seus intereses que se ven ameazados pola Política Agrícola Comun europea. Son tamén unhas vítimas deste sistema no que se impoñen as grandes multinacionais comercializadoras. A diferéncia con Galiza son, basicamente duas: o Estado francés entende os seus problemas e apóiaos, mesmo nas protestas contra intereses alleos; e as multinacionais de mercadurias tamén son francesas.♦

Un centrista gaña as presidenciais en Irán

O centrista Mohamed Jatami obtivo o 62,5% dos votos nas eleicións presidenciais celebradas en Irán o Venres 23 de Abril e vai converterse no presidente da República. No proceso eleitoral tamén participaron candidatos situados á esquerda e á direita de Jatami, alguns deles con vencellamentos relixiosos e outros laicos.

Ademais, nestes comícios rexistrouse a maior participación nunhas eleicións celebradas en Irán, o 90%. Pero en Occidente a limpeza do proceso, a alta participación e a libre determinación do povo iraniano non abonda para recoñecerlle un carácter democrático ás eleicións; xa xurdiron voces para descalificar ao *réxime* do Irán, todo porque Jatami asegurou que continuará a política que o seu antecesor, Hachemi Rafsaniani, tiña cos Estados Unidos.♦

Kabila trata de pacificar o país para poder democratizalo

Pouco durou a marxe de confianza dada por Ocidente aos nacionalistas do Congo, encabezados por Laurent Kabila. O novo chefe de governo ordenou o cese de manifestacións e das actividades políticas na capital, Kinshasa, para evitar enfrentamentos e problemas entre as distintas comunidades que habitan no país e para pacificar o Congo con vistas a dar paso á democrácia.

As medidas de control da actividade política tamén afectan ás próprias forzas de Kabila, que non poderán desprazarse pola cidade sen ordes específicas. A oposición ao deposto presidente, Mobutu Sese Seko, que non está integrada na Frente que dixire Kabila xa protestou apoiada por Ocidente, que nunca gostou da revolución nacionalista.♦

Israel evita solucións no seu contencioso cos palestinos

Mália que o primeiro ministro de Israel, Benxamin Netanyahu, visitou o Exipto para abordar o proceso de paz na beira esquerda do rio Xordán, non abordou os problemas principais do contencioso entre palestinos e israelies. Israel segue a permitir os asentamentos de colonos xudeus nos territórios ocupados, criando unha situación de tensión que, segundo o próprio presidente da Autoridade Nacional Palestina, Iaser Arafat, pode dar paso a unha guerra aberta se non atopa pronta solución.♦

"Tiñamos un problema e xa está solucionado
J.M. Aznar

Alcampo anúncia unha oferta de queixos tradicionais portugueses. "A verdadeira tradición e calidade portuguesa", di. A caron dun dos exemplares pódese ler: *Queso de aceite, denominación de origen protegida*. Estase a referir ao *Queijo de Azeitão* que é unha bisbarra portuguesa, cuxo nome non se pode traducir por ***aceite***. *Alcampo* non se trabuca, en cámbio, ao denominar as 246 clases de queixo que hai enRáncia.

O tombo do hospital e ermida de Santa Maria do camiño de Pontevedra recolle documentos dos séculos XIV, XV e XVI. Hai testamentos, senténcias, vendas, acordos do concello, etc. Dun feixe de 51, o galego é o idioma habitual desde o ano 1388. Até 1501, recen afianzado o poder dos **Reis Católicos**, non existe un texto en castelán. Durante a primeira década do século XVI, galego e castelán altérnanse. Até a metade de século o galego volve aparecer unha vez e de 1546 en diante o castelán e xa a língua única. Velaí que o galego foi durante moitas centúrias a língua oficial de Galiza, a todos os efeitos. Só a espada dos criadores da *Santa Irmandade*, antecedente da

Fuxan os Ventos

O motivo desta carta é facer un par de correcións a unha información publicada neste semanário, na páx. 22 do nº 778, co seguinte titular "*Fuxan os Ventos* cantaron en Lugo con outros históricos da canción galega".

1º) Os *"Fuxan os Ventos"* que estiveron alí non son tal na práctica, pois non participaron Mero nen Mini (Baldomero Iglesias e Xosé Luis Rivas Cruz respeitivamente), considerados membros fundamentais e insustituíbeis no grupo. Salvando as diferéncias, e se me permitides a comparación, é coma se hoxe se recompoñen os Beatles sen John Lennon, nen Paul McCartney: xa non serían os Beatles non si?

É coma se hoxe se recompoñen os Beatles sen John Lennon, nen Paul McCartney.

2º) Na mesma reseña dise-nos que había máis de dez anos que *Fuxan os Ventos* non se xuntaba, cousa que non é certa; aparte de que, na miña opinión, isto non foi unha verdadeira reunión de *Fuxan* (como expliquei máis arriba), aparte diso, sí que houbo unha reunión excepcional, e real, con motivo dunha homenaxe a Moncho Valcarce, que se fixo haberá 2 ou 3 anos. Non podo precisar a data, pero estou segura.♦

M. F. V. (SANTIAGO)

O *Centro* non era o grupo de apoio

Apareceu no número 777 deste semanário a notícia que dá conta da constitución dun grupo de apoio a *A Nosa Terra* a cargo do Centro Galego de Llodio. Sobre ela este Centro Galego quere deixar claro o seguinte:

O pasado mes de Abril recibimos unha invitación por parte do Semanário *A Nosa Terra* para participar nun xantar que dito diário tiña previsto organizar a todos os subscriptores de Euscadi. Este xantar celebrouse o pasado 4 de Maio no Bar Restaurante do Centro Galego de Llodio, local este alugado a un profesional da hostalería e polo tanto libre a toda a xente que alí queira entrar. Ao ser este Centro Galego un subscriptor máis dos que ten este periódico a nivel de Euscadi fomos en representación do mesmo tres directivos, por mor da cortesía que desexamos sempre amosar cando ven alguén dende Galiza, sexa esta a nivel particular ou representando a unha Institución ou a calquera outro organismo.

Este Centro Galego, como tal, non constituiu nengún grupo de apoio a este semanário.



Por todo o devandito, este Centro Galego, como tal, non constituiu nengún grupo de apoio a este semanário, nen se identifica para nada cos termos de dita notícia. Coidamos que os erros foron involuntários, froito dunha má información recollida polo representante de dito semanário que asistiu a este xantar, pero cumpren estas puntualizacións é aclaracións para aclarar calquer tipo de dubida que se poido crear de cara á opinión pública en xeral.♦

CENTRO GALEGO (LLODIO)

Mais *pibes*, menos guerras

O día 30 de Maio, as 12.30 da mañá, no xulgado nº 2 do penal de Vigo xulgaran a Gabriel Sánchez Ibarra (Pibe). —Qué delito cometeria este mozo para ser xulgado polo penal?— Pensarán moitos. Pois ben, o *Pibe* cometeu o "delito" de no cumprir as leis que o obrigan a facer o servício militar, ou a prestación social substitutória. E por qué fixo isto? Porque o *Pibe* é un rapaz pacifista, que non entende e rexeita a guerra entre homes e povos. Un rapaz que non se permite quedar cómodamente na casa, facendo ouvidos xordos e calando ante tanta inxustiza, nunha sociedade onde os valores humáns, compañeirismo, camaredería e loita de ideais, non soamente non son valorados, senón "rexeitados democráticamente", polos que cando convén os abandeiran.

O *Pibe* non quere a forza das armas (por iso se nega a manexalas); quere, como queremos moitos, a forza do diálogo. A propósito disto, se a Constitución Española di: "todos sereMos iguais ante a lei, sen discriminación de raza, sexo, cor ou relixión". Entón, se non fose polos moitos anos que teño, tamén me vería obrigada a facer o servício militar obrigatório? Ante iso eu tamén sería insubmisa. Pois o que teño moi claro é, loitar contra a violéncia de calquer tipo; pero sempre pacíficamente. Mal nos irá a todos impoñendo a lei de Talion "ollo por ollo, dente por dente".

O Pibe non quere a forza das armas (por iso se nega a manexalas).

Máis traballo, menos armamento e reparto equitativo das riquezas. Todo iso fara unha sociedade máis xusta.

Eu solidarizome con *pibe*, e pido que o día 30 sexamos moitos/as os que arroupemos a este defensor da solidariedade, paz e liberdade.♦

XOSEFINA SIMAL BOUZAS
(CHAPELA-REDONDELA)

Carta aberta a Anguita

En máis dunha ocasión publiquei que un dos principais problemas de IU reside en que ten dentro un gato chino facendo gatadas para o felipismo. Esta situación tense agravado despois de que IU, con Anguita de lider, consegue 2,5 millóns de votos nas eleicións xerais. Tense agravado, pois aos boicoteadores internos uníronse importantes sectores de CC.OO. que influen moi activamente en diferentes organizacións de IU en España e, en alguns casos, con grande forza.

O do programa é unha anecdota, pois nada menos que no parlamento, os felipistas de IU, no de Maastricht, votaron en contra do aprobado polo seu organo soberan de decisión. Que pasa, agora, co acordo laboral?

Os felipistas de IU, apoiados plenamente polo grupo PRISA e outros axentes e grupos, apoiados polo sector maioritário de CC.OO. síntense fortes e estan dispostos a ir a por todas, pois as ansias de poder, sen importar o color do gato, tiran moito en moitos casos e, por suposto, en IU. Van a por todas, co apoio total e decidido do *PRISOE* felipista, para cargarse a Anguita e aos seus, a su maioria —onde xa hai algunha fisura— (o que veñen facendo nunha labor calculada e permanente en multiples frontes). Válelles todo, valénse de todo para destrozar a IU, para arrincarlle máis de 500.000 votos e, con isto, volver ao poder para que continue o felipismo: un dos Rexímenes máis corruptos e degradados politicamente, ao nivel dos de Craxi, CAP e compañia.

En Galiza continuase a ofensiva política, propagandistico sindical, para descabalgar a Anguita.

O *felipismo*, para facerse co poder, pacta, utiliza a quen sexa: a IU (forza a que, ate onte mesmo, denigraba gravisimamente e en Galiza e noutras partes nunca tivo en conta para nada), ao Bloque, CG, PNG, a distra, sinistra, aos verdes, azuis e marelos. É dicer, aos grupos e persoeiros que máis lle conveñan en cada caso, sen importarlles a sua cor, sen, por suposto, olvidar aos *Doberman* (que xa empezaron a mostrar a orella en Galiza).

O de Galiza, non é máis que un primeiro paso para que, o PSOE poida salvar os móveis. Se o PSOE queda por baixo do Bloque seria un duro golpe para o felipismo, para preparar as eleicións seguintes e, ainda mais, para Vázquez o *Amo de La Coruña* cos seus poderosos sócios. Segundo, e moito máis importante trátase de prepararlle o terreo a *Iniciativa per Cataluña* con Maragall nas eleicións catalanas, que son de gran importáncia para facerse co poder en España, para reforzar o novo Réxime, a continuación do *felipismo*.

Desta maneira, en Galiza continuase a ofensiva política, propagandistico-mediatica, sindical, "intelectual", para descabalgar a Anguita e aos seus, a sua maioria, para deixalos co cú o vento.

Como é posíbel que IU poida pactar nunha comunidade autónoma , cunha forza política que de forma permanente está despreciando, insultando e mentindo sobre Anguita e a política maioritária de IU?

Será grandioso velo a vostede, con González, Guerra, Serra, Barrionuevo (unha das propostas

Sabe que facer en caso de sismo?

Telmo
Estudante

Depende da intensidade, se é moi forte sair ao monte e se estou na casa, quedar na casa, no salón, depende onde me atope. Sei que hai unhas zonas a casa máis seguras porque é onde están as vigas, que rachan máis tarde, pero eu esperaria no salón, dependendo da intensidade. Se fose moi forte sairia, creo que teria tempo dabondo.♦



Xosé Maria
Empregado

A miña opinión seria que se é moi intenso sair da casa e ir a un descampado se hai tempo. No caso de non haber tempo haberia que acubillarse baixo dun marco dunha porta ou ben xunto a unha columna onde haxa maior seguridade. Neste caso espertoume a miña muller, comprobei que se movia a casa pero me din a volta e seguin durmindo.♦

Conchiña
Ama de casa

Non sei pero o outro dia actuei tranquilamente. Fun a ver ao meu home que estaba deitado e esperei a ver que pasaba, xa imaxinei que non seria moi grave. A miña casa é moi sólida, de paredes moi gordas. Sei que hai que poñerse debaixo da cama ou da mesa ou do marco da porta, pero na miña casa non serve porque ten pedras arriba.♦

Olga
Ama de casa

Non sei exactamente. Seica hai que quedar na casa baixo dalgun moble ou algo asi. Neste caso non fixen nada especial nen marchei málla que me enteirei, o sismo colleume de surpresa. A administración non informa moito de como actuar no caso dun terremoto nen tampouco avisa se se produce, claro que a predición é máis difícil.♦

Mónica
Opositora

Non sei que medidas hai que tomar ademais de sair da casa ou poñerse debaixo dos marcos das portas, porque é onde hai maior seguridade, xa que esa é a parte que máis tarda en ceder. Seino porque o escoitei na rádio. Non teño medo aos sismos, durmo como unha lirona. A xente que se quer informar enteirase, pero hai moito medo.♦

que vai levar Vázquez, dende Galiza, ao congreso felipista é que os fiscais instruan os casos nos procesos xudiciais!), facendo campaña, xuntos en Galiza, pedindo o voto para "su candidato", "el de González" como di a "fina" propaganda pagada. De seguir así, pode darse o caso de que o grupo *felipista de IU* se presente cos seus, os de González, en várias comunidades e nas eleicións xerais, de forma hábil, pidan o voto contra vostede, contra a maioria de IU. Cabe maior confusión política, maior cachondeo?♦

MIGUEL CANCIO
(PROFESOR DE SOCIOLOXIA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO)

Pola liberdade de expresom em Compostela

Membros de diversos colectivos sócio-políticos e militantes da esquerda nacionalista e independentista estamos a ser sistematicamente retid@s e indentificados por parte de agentes da Polícia espanhola e municipal quando realizamos coladas de cartazes nas ruas de Compostela. Esta persequiçom —disfrazada convenientemente de suposta defesa do património local— nom afecta igualmente á propaganda de discotecas, áreas comerciais, cursos de baile ou festas várias, polo que há que situa-la num marco de acoso e silenciamento de colectivos e organizaçons concretas —como mesmo reconheceu em *petit comite* um agente da Polícia Municipal durante umha destas retençons noiturnas— e da que é responsável político o concelheiro de *seguridade* cidadá Sánchez Bugalho.

É também de sinalar a atitude de muitos destes agentes, que em casos chegam a exibir um conhecimento detalhado de dados da vida particular das pessoas que temos sido retidas, com o que se demostra até que ponto o direito formal á intimidade está a ser violado e qual é o grau de seguimento policial que há sobre militantes e activistas sociais concretos.

Esta persequiçom nom afecta á propaganda de discotecas, áreas comerciais ou festas várias.

Criminaliza-se a maiores a apariçom de "pintadas" em muros e paredes —nunca na pedra— com campanhas mediáticas de propaganda (*La Voz de Galicia*, e *El Correo Gallego* especialmente) nas que se fala de atentados imaginários ao património e se exige mão dura com @s autores, que som ligad@s sistematicamente á esquerda independentista, no que é um outro intento de criminalizaçom ante a sociedade e *justificaçom* de sucessivas actuaçons da polícia em clave repressiva.

Nesta mesma linha há que chamar a atençom sobre a retirada total, e em poucas horas, de coladas de cartazes que exijiam o traslado á Galiza d@s pres@s independentistas galeg@s asinados polos *Comités Anti-repressivos da Galiza* (CAR), ou a desapariçom doutra colada na que se convocava umha manifestaçom contra a repressom da mocidade, asinada pola *Assembleia da Mocidade Independentista*, entre outras muitas actuaçons policial-municipais contrárias á liberdade de expresom.

Este tipo de "labores" em que intervenhem os polícias, e a cuio serviço é posta a brigada de limpeza do Concelho, devem (?) ter um responsável político detrás, do que seria correcto que tod@s @s vizinh@s puideramos saber o seu nome —a nom ser que os chamados corpos de seguridade gozem de plena autonomia para actuar—; e ademais exigem umha resposta séria por parte de todas aquelas pessoas e organizaçons democráticas no sentido real da palavra, porque estamos fart@s dos abusos policiais.♦

J.M.T.
(DE CAR DE COMPOSTELA)

A ideoloxia nacionalista

Resposta á carta do Nº 770 de Alfredo Ferreiro

Ideoloxicamente o nacionalismo é máis ou menos revolucionário dependendo da clase social que o empuxe, burguesia, clases medias, proletariado, etc.; pois o movemento nacionalista non se atopa no baleiro, nun mundo intelectual abstracto, senon que para existir necesita radicarse na conxuntura histórico-vital dun povo. Na práctica o nacionalismo é sempre un feito revolucionário, posto que aínda que non implique en si mesmo un programa democrático, ali onde triunfe, obxetivamente perxudica e disgrega o imperialismo. Incluso nos países onde o nacionalismo se expresa nun ton político conservador, a Republica de Irlanda por exemplo, as melloras experimentadas pola povoación son enormes, no século XIX Irlanda era unha colónia inglesa onde o povo era tratado brutalmente, a fame era un fenómeno cotian (en 1844 morrerón de inanición 250.000 persoas), os irlandeses forón obrigados a emigrar masivamente. Como é obvio coa consecución da independéncia en 1922 todas as lacras froito do imperialismo desaparecerón.

Podemos comparar a história de Irlanda e a de Galiza neste século, imaxinemos que Galiza acadase a independéncia no ano 1931 sendo Castelao presidente. Indubidabelmente os benefícios para os galegos terían sido inmensos: Non teriamos a guerra civil, nen a represión criminal do fascismo, nen os anos da fame, nen a emigración de centos de miles de compatriotas, nen a explotación dos recursos económicos do noso país, etc. Da que foi a España de bágoas e dor do ditador Franco a unha Galiza ceibe e democrática que non puido ser de Castelao, vai unha grande diferéncia, unha diferéncia revolucionária.

Pola outra banda, resulta inexacto equiparar os 25.000 afiliados da CNT, os cales maioritariamente eran sindicalistas-refor-

A ALDEA GLOBAL

está aberta ás vosas colaboracións, débense incluir o nome e apelidos.
Os textos non deben exceder as 45 liñas.

Agora tamén pode dirixir os envios para esta sección polo correo electrónico:
antpcg@arrakis.es

Envios a:
A ALDEA GLOBAL
A NOSA TERRA
Apart. 1.371 36200 Vigo
ou através do Fax:
(986) 22 31 01

Garda Civil, foi quen de apartalo do seu uso en notarias, pazos e igrexas.

Segundo un estúdo noruego realizado polo *College of Business* de Oslo, os asalariados tristes son máis eficientes no traballo que os ledos. Estes últimos teñen tendéncia a sobrestimar as suas capacidades e a susbestimar a complexidade dos problemas. Os tristes en cámbio, teñen menos confianza en si mesmos e traballan máis. Aí debe estar a razón da última **reforma** laboral.

Hai empresários brasileiros que, fartos do neo-liberalismo que outorga todas as ventaxas ás multinacionais, están a mirar con bos ollos o *Movimento dos Sem Terra*. Préstanlle os seus xornais e as suas televisións. A firme enxurrada campesiña medra e recibe o aplauso das **cidades**. É unha situación ben interesante, ainda que, de seguro, que Cortizo non a entenderia.

Dicia Peter Weiss que cos cadros desprendeuse da língoa e conxurou as experiéncias da emigración e o exílio. Tamén se liberou do siléncio e a soedade que sobreven cando un non consigue entender. O bilingüismo armónico será acaso o dun que fala castelán e outro que **pinta** en galego?

No século XVIII non se lle daba importáncia á nudez.

A xente podia amosarse espida en público, sen nengún reparo. Homes e mulleres bañábanse diante das visitas e mudaban de roupa en preséncia dos criados. Isto ocurria en toda Europa. Durante séculos en Galiza sobranceaba unha notábel liberdade sexual, como observaron diversos viaxeiros que pasaron por estas terras. A Igrexa tardou centos de anos en impoñerse. Os próprios cregos andaban ás mozas como algo natural e das moitas veces que os pillaban metidos en fariña acaiulles o nome de *cregos saltaregueiros.* Todo isto foi noutra época. Agora a xente vive baixo as normas do Concílio de **Trento** que tardou en chegar, pero chegou.♦

mistas e non anarquistas da FAI, coas 500 persoas das *Irmandades da Fala*, dando a entender que o movemento anarquista era máis importante que o nacionalista en Galiza. Afirmamos con rotundidade que era ao revés, que o anarquismo atopábase estancado, sobor de todo debido a competéncia dos socialistas, mentras que o nacionalismo emerxia con forza, contando con moitos simpatizantes e votantes, influxo político, capacidade cultural e intelectual. Gostariame sinalar que a maior parte dos nacionalistas eran de esquerdas e posicionáronse a prol da *Frente Popular*, e aínda que non todos eran socialistas, cunhas ideas imprecisas ao respeito, nembargantes os postulados socialistas foron medrando. Verdadeiramente existia un fondo interese polas clases traballadoras e os pobres lembremos os famosos debuxos de Castelao.

O nacionalismo é sempre revolucionário. Incluso nos paises onde se expresa nun ton conservador.

Paréceme moi ben que os anarquistas estean polo restablecemento das liberdades nacionais de Galiza e contra do colonialismo español, pero é verdadeiramente triste ver como desde outras formacións políticas de esquerdas se nega, por activa e por pasiva, o exercício democrático do dereito de autodeterminación do povo galego.♦

GONZALO BLANCO VAZQUEZ
(OURENSE)

Suso Sanmartin

O catalão de Valéncia

Com este título saia o dia 21 de Maio em La Voz de Galicia umha colaboraçom assinada por Carme F. Pérez Sanjulián, delegada na Galiza da Agência europeia para as línguas menos extendidas, ou seja, que sabe algo do assunto.

O artigo vinha enquadrado na reportagem de informaçom sobre a controvérsia que se montou em Madrid coa declaraçom da comissom de educaçom e cultura do parlamento espanhol (por umha apertada margem de quatro votos 21-17) dando-lhe oficialidade á obviedade científica (filológica) da unidade da língua català.

<<A língua catalana pertence ao grupo das línguas neolatinas occidentais ao igual que o galego-português(...)>>.

O artigo, que empregava grafias espanholas (o que nom deixa de ser umha contradiçom), estava escrito numha normativa das chamadas Reintegracionistas de mínimos suponho que para nom erguer subsceptibilidades, ou quem sabe, ao melhor nom lhe deixarom escrevé-lo em galego-português!

Umha iniciativa do BNG análoga serviria para saber quem é quem no nacionalismo galego.

É difícil deixar de pensar na unidade lingüística quando se fala do catalao (entre outras cousas porque som quase iguais) ainda que umha iniciativa similar do BNG seria inútil, pois o PSOE nom teria o mesmo voto.

Umha iniciativa do BNG análoga serviria para saber quem é quem no nacionalismo galego com respeito ao tema da língua mas temo-me que este argumento é um mais para que a iniciativa nom se leve a Madrid.

O nacionalismo corre o risco de que, por tanto deixar para diante a questom da normativizaçom normalizando primeiro, esqueça os seus princípios e remate por assumir as teses oficialistas.♦

S. FERNANDES GARCIA
(DO MOVIMENTO EM DEFESA DA LINGUA DA CORUNHA)

T·E·X·T·O·S P·A·R·A O E·N·S·I·N·O N·A E·S·O

E ademais:

Física e Química para 1º de BUP

Física e Química para 3º de BUP

e Música

A NOSA TERRA S-PG

Se quere coñecer o noso material didáctico ou pedir información, pode chamar aos teléfonos (981) 27 82 59 (de 10 a 13 horas) ou (986) 43 38 30.

Terra Única, a propaganda sustitue á cultura

Moita publicidade para un programa que non se anúncia

X. CARBALLA - P. CASTRO

O pasado martes dia 27 o Conselleiro de Cultura, Xesus Pérez Varela, apresentaba a Feira do Teatro que se inicia en Compostela, como "un máis dos actos de *Galicia, Terra Única*", pero agachaba o resto da programación que xa difunde en español para as axéncias de viaxe. O mantelo publicitário, con lema próprio "Da romanización ao ciberespácio", pretende cobrir toda a programación cultural desde agora até Outubro, xusto ao pé das eleicións.

Cando se produciu o desembarco de Pérez Varela no Consello da Xunta, xa con pleno dereito e non de ouvinte, anunciou unha revolución na programación cultural institucional, que se traduciu de contado nun eslógan publicitário: *Galicia, terra única*. O proxecto nunca chegou a contar cun razonamento inicial que superase as vaguedades e a obsesión cuantitiva. Perez Varela chegou a afirmar que se mobilizarian "máis de 25.000 artistas", iniciando ao tempo que facia este anúncio unha ofensiva no sector da cultura consistente en achegar cartos para, se non comprar vontades críticas, si silencialas nun momento preeleitoral no que se precisaba augas tranquilas.

Pasados os meses as vallas xa empezan a aparecer e o sentido do cadro que quer debuxar Cultura perfílase. O elemento de xuizo do programa, que na rolda de prensa Pérez Varela agacha, está explícito no folleto que enviou ás axencias de viaxes nos que se mesturan os logotipos do Xacobeo 99, a Xunta e Ibéria baixo un novo eslógan a sumar aos anteriorse: "Vive a creatividade": mesturar toda a programación difusa de anos anteriores dándolle un novo carimbo.

Cantidade por riba de todo

Os comisários das exposicións de arte recibiron unha instrucción: cantos máis nomes mellor. É a vella receita de acocharse na cantidade para ampararse das críticas, un critério que sen embargo non é posíbel extender cabalmente a todas as actividades. Na presentación da Feira do Teatro —que comeza o 31 de Maio— o conselleiro deu algunha das pautas de funcionamento. Apresentáranse case sesenta compañias para finalmente escollerse a 26, entre elas duas de fóra de Galiza, "pero traeranse a sesenta programadores de fóra".

A Feira do Teatro deixara de realizarse durante várias anos por falla de apoio económico. Agora oferécese como gancho un orzamento de 25 millóns para, unha vez confirmados os grupos escollidos, rebaixar radicalmente a cantidade prevista á metade (uns 12 millóns) a conta de rebaixar os honorários das compañias. Como caramelo para escapar desta situación incómoda, Pérez Varela tira un novo as da manga "espero ir coa xente do teatro, eu que son un autor frustrado, a pór a primeira pedra do Gran Teatro de Santiago que imos renovar". Duas semanas antes, o próprio Conselleiro dixo que non ia con el a restauración do Teatro Principal de Tui, baixo o que pende a ameaza da piqueta.

Cultura decidiu agrupar toda a programación até as eleicións baixo un carimbo publicitário sen maior contido. A. IGLESIAS

O trunfo do *galaico*

"Unha caravana paseará os acentos da cultura propiamente galaica"; "Amancio Prada encabezará un grupo de artistas, nunha recriación do cancioneiro galaico-portugués"; "unha visión moi ampla da criatividade plástica galaica"; "actividades puntuais distribuiranse polo solar galego"... son alguns dos lemas de apresentación do adianto turístico que manexan as axéncias de viaxe para chamar a visitar Galiza.

O folleto realmente apóiase na mesma filosofia do Xacobeo93, pero as actividades que anúncian son as que todos os anos se facian con outras denominacións como o Festival de Teatro do Carballiño, os Circuitos Culturais ou a Romaria Internacional: A todos estes eventos a conselleria sumaralle uns cantos congresos a celebrar no ano 97, xusto até Outubro, e outros que engade a maiores: simposium "Santiago-Al Andalus", maratón das comunicacións, salón internacional do património cultural ou mesmo unha caravana cultural que ainda non está claro que contido vai ter.

Orquestras (Vilalba), jazz (Noia), rock na raia (Verin), encontros de orquestras de cámara (Tui), xóvenes valores da música clásica (Betanzos), música a carón do viño (Cambados)... enchen os anúncios do folleto colorido que a Conselleria pensa dofisicar en roldas de prensa comenentemente promocionadas. Sen embargo a rigurosa organización do conselleiro Varela non foi quen de evitar que o próprio Dia das Letras Galegas se notase a utilización politica de todos os actos: en troques de asistir á homenaxe a Fole, os concelleiros do PP fóronse a arroupar, á mesma hora, os fastos da Terra Única, o que provocou a protesta das xentes da Real Academia e da oposición política.♦

Seoane

PILAR PALLARÉS

Máis adiante tentaria reduzir todas as posíveis feizóns individuais a dous ou tres riscos rápidos e precisos, depurar a lembranza —a del e a daqueles homes e mulleres sentados, ollando á fronte— até a fazer liña e cor. Restos e paisaxes como só un pastor do século XV atinaria a mostrar, coa sabedoria daquela vella labrega á que un dia de Nadal o son da gaita fixo chorar de leda nostálxia, na esquina de Salgueiro e Ribadávia.

Máis adiante. Primeiro unha "Figura con fundo amarelo", unha "Figura marela e vermella" despois. Amplas chairas de azul cobalto, verde xade e berenxena pulando coa forzas das raízes máis antergas para fazeren que xurda a forma. Das cores máis profundas que morderán o sol han nacer unha muller pelando nas patacas, un mozo que lia un pito, un gaiteiro de Arca que é seu pai ou que é el próprio, peixeiras e rosquilleiras da feira dos xoves en Santa Susana, mozas que ollan para alén do mar –antre o ronsar das ondas contra os cons–, o laio dos que dia a dia loitan e morren "en países desvariados aos da sua mocidade, en grises lonxanas cibdades de engano feitas de presa, de aceiro, de cemento, sen ar".

Máis adiante. Agora élle preciso fixar con toda exactitude a boca aínda rúbia e convidadora do vello, o azul bretemoso onde encoran os anos, o parolar das mans. Veste unha zamarra gasta, botas e chambra de liño. De novo tivo con certeza carniñas de manteiga como o galán que a rapaza rosalian desexava; agora, xa ancián, é aínda roxiño e encarnado, con lampexos da cor nas meixelas e unha barba branca que agostou a luz. Escoita a léria do paxaro –un xílgaro, un ouriol?– que lle pousou no ombreiro, calado, a falaren somente as mans onde loce o escudo da pobreza, –Mínia, lenda e fada, Maria das batallas que ainda faltan– a falaren sorridentes os ollos claros. Falan dun prado, Cimadevila coas nogueiras. Dos montes verdes e amarelos, do pan trigo. Vellas imaxes campesiñas acugulando a lembranza. Cantigas e esconxuros. A mansedume dos años, arrepiados de espanto ao entraren por Concheiros.

Un dia voltará. Erguerá no restorán e ha-lle chamar "Costanera. Parrillada Argentina". Talvez os fins de semana traballará un horto ou unhas leiras —un labrego é-o sempre, ainda no esquezo— "Que lazo, non sendo a actualidade, o une a esta nazón? Que recordos? Que infancia?". Consola-se un pouco coa dos netos, para os que toca ao serán no pátio de glicinas e xasmins, tan lonxe do prado de Cimadevila e do rosto da nai.♦

Para Maruxa Fernández, que un dia contou a história de "O vello e o paxaro" e do desterrado que se recoñeceu nel. Para que ese cadro e outros poidan dispor, xa, dun edifício inteiro que os acolla

■ Os pequenos aos micrófonos con *Ponte nas ondas*

Desde as dez da mañán até as dez da noite do 6 de Xuño, os alunos e alunas dos centros escolares de Mos, Tomiño, Salceda de Caselas, O Porriño, Salvaterra, Ponteareas, Monção, Paredes de Coura e Ponte de Lima vivirán a que xa é a terceira experiéncia radiofónica *Ponte...nas ondas!* Os estudos están instalados na Casa da Cultura de Salvaterra e en Radio "Ecos da Raia" de Monção. Este programa anual está adicado cada ano a un dos concellos participantes e, nesta edición, tócalle o turno a Salvaterra. A pergunta que estará no ar e que pode facer gañar aos concursantes duas equipas de son é "que aprendeches do concello de Salvaterra para *Ponte nas ondas?*". Máis de oito mil alunos dos dezaseis centros que participan nesta radio experimental poderán seguir a programación. Os profesores, que promoven esta iniciativa, contan coa axuda do Banco Simeón e da Caixa Geral de Depósitos asi como do concello de Salvaterra e várias editoriais galegas. Por segundo ano, a experiéncia está en Internet, cuxo enderezo é www.arrakis.es/~xangui/ondas.htm. ♦

■ Recoñecimentos a Díaz Pardo e Antón Risco

A pasada fin de semana o Clube Cultural Alexandre Bóveda celebrou en Ourense unha cea-homenaxe na que se recoñeceu



Antón Risco.

a traxectória humana e intelectual de Antón Risco, profesor universitário na Universidade de Laval no Quebec. Nestes mesmos dias o Patronato Curros Enríquez concedeu prémio Casa dos Poetas a Isaac Díaz Pardo. ♦

■ O concello de Santiago deixa morrer *En Pé de Pedra*

Os problemas económicos que, segundo o edil de cultura de Compostela atravesa o concello, impedirán que este ano se celebre a terceira edición da monstra de teatro e danza "En Pé de Pedra". A Sala Galán, promotora desta iniciativa cultural, quéixase da falta de sensibilidade dos responsábeis municipais por deixar morrer unha proposta que ten como principal obxectivo achegar a danza e o teatro contemporáneos ás prazas e as ruas do casco vello da cidade.

"Nas edicións anteriores a monstra tivo moito éxito entre o público, por iso pensamos que seria interesante aumentar o número de participantes. Sabiamos que iso subiria o presuposto, pero apuramos as cifras e ao final quedóuse en 4 millóns de pesetas, incluindo os pagos ás compañias, os gastos de desprazamento, de estáncia e de organización", explica Ana Vallés, responsábel de programación da Sala Galán.

Pero no concello advertíronlles que era un presuposto excesivo e que haberia que rebaixalo. Os responsábeis da Galán aceitaron o reto e decidiron buscar apoios económicos externos "para reducir a aportación do concello até os dous millóns e meio de pesetas, a mesma cantidade que en anos anteriores", conta Ana.

Do IGAEM obtiveron un millón de pesetas, a universidade de Santiago comprometeuse a custear os gastos de imprenta, o Monte do Gozo facilitou gratuitamente os aloxamentos e Iberia fixo prezos especiais para que as compañias puidesen desprazarse á cidade. "Pésie ter rebaixado o presuposto á cantidade dos anos anteriores e coa asisténcia dos participantes confirmada, o responsábel de Cultura díxonos que non habia cartos", indica Vallés.

A cidade cultural do 2000 deixa morrer "En Pé de Pedra", unha monstra de teatro e danza que até o de agora permitira, coas ruas e as prazas como cenário, achegar a todos os públicos, tanto aos que asisten habitualmente ás salas, como aos que nunca as pisaron, "coñecer a criación contemporánea e, sobre todo que deixe de ser un produto para elites culturais". ♦

■ Denúncian o derrubamento da casa de Aquilino Iglesia

As Brigadas en Defensa do Património Chairego denúncian que a casa de Aquilino Iglesia Alvariño no concello de Abadin "está arrodeada de silveiras e nun estado de abandono absoluto" e que se derrubou o teito. Ainda se pode observar o cuarto onde nasceu o poeta pero o deterioro da vivenda fixo que as brigadas puxéranse en contacto con familiares e co delegado de Cultura de Abadin, ao que lle pediron que declare a casa de interese cultural. Tamén teñen previsto celebrar un recital poético diante da vivenda. ♦

Oliva Alonso e a sua neta Graciela.

■ Lembranza de Alonso Rios

Dentro dos actos adicados a restaurar a memória do 36, a Comisión Cidadá do Baixo Miño celebrou un acto no Centro Goianés, no que interviron o historiador Bieito Alonso e o fillo de Francisco Rodríguez Otero, secretário do xulgado de Tomiño fusilado no 1936.

Glosouse a figura de Antón Alonso Rios, que dirixia as Escolas do Portvir e era deputado agrarista-galeguista.

A Comisión aproveitou a emotiva presénCia na Galiza da sua filla Oliva Alonso e a sua neta Graciela (ambas na foto), para facerlle entrega dun agasallo. ♦

■ En Porto debaten sobre o teatro: *arte ou servizo público?*

Como actividade complemantária ao Festival Internacional de Teatro de expresión Ibérica de Porto, organízase os dias 29, 30 e 31 unha seminário que quer debater a función social do teatro.

Arte, serviço público e economia de mercado é o título do seminário que conta coa participación de estudosos de Arxentina, Cuba, Franza, a ex Iugoslavia, Portugal, Marrocos e o Estado español. A abertura destas xornadas tratará a dependéncia histórica do teatro, o dia 30 debatirase o papel do teatro na sociedade burguesa, a relación coa colonización de América Latina e África e a percura da independéncia e o último dia, o 31, as conferéncias xirarán ao redor do teatro nos países comunistas, as respostas socialdemócrata e liberal asi como a contraposición entre teatro público e privado. ♦

OPINIÓN

CARTA ABERTA AO MEU SEÑOR DA TERRA CHA

MANUEL LÓPEZ FOXO

Meu señor Manuel Maria: Acabo de ler os "Sonetos á Casa de Hortas". Alguén me dixo que disque proclamaches non sei onde que son estes os teus últimos poemas. Mais eu sei que non é certo, porque necesariamente tes que seguir escrebindo, dándonos o pan da palabra e o viño da poesia. Si, Manuel, nesta terra que vai en todos nós nada hai máis verdadeiro e máis puro que o teu verbo delicado e transparente. Precisamos os teus versos para saber ben o que é a Poesia nesta pátria de mil poetas. Precisamos o teu canto para que a emoción penetre en nós e faga o noso corazón vibrar. Precisamos que sigas escrebindo para liberarnos de tanta palabreria baldeira que florece na República das Letras.

Sabes moi ben que vén de aló de lonxe a nosa admiración pola tua obra, caudalosa coma o Miño, rica como a paisaxe mesma, viva como a auga das fervenzas. Vella é tamén a nosa admiración pola tua figura de patriarca e de señor da terra, tan semellante á de don Ramón Otero Pedrayo. ¡Ai, canto en ti do señor de Trasalba hai, meu amigo Manuel!

Non sei se teremos algunha vez o gozo de ler algo que supere aos poemários "A luz ressuscitada" ou "As lúcidas luas do outono", onde a tua poesia chega ao cúmio da sabiduria e da perfeición. Non o sei. Pero o que si é certo é que seguimos agardando e amando a tua palabra, porque sempre nos enriquece e case sempre nos maravilla, fales de Saleta, do Pai Miño, das lagoas chairegas ou dos lenzos de Sandro Botticelli. Por iso che agradecemos de todo corazón eses teus sonetos á Casa de Hortas. Comprendo e comparto o que aí, nese libro de augas claras, nos transmites. Todos temos un território da infáncia, un microcosmos íntimo, algúns sentimos igualmente unha enorme dor por todo ese mundo de nós que se esborralla dia a dia.

> "Precisamos os teus versos para saber ben o que é a Poesia nesta pátria de mil poetas"

Manuel Maria recibe unha homenaxe da *Asociación de Escritores* o 31 de Maio en Outeiro de Rei.

A tua Casa de Hortas é, con outro nome, con outro espazo xeográfico, mesmo con outras imaxes e lembranzas, a casa que lle falta a moita xente, ainda que, como che sucede a ti, non saibamos ben se o que nos falta é a casa, a nenez que ficou aló no início do tempo, as persoas que amamos e que nos deixaron xa ou todos aqueles soños que perdimos pouco a pouco nos naufráxios.

A todo aquilo que foi e xa non é, a todo aquilo que nos falta e vai en nós, a ese edén perdido hai mil anos, regresamos agora contigo soneto a soneto, meu vello amigo Manuel, regresamos ao gozo e á memória dos dias felices, regresamos á casa en pé, ao lume da lareira, ás brétemas e aos soños de seda, ao sabor das cereixas, a un pasado de medas e palleiros, de merlos e mazás, de figos migueliños e aromas de pan e loureiro. Regresamos a ese noso reino e poema a poema, lentamente, vai-se apoderando de nós a nostalxia e a tristeza. O teu verbo, máis unha vez, nos ilumina, nos incéndia e nos enriquece.

Cando isto escrebo, aqui, na Terra de Trasancos, entre Freixeiro e Piñeiros, chégame a notícia de que porfin no teu amado Outeiro de Rei se che vai oferecer un cálido homenaxe, a iniciativa da Asociación de Escritores. Ben merecido o tes. Mais que saiban os de Outeiro que nunca Outeiro de Rei che poderá agradecer o que che debe. Non hai poeta no mundo que dedicara tantísimas palabras aos seus eidos nativos. O universo de Outeiro de Rei vai coma un rio por toda a tua obra. A tua palabra é centeo e trigo de Outeiro, carqueixa e flor de camélio de Outeiro e purísima auga das fontes de Outeiro. Outeiro enteiro, cos seus difuntiños, é xa vida eterna para ti e para nós.

Grácias, Manuel, por tanta luz e tanta beleza e por tanto amor derramado e non sempre agradecido. Parabén, señor da Terra Chá, altísimo poeta. ♦

Leituras

Dous *Dublin* e tres

Títulos: *Noites de papel* e *Bágoas de facer illas*.
Autores: M. Lourenzo González e Anxo Angueira.
Editorial: Edicións Xerais.

Velaquí dous narradores dos noventa con dúas interesantes obras, as duas gañadoras do 2º e 3º Premio Café Dublin, respectivamente e correspondentes aos anos 95 e 96. As duas con un tema de fondo moi atractivo, a eséncia da personalidade humana, tratado de diferentes e suxerentes maneiras.

Bágoas de facer illas é o primeiro contributo á narrativa de Anxo Angueira. Ainda que, en realidade, este conxunto de tres relatos fiados, vén precedido dunha recente aparición do primeiro deles na antoloxía conmemorativa de Xerais *Unha liña no ceo*, entón baixo o título Redondela. É, sen dúbida, o relato mellor logrado e máis intenso, ainda que agora incorporado dentro dunha máis ampla trama, da cal é iniciador, condicionante e interno referente estilístico. Presenta un asunto que comeza desde a corrente de conciéncia da crónica sentimental íntima e, pouco a pouco, vai tornando na descoberta e fascinanción do mundo rural —tema moi dos nosos días— á vez que se ve invadido por unha exquisitamente dosificada e introducida atmosfera de mistério, dun mistério que arrinca do máis fondo da terra e abrangue o conxunto do ser que a habita. Contada en fórmula epistolar pola narradora protagonista, o exercicio de autoanálise remata invadindo o corpo enteiro do que xa podemos cha-





Manuel Lourenzo e Anxo Angueira.

mar novela. O conflito amoroso que serve de início ao primeiro relato, capítulo, vese complementado no segundo coa versión do outro membro da parella; agora a narración está desprovista do fragmentarismo a que obriga a epistola, máis e outra vez a corrente de conciéncia que volve aparecer tamén nun clima de mistério sabiamente manexado que comeza nunha situación moi normal e vai medrando no avance ata chegar á cerimónia da confusión perda da identidade. A terceira parte ou capítulo volve traer o fragmentarismo e, dentro del, reaparece tamén a epístola en forma de nota de despedida, para continuar con duas mensaxes telefónicas que tradicionalmente non se asimilan á epistola no lento vagar da reformulación retórica, pero que non ofrecen dúbidas en canto á sua pertinéncia. É de lamentar a escasa verosemellanza a que se expón o narrador nalgun lance do terceiro capítulo, onde non acata a brevidade que anúncia, todo o contrário; así como noutros dous confusos lances do segundo capítulo. Desde logo, non é nada alentadora a perspectiva que se pinta desde *Bágoas nas illas*, polo que de despersonalizadora se lle atribue á relación de parella. Como se agarda, o tempo xoga un papel fundamental nesto que vimos de apelidar e poderiamos alcumar tamén como a procura da identidade —perdida? Este tema é compartido tamén polo obsesivo mundo de *Noites de papel*.

Son duas propostas narrativas de interesante leitura: moi amena a primeira e moi ambiciosa a segunda.

Anxo Angueira novela o mistério da realidade virtual humana, M. Lourenzo ratifica as dúbidas existenciais. Nas duas o tempo é culpábel: na primeira, da análise do pasado e presente de que parte o futuro; na segunda, vertixe que deforma e conforma toda realidade.

Noites de papel é un conxunto de dezanove relatos nos que se deixan ver con claridade as preséncias de Cunqueiro, Borges, Kafka, Rosalia ou Lorca. A ousadia esperimentalista está sempre presente; mais o perigo da dispersión da leitura comprensora, acentuado pola cantidade e variedade de narradores, estilos ou xéneros, sálvao o autor conferíndolle unha visión totalizadora á obra. Así o queremos entender baixo pena de que o libro perda excesivamente e fique en simple mangado de exercícios de estilo, visión superficial e fría, reductora e despersonalizadora. Ademais de teren en común, os relatos, un audaz xogo de planos narrativos onde a relatividade temporal é eixo, o autor coida que nalguns relatos se poida enxergar un mesmo protagonista. E como hai que descreber a obra, cómpre mencionar que aqui atopará o leitor relatos puramente descritivos, relatos fantásticos, mesmo algún ronda o xénero negro, western, outro que bebe no cine á vez que na pintura e o relato erótico, ou casos de metaliteratura literaturizada. En definitiva, un rico universo composto de diferentes estilos, xéneros e narradores (desde a impersoalidade do narrador xornalístico, á 3ª persoa clásica ou o eu), desde os cales se explica un capítulo do que pode ser a vida humana, precisamente porque a nosa vida pasa por diferente etapas. A sua complexidade quizá debera obrigar a algún tipo de limiar ou información adxacente que impida a decepción do leitor pouco atento, porque o destinatário está lonxe de ser universal.

Tanto un como o outro adoecen de caréncias, algun relato do último é trascendente só para o autor como exercício de estilo, pero son duas propostas narrativas de interesante leitura: moi amena a primeira e moi ambiciosa a segunda. Hai que agardar mellores traballos de ambos, demostrados teñen os dotes de narradores.♦

XOSÉ M. EIRÉ

MERLÍN

Unha guía poética das cidades do corazón



Un tratado de urbanismo poético, unha cartografía urbana crítica e esperanzadora. Intimista e entrañable, o libro deita unha ollada tenra e rebelde ás cousas da vida desde a óptica da infancia e a adolescencia.

La Voz de Galicia

Os poemas de *Cidades* son para mozos e mozas que ven o Xabarín Club, escoitan o rock bravú de Rastreros, bailan coas gaitas desmadradas de Berrogüeto, soñan con facer o amor ó ritmo frenético das pandereiteiras de Xiradela.

Marilar Aleixandre

CIDADES
Fran Alonso
Accésit Premio Lazarillo 1996

XERAIS

conta de libros

Como viviron os clásicos galegos

Viaxar no tempo e descobrir como foi a vida de Rosalia de Castro e Castelao; ese é a proposta que Xosé António Neira Cruz fai na série **Asi viviu**, en Xerais. Os libros que se atopan nas librarias están adicados a Rosalia e Castelao ainda que están previstas novas biografias. Un ordenador e un mozo disposto a pescudar na vida e obra dos nosos escritores danlle unha perspectiva amena aos novos leitores e leitoras.♦

A revista da *Agal*

O número 47 da revista dirixida por Maria do Carmo Henríquez Salido, **Agália**, xa está a disposición dos interesados. Pódense atopar estudos sobre as taduccións desde Portugal de Aquilino Iglesia Alvariño e Ramón Cabanillas, o universo de Gil Vicente e as variacións terminolóxicas na traducción. Unha ampla cobertura do *V Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa* e artigos sobre Manuel Murguia completan con outros textos a revista Agália.♦

Anagnórise de Mª Victoria Moreno

Unha muller con máis de trinta anos e un mozo de menos de vinte cun desengano amoroso ás costas son os protagonistas de **Anagnórise**. Ambos van nun coche nunha viaxe que cambia a vida do rapaz, entre outros aspectos "descobrirá" ás mulleres sobre as que ignoraba todo, e que mantén sempre o mistério da protagonista feminina. Esta novela, de Mª Victória Moreno, aparece na colección Costa Oeste de Galaxia.♦

O peregrino errante

A publicación do IGAEM **O peregrino errante que cansou ó demo** non só inclue o texto orixinal de Xavier Lama, quen gañou o Primeiro Concurso de Pezas Teatrais Inéditas *Camiño de Santiago*, senón tamén a adaptación que o director Andrés Pazos fai para o Centro Dramático. A história deste peregrino na percura do perdón vese complementada con textos sobre a dramatización e montaxe desta peza. Segundo Xavier Lama, xornalista na TVG, "o texto está concebido como unha semente de paradoxos e o círculo vaise pechando, os encarregados de completalo definitivamente son os actores, que non deixan de ser os enviados dos deuses para materializar o paradoxo do que falaba Diderot".♦



Leituras

Mergullarse en Risco

Título: Prosa escollida. Antoloxía. Vicente Risco.
Autor: Xosé M. Millán Otero (ed.).
Editorial: AS-PG–A Nosa Terra.

A Atlántida solagada baixo as augas do Océano é o símbolo da nosa civilización céltica escurecida i asoballada por unha civilización extraña i enemiga, que é a civilización mediterránea; i é tamén o símbolo da nosa nacionalidá galega, tamén escurecida, tamén asoballada, por un poder que pra nos facer iguás con pobos doutra raza, trata cunha rabia cega, de nos roubar a nosa léngoa, a nosa fartura, o noso carautere; i o direito a nos gobernar ó noso xeito, por nós mesmos na nosa casa.

V. Risco, "*A Atlántida*" (1919)

Cada dúas semanas, desde hai xa moitos meses, veñen aparecendo regularmente as diferentes entregas dunha *Historia da Literatura Galega* que, de maneira teimosamente tranquila –e, inexplicabelmente, silenciosa–, se está a constituír de vez nun sólido e plural referente crítico e nun inusitado e atraínte espacio de lectura dos oito séculos de cultivo, máis que menos afortunado, das nosas letras.

Apliquemos agora os nosos esforzos á última entrega de *A Nosa Literatura* que nos chegou ás mans da autoría de Xosé M. Millán Otero. Constituída polo ensaio "Grupo Nós: Vicente Risco" e polo volume antolóxico da obra prosística risquiana *Prosa escollida*, un e outro non se distancian en absoluto das 'virtudes' sinaladas para o conxunto da obra en que se inseren. É máis, seguindo a deriva lingüística, poderíamos falar aprioristicamente das actualizadas catro 'virtudes cardeais' que 'adoman' esta magnífica aportación parcelar: a prudencia desenvolvida intelixentemente na mesurada interpretación do devir estético-ideolóxico do Risco da preguerra; a coraxe mostrada na ousada abordaxe da aportación invulgar dunha tan discutida e controvertida figura estético-literaria e ideolóxico-política; a temperanza que preside a ponderada escolla das respectivas mostras representativas da prosa ensaística e literaria de Vicente Risco; e, por último, a xustiza para co autor abordado, facilitando o coñecemento da obra do autor ao "lector común" a que se dirixe, por un lado, a través da imaxe global que consegue transmitir do evoluír do pensamento risquiano e, por outro lado, mercé á avaliación da mesma en conformidade coas varias tendencias e diversos momentos da escrita prosística do ourensán.

Despois de pasar do xenérico conxunto á concreta aportación, daremos máis outro paso do xeral ao particular, reflectindo sobre algúns aspectos do ensaio interpretativo e da escolla antolóxica. No ensaio, resulta máis do que convincente a defensa de Millán Otero da substancial continuidade e coherencia ideolóxica da identidade grupal dos 'aristócratas' integrantes do "cenáculo ourensán" na súa pasaxe da revista 'neosófica' *La Centuria* á 'galeguista' *Nós*, así como se mostra lúcidamente clarificadora a súa exposición da radical e constante identidade básica do devir –do modernismo ao franquismo– do "perfil ideolóxico" individual do propio Vicente Risco non só para aquén da baliza cronolóxica da 'guerra civil' en que se centra. Non entanto, acho que o conxunto –sen dúbida polo seu carácter sintético e o seu teor divulgativo– peca dun pouco matizado mecanicismo ao deixar a un lado as contradicións secundarias dun Risco que, especialmente naqueles anos 1917-1918 do entroncamento e, inclusive, do paralelismo entre o seu decadente aristocratismo diletante e o seu salvífico galeguismo incipiente, quere estar "à la page" e deste modo –parafraseando a Scott Fitzgerald– pon a proba unha grande intelixencia ao soster ao mesmo tempo dúas ideas opostas na mente, e, aínda así, conservar a habilidade para seguir funcionando coherentemente, mantendo as constantes ideolóxicas que sustentan a súa inacción en ámbito neosófico e a súa acción na pouco definida contextura inicial das Irmandades.

Con todo, caro lector, este nóxento e discutíbel matiz non é máis do que unha observación da parte de 'vicio' con que queremos reforzar o innegábel valor e a diáfana clareza da 'virtuosa' interpretación de Millán Otero ao definir os piares básicos do coherente e teimoso "sistema de crenzas", implícitas e explícitas, do escritor ourensán ("individualismo e elitismo intelectual", "irracionalismo e crítica da ciencia", "historicismo e culturalismo" "espiritualismo e relixiosidade" e mais "misticismo").

Completa o fascículo unha exacta abordaxe da obra literaria do autor de O porco de pé, que, para alén de fixar os alicerces xerais das súas tendencias básicas e do seu plural e complexo contorno literario, cultural e contextual, introduce os parámetros da súa narrativa e vai comentando, entre outros textos básicos e á maneira de hábil introdución explicativa ou precisa guía de lectura, cada un dos textos antoloxizados.

No que diz respeito á antoloxía, parécenos acertado tanto o criterio textual de seguir na edición a primeira versión publicada, con independencia doutras 'reformadas' versións posteriores, como o criterio globalizador de marxinalizar os condicionantes das convencións xenéricas e do teor ensaístico (científico, filosófico, etnográfico ou interventivo), primando a perspectiva literaria como unificadora de toda a prosa 'hibridizante' realizada polo autor do "Preludio a toda estética futura". Desta maneira a escolla (re)presenta un grupo de textos exemplares e recuperados, respectivamente en relación aos "distintos focos de interese" de Risco e ao acceso restrinxido aos mesmos do lector medio.

O conxunto peca dun pouco matizado mecanicismo –sen dúbida polo seu carácter sintético e divulgativo– ao deixar a un lado as contradicións secundarias de Risco

O outro límite da selección da prosa risquiana vén lóxicamente dado polas outras "escolmas temáticas que esta Historia da Literatura dedica á época *Nós* (teatro, prosa, política, estética, etc.)"; isto é, polo carácter de amplo mosaico do conxunto en que este volume se insere como peza central.

O lector interesado pode así percorrer unha escolma de vintedous textos prosísticos publicados entre Abril de 1919 ("Do caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros") e Xullo de 1933 ("Nós, os inadaptados"). Agrupadas en tres grandes apartados (quince prosas literarias de diferente ton e intencións baixo a epígrafe de "Narrativa", dous capítulos do 'libro-diario' de viaxes Mitteleuropa e cinco textos de "Prosa ensaística") as prosas escolmadas permiten ao lector: acompañar a extravagancia lúdica do desequilibrado primeiro relato galego de Risco; visitar as breves prosas modernistas, estetizantes e orientalizantes, publicadas no xornal vigués Galicia en 1924; percibir o simbolismo didáctico e pasadista das narracións anteriores a 1926, de temática tradicional, de concepción idílica e de ideoloxía máis ou menos reaccionaria; compartir a sátira despiadada contra os filisteos da inacabada "Os europeos en Abrantes (Epopeia en prosa)"; comprender o pesimismo intelectualizado en "Dédalus en Compostela (Pseudoparáfrase)" e fabulado anacronicamente en "O señor feudal", xermes comedidos, mais moi diferentes, da visión apocalíptica que se desprende dos compósitos capítulos dedicados a Praga e Viena na súa viaxe centro europea de 1930; ponderar as retrógradas liñas ideolóxicas do seu posicionamento vital, social, político ou cultural ou a reinterpretación retrospectiva dos seus anos de La Centuria en varios ensaios e reflexións de diferente extensión, datación e temática.

Para finalizar con esta entrega de *A Nosa Literatura* e procedendo por abstracción, acho que o paciente lector poderá facilmente deducir o seu carácter de modélico.

Por outro lado, retomando as consideracións xenéricas e xerais con que comezamos, desexaría agora concluír cunha solicitude, seguramente unha 'petición viciosa': non asuma, intrépido lector, o 'paradoxal ostracismo' antes referido a respecto desta historia da literatura; utilice a súa revoltada e libre lectura en favor propio e contra o 'misterioso' silenciamento ditado por anónimos e modernos fillos daquel Clístenes que ideou os helénicos desterros; consiga que esta plural e rigorosa obra actúe con forza nas terras da reflexión e difusión do literario galego... ♦

C.P. MARTÍNEZ PEREIRO

Música

Olla no Sul

Título: Os tempos son chegados.
Autor: Na Lúa.
Editorial: Do Fol. Boa.

Os que desde hai máis de dez anos vimos en *Na Lúa* un grupo anovador dentro da música *folk* galega observamos neste seu novo disco a confirmación dunha identidade própria no panorama da espécie. Para iso, os actuais seis músicos da formación a bon seguro tiveron que plantexarse, nomeadamente os que comezaron nos primeiros tempos cando o início da década dos oitenta, unha opción que os desmarcara dos xa daquela patriarcas, que viñan sendo –e aínda o son– *Milladoiro*. A proposta de *Na Lúa*, era a dun *folk* progresivo, que mesmo chegou a electrificarse nun período dado, sen dúbida, o máis nefasto para o grupo.

Dezaseis composicións no que déuse en peneirar instrumen-tación e **o disco é un produto coerente, que mesmo salienta pola limpeza do seu son**

E agora? Os músicos porriñenses deron cun resultado que semella síntese dunha pasada sobrecarga, patente sobre todo no seu disco "Contradanzas". Asumiron o son determinante dun instrumento coma a bateria, prantexándose unha música non convencional, que sen embargo atoparia oco –caso dunha doada promoción– nas rádio fórmulas ao uso; ou dito doutra forma, tampouco complican demasiado a sua arte para dar con nengunha sorte de revulsivo. Pola contra, o novo disco discorre entre fórmulas trilladas de *marcha* unhas veces, *melodia* outras, amáis de alguns temas cantados, entre os que sobresae o que dá título á gravación.

(Pasa á páxina seguinte)

Música

(Ven da páxina anterior)
O poema de Pondal, ademáis de ser inmortalizado en forma de Himno, tamén serviu nesta ocasión para unha reciclaxe da mensaxe nacionalista, cando o grupo canta ledo a sua crónica da chegada a Compostela o mesmísimo 25 de Xullo. E é de loubar tal idea, xa que hora era de que a mensaxe patriótica perdera algo de mártir en aras dun certo espírito optimista, presente tanto na letra como na música deste tema, "Os tempos son chegados". Pero fieles ao seu pouso tradicional, *Na Lúa* incluen nesta ocasión várias composicións do noso legado, así coma outras de autor –vários compoñentes do grupo–, que na sua prática totalidade manteñen a identidade que permanece presente neles: a dun fato de músicos *folk*. Nese sentido, cecáis a mellor garantia sexa a sucesión dun repertório en base a muiñeira, ribeirana, "Cantar de canteiros", ademais das mentadas composicións próprias, que seguen no ámbito do popular. Para iso contan, entre os músicos convidados na gravación, cos *Gaiteiros Treixadura*, que intensifican esa decantación folklórica.

En total, dezaseis composicións breves, resoltas dun xeito *sintético*, no que lonxe de esgotar recursos, déuse en peneirar instrumentación –polo demáis variada– e en tal sentido o disco é un produto coerente, que mesmo salienta pola limpeza do seu son.♦

XOAN M. ESTÉVEZ

conta de discos

Escola de músicos

Títulos: *Au Club St. Germain 1958* e *Art Blakey and The Jazz Messengers*.
Autor: Art Blakey and The Jazz Messengers.
Editoriais: *RCA ND74897* e *Impulse 11752*.

Resulta recorrente nas persoas non afeizoadas ao *jazz* a asimilación deste termo cunha corrente do mesmo denominada *hard-bop*. A música praticada durante décadas por Blakey e os seus *Messengers* representa asi, para estes ouvintes, o paradigma do *jazz*. É o *jazz*. E ainda que isto resulte enganoso, non é de todo unha mentira. Os *Messengers* foron desde meados dos cincuenta até finais dos oitenta unha verdadeira escola pola que pasaron multitude de músicos que, escollendo posteriormente o seu camiño, mamaron e ampliaron as suas aptitudes na improvisación con Blakey. Este home, ainda que traballando coas estruturas e os códigos musicais do *bop*, soubo ampliar a sua base remarcando as amplas posibilidades que unha música libre como o *bop* (tan ríxida e limitada para alguns) na mente deste baterista flue caudalosa e ritmicamente ampla. A sua habilidade nos pratos e no *chaston* podemos albiscala nas maneiras dalguns dos máis recoñecidos bateristas actuais, por influéncia directa ou através do recentemente falecido Tony Williams.

O primeiro é un duplo CD que o recolle nunha actuación nun clube de Paris nunha xira europea do ano 58. O grupo con Lee Morgan e Benny Golson aos ventos, Jymie Merritt co contrabaixo e Bobby Timmons ao piano oferece unha boa sesión de *hard-bop* con todo o ambiente (son de sala incluído) daquela época. Temas clásicos do repertorio *bopper*, estirados nalguns casos excesivamente, para o lucimento solístico dos músicos. Moi típico das actuacións en directo.

O segundo disco é do ano 61 e forma parte das belas reedicións que o selo *Impulse* está levando a cabo. Temos aqui quizais ao grupo estrela de todas as formacións dos *Messengers* con Wayne Shorter, Lee Morgan e Curtis Fuller nos sopros e a mesma rítmica que o disco anterior. Un disco moi homoxéneo na sua liña con aportacións individuais de mérito (Shorter sopraba naquela época de marabilla). Dous discos que son só unha pequena mostra da música dos *Messengers*, da música *jazz*.♦

C. SOAXE

Salto á fama desde Latinoamérica

Título: *El gran salto a la fama*.
Autor: Los 3 sudamaricones.
Editorial: Toxic Records.

Os *Tres sudamaricones* son tres amigos de Vigo, coa música como adicación compartida, que non teñen problemas para xuntarse de súpeto nun bar e rañar a guitarra coas suas cancións a ver se o público resposta. Reconvertidos en Tony Lomba, Ruben da Sousa e Elio dos Santos contan que fartos dos países latinoamericanos decidiron chegar á Galiza a probar fortuna. E o público respostou ante un estilo, que se non é exactamente *sudamericano*, non é moi coñecido por aqui. O domínio dos idiomas (a sua compañia lánzaos como os mestres do *wachu, wachu*) e o sentido do humor está presente no seu *show*, co que acompañan o lanzamento do disco no que conta unha história de amor entre mulleres á italiana con *Donna* e *Oliva*, unha crua declaración á francesa con *Mon Poison* e unha peza para interpretar nun cruceiro por Grecia en *Andros*. Son uns divos e a proba está na portada do CD, unha imaxe que os inmortaliza e imprescindíbel para coleccionistas de postais *horteras*.♦

A. ESTÉVEZ

O ritmo de Irlanda

Título: *Blackwater*.
Autor: Altan.
Editorial: *Virgin*.

Altan é unhas das bandas de maior suceso na actualidade no chamado folk céltico. O seu novo traballo fai fincapé neses ritmos xa tan coñecidos (jigas e reels) para amosarnos todo o ritmo que se pode acadar con eles. *Altan* mete a directa nas pezas instrumentais e non deixa case un intre para ficar quedo. Ritmo a esgalla elaborado por unha banda que sabe perfectamente darlle o envoltório preciso para conseguir a complicidade do ouvinte.

Nos cinco temas cantados é onde podemos escoitar a outra faciana do conxunto irlandés. A bela voz de Mairéad Ní Mhaonaig tíralle partido ás baladas amorosas que relaxan a marcha endiañada das demais cancións. *Altan* representan esa tradición de grupos da illa que domina os resortes dos potentes ritmos tradicionais da sua terra, servidos con poderío e homoxeneidade entre os diferentes instrumentos.

No tema "Blackwaterside", Mairead canta unha tonada de amor tradicional na que o punto de vista da história é o da muller, algo que non se acostuma a dar no folclore do seu país.

A peza final vai adicada a Frankie Kennedy, xa falecido, que foi membro fundador da banda e estaba casado con Mairead. *Altan* soubo recompoñer a sua valiosa perda como frautista e mantén as esencias do seu arte en bon estado.♦

ÓSCAR LOSADA

Melodias lenes

Título: *Magic & Mistery*.
Autores: Vários
Editorial: Temple Records.

Este disco recopilatório reune a diferentes artistas que gravan para o selo escocés. A escolma feita por Robin Morton está dirixida a dar unha visión do folk no aspecto máis lírico e acougado.

O grupo estrela da casa (Battlefield Band) é o máis representado, e ademais compoñentes da banda actuais, como John McCusker ou pasados, caso de Brian McNeil, tamén aportan pezas. O único tema inédito é o do gaiteiro Eric Rigler, coñecido por participaren na banda sonora orixinal de *Braveheart*. As melodias e o seu desenvolvimento son o aspecto fundamental que quixo salientar Morton ao se prantexar este traballo cheo de pezas lenes e con sentimento. Como en toda obra conxunta a irregularidade é moeda comun. Estamos diante dun disco que contén boas pezas xunto a outras correctas.♦

O.L



Marta Dacosta e Rafa Villar.

Amaia: iniciativa de poetas para deixar de seren inéditos

Dezaoito escritores crian unha asociación que xa publicou dous títulos

P. CASTRO

As dificuldades coas que se atopan os poetas novos para poder dar saída á sua obra foi o que levou a un pequeno grupo de escritores a organizarse ao redor dunha asociación cultural para poder criar unha estrutura e dar saída, diste xeito, aos libros dos criadores inéditos. *A primeira visión* de Maria Lado e *Propiamente son captivo* de Celso Fernández Sanmartin son os dous primeiros poemários que edita esta Asociación Cultural á que xa se lle coñece co nome de *Amaia*.

"Decatámonos de que era imprescindíbel abrir novas vias. Pensaramos en editar unha revista ou en facer suplementos culturais para os xornais. Os proxectos foron moitos, pero ao final o que callou foi este", explica Eduardo Estévez.

A Asociación Cultural *Amaia* xestouse hai cousa de seis meses arredor da mesa dun vello bar compostelán. Un pequeno grupo de poetas tentaba buscar solucións ás dificuldades que atopan os novos escritores no mercado e decidiron criar a sua própria editorial. "Aproveitamos o traballo anterior, as actividades literárias e culturais, os recitais e os encontros. Pensamos que esta era a mellor maneira de arroupar esa actividade pública e, tamén a canle de expresión que se necesitaba para que os poetas novéis puideran publicar", conta Rafa Villar.

Despois de madurada a idea decidiron porse en contacto con aquelas persoas que puideran estar interesadas en sacar adiante o proxecto e acabaron por reunirse un total de 18 escritoras e escritores. Para darlle cobertura legal á editorial optaron por criar a Asociación Cultural *Amaia*, que "funciona como unha cooperativa", indica Rafa, e cada un aportou unha pequena cantidade de cartos para poder comezar a editar os libros.

Pero o compromiso de cada un dos membros da asociación non remata coa aportación económica. "Formamos o que sería un consello editorial. Cada un de nós le os libros e despois, nunha asemblea, decidimos cales son os mellores para publicar. Logo temos a obriga de vender un número mínimo de exemplares. Non podemos afrontar os custes da distribuidora, pero si entraremos nas librarias, ainda que iremos a tiro fixo", sinala Marta Dacosta.

Polo de agora só se publicaron dous títulos, *A primeira visión*, de Maria Lado, que só ten 18 anos e *Propiamente son captivo* de Celso Fernández Sanmartin, que xa publicou outros tres libros custeando el mesmo as edicións. O número de exemplares é limitado, tan só 400 de cada un deles, porque "a idea foi sacar unha edición coidada tendo en conta as limitacións económicas", engade Marta. Unhas limitacións que mesmo condicionan a continuidade do proxecto. "As nosas pretensións son as de recuperar os custes para poder sacar outros dous títulos no Outono. Se non vendemos 350 exemplares de cada un non sairá o seguinte", especifica Rafa Villar.

O seu ideal seria podelos "vender como churros porque así abriríase a posibilidade de poder rebaixar os custes, sacar unha edición maior e de mellor calidade", di Eduardo Estévez. Pero tampouco pensan en sacar cartos deste proxecto, "porque nace sen ánimo de lucro", conta Marta. O que prentenden, pola contra, é poder obter a maior marxe posíbel para seguir editando ainda que un dos títulos, polas razóns que sexa, non teña boa acollida entre os leitores.

O futuro desta arriscada proposta está, polo tanto, na venda dos primeiros títulos. As suas esperanzas están postas na distribución e, por iso, tentarán facer apresentacións públicas no maior número posíbel de localidades. "O compromiso co libro sobrepasa, no noso caso, o compromiso do editor, temos que difundilos porque é case un proxecto de vida", asegura Rafa.♦

VEN DE SER APRESENTADA A REVISTA *BRAVU*, UNHA INICIATIVA DE *EDICIONS XERAIS DE GALICIA* E UN GRUPO DE XORNALISTAS E ESCRITORES QUE QUEREN DIRIXIRSE A UN PUBLICO NOVO QUE TEN COMO REFERÉNCIA O MOVIMENTO CULTURAL DO MESMO NOME. NESTE ARTIGO, UN DOS MEMBROS DA SUA EQUIPA DE REDACION, O ESCRITOR FRAN ALONSO ENUNCIA O MANIFESTO QUE INSPIRA A UN NOVO MEIO DE COMUNICACION QUE SAI DAS NORMAS HABITUAIS.

XERACIÓN BRAVÚ

FRAN ALONSO

Coñecín ó primeiro bravú no caluroso verán de 1990, comezando a década. Fora tan caluroso que chegou ó Diario 16 de Galicia, o xornal onde eu o ía entrevistar, co peito ardento. Era Xurxo Souto. E viña a un xornal tan bravú que Pérez Varela decidiu castralo para que non seguise fodendo. Desde entón, o bravú é coma unha inmensa neboa gorda que se estende moito máis alá de Galicia, esa, disque, terra única. Para min o bravú é todo e nada o que é o mesmo que dicir ningunha e todas as cousas. O bravú é unha sensibilidade. Un nervio que atravesa a espiña dorsal da Galicia irredenta. Son bravús as vacas de Jaureguizar asomando os cornos pola ventá da casa campesiña para ver a CNN sen entender unha palabra porque emiten en inglés. Tamén o son as rapasas e os rapases do Morraso, que é seseante, teatreiro, futuro e barricada de esparto. A nosa ingoa nacional.

De esquerda a direita, Xosé Manuel Pereiro, director da revista; Manuel Bragado, director de Edicións Xerais e Xurxo Souto, músico dos *Diplomáticos*. A. IGLESIAS

Pero o asunto vai moito máis aló. O bravú é unha cousa, un aquel e, como dixen, un nervio. E, sobre todo, unha alternativa. Que non pasa por Abel Caballero, por certo. Son bravús, non o dubidedes, os pelos de punta da punta do evidencialismo de Cid Cabido, que sempre fala coa boca chea de ferros. Como hai que falar. Como o son os esfarelados zapatos dos zapatistas, a espiral de futuro do subcomandante Marcos e Latinoamérica enteira. Porque o bravú, ese aturuxo de novo milenio, é inter-oceánico e transfronteirizo.

Entre os que teñen raigame están Nacho, Michel, Fran e Xosé Ramón, bravús de balón e corazón, por enriba dos que pensan que todo debe reducirse ó futbol de praias e a un viguismo de fontaneiro miope ó que lle acaban de pisar os lentes.

Por suposto, ninguén podería perdoarme se entre os bravús non citase a Lidia Senra, do Sindicato Labrego Galego, que cabalga os seus tractores cruzándoos nas estradas para que a cota do leite non se etiquete tipo *cafe au lait*.

¿E que dicir dos saharuis da Frente Polisario, vintetantos anos de resistencia bravú en campamentos de refuxiados? Eles, os que tódolos anos nos mandan as súas cativas e cativos para coñeceren o noso mar, fisterrán. Cousa parella acontece cos meus amigos de Cymdeithas Yr Iaith Gymraeg, auténticos dragóns da lingua galesa, lingua de lume coma a nosa, o galego, a máis elegante do cosmos, por iso son bravús os que a falan a peito descuberto. Ou os que a revolucionan, como fixo Lois Pereiro, amigo.

O bravú, como vedes, esténdese como un nervio ecuménico co que os galegos imos conquistar o mundo. Bravú é a primeira multinacional galega. De manufactura propia e proxección intergaláctica. Ben o dicía Xurxo Souto: vivimos no cu do mundo pero temos forza abonda para tronzar o universo. Como o están a facer ese batallón de mulleres poetas que, co útero enriba da mesa, nos ensinan a todos que o mundo no era tan masculino como pensabamos. Ou esoutras mulleres, mulleres mulemba, que de mañá chegan na lancha de Cangas para facer tortillas para os obreiros, todo o santo día.

Non quixera esquecerme do meu amigo Cibrán Silleiro, bravú onde os haxa, adicto ó futbolín, que traballa recollendo o lixo dos contenedores, demostrándolle ó alcalde que cando non hai diálogo hai folga. El si que é bravú. El é deses que non hai sábado que perdoe laconada e domingo que perdoe cocido, sen esquecerse da tetilla con marmelo para a sobremesa. ¿E que me dicides da historia de Josiño, o siareiro galego que recibiu unha malleira cando o seu vello descubriu que vendera a cubertería de prata para mercar unha gaita e máis unha guitarra eléctrica que agacha no cortello dos porcos?

> 'O bravú, un sentimento histórico co que a nosa xeración, a Xeración Bravú, fará estoupar o mundo. ¿Por que acaso non foron bravús o Piloto e o Foucellas, Pepa a Loba e María Soliño, os traballadores de Álvarez?"

É o espírito de Alexandre de Fisterra, que nos alenta. Hai que ter carraxe. E nervio. Como os bravos que cortaron o L do seto dos xardíns da Coruña para facer cumprir a legalidade e aínda por riba foron detidos. Xa o dixo Claudio Rodríguez Fer: A Coruña unha cona, La Coruña UNA coña.

Bravú de bravús é Josito Pereiro, radio-oceánico que fai unha revista que lle randea o aquel, como diría Anxo Angueira. Ou Mónica Góñez, que ve oXabarín Club. E Otero, que está a galeguizar Valencia. E por suposto, por suposto, Xosé Antón, que co seu esforzo bravú está traballando a prol do pobo waslala en Nicaragua. Diolo bendiga, que eu son ateo.

Galicia treme co bravú: treme cos tolos que aínda defenden o ensino público; treme cos apaixonados que defenden a Ría dePontevedra; treme co rock bravú, que atrona desde as calexas das cidades e os palleiros das aldeas; treme coa literatura bravú, co nervio bravú. E incluso treme coas xentes de Sarria e Becerreá que xa non son só o centro senón que agora son tamén o epicentro do mundo.

O bravú, un sentimento histórico co que a nosa xeración, a Xeración Bravú, fará estoupar o mundo. ¿Por que acaso non foron bravús o Piloto e o Foucellas? ¿Acaso non o foron Pepa a Loba e María Soliño? Como agora o son os traballadores de Álvarez e o inmigrante africano apaleado pola Policía Municipal desta cidade. Como o é Manu Chao, que está toliño por vivir aquí logo de percorrer heroicamente Francia, Xapón, o Caribe e a Selva Colombiana.

Se no mundo hai nervio bravú, ese é o noso. O dos nosos mariñeiros: os das campañas boniteiras e os dos que pescan no banco canario-saharaui –ilegalmente usurpado por Marrocos ós seus lexítimos propietarios–. O de Xenaro, camioneiro de noso, que se ve obrigado a levar a Carrara o granito do Porriño e a Holanda as latas baleiras de Carnau, para que nolas enchan de Unión Europea homologada.

Bravo polos bravús. Bravo polo alcalde de Cangas, disposto a construír país aínda que para iso teña que derrubar chalés ilegais. Bravo por Santiago Pemán, que di que nunca chove sobre mollado. Bravo polos pataqueiros da Limia, que deberían propoñerlle a Mercedes Peón e ós Diplomáticos de Monte Alto que lles compoñan unha canción titulada *A pataca cacofónica*. Bravo polo meu sobriño David, que de momento fala castelán porque sabe que é a lingua das matemáticas aínda que xa lle fala galego ó Xes, a súa cadela, porque é consciente de que os cans desta terra non entenden outra lingua. E porque Xes, a cadela, sabe que o neno pertence á Xeración Xabarín, que será revolta, futuro e conciencia crítica do país.

O bravú, ese cosmopolitismo tan galego. Tan universal. Por iso son bravús os africanos Luandino Vieira e Mia Couto, por iso o son tamén os libros de Kenzaburo Oé e a poesía de Sandra Cisneros e Anne Sexton. Por iso o é a música de Carlos Vives e de Lokua Kanza. Os bestelleiros da Grova e as pandereteiras de Cantigas e Agarimos. Por iso o foi Rosalía de Castro, sen sabelo. Por iso o é o señor Paco, que tivo que vender a churrasquería para malvivir na Televisión de Galicia.Por iso na sombra dos bravús está Pipi Calzaslargas, toda unha demostración de rebeldía que deixou máis pegada na nosa xeración que o propio Mao Tsetung. E por iso, finalmente, éo miña nai, que me pariu. Só por iso.

Poetas, xornalistas, narradores, labregos, pintores, pensadores, parados, mariñeiros, atletas, vagabundos, músicos, futbolistas, místicos, teatreiros; galegas e galegos do mundo e do universo, somos unha forza única; sede bravús. A Xeración Bravú, un novo Banquete de Conxo para este país. Xa pode morrer tranquilo o derradeiro dos mohicanos porque está aquí a Xeración Bravú.

Deberían sabelo. Galicia será bravú ou non será.♦

ANACOS

BOROBÓ

¡Ai, mundo, mundo!

Falando o ano pasado na exposición de *García Lorca en Galicia*, feita na Galería Sargadelos de Madrid, sobre Landeira Yrago, o escritor que máis sabia de Federico neste país, dixen o seguinte a propósito da estirpe materna do meu inxel e inesquencible colega:

"Taboada Roca creo creo que lle falara hai moitos anos a Landeira dos seus antepasados maternos da Terra de Melide e de Arzúa, os Irago, que dende alí trasladáronse a vivir en Santiago e no Ullán. Mais o que nunca chegou a decirme Landeira e que eu somentes soupen despois da sua morte –ao coincidir no almorzo *pro Ternera Gallega*, celebrado hai uns meses no Hotel Mindanao, cun empresário hispano-brasileño apelidado Irago– foi que este me descubriu que os Irago procedían de Navarra, onde existe un povo que se chama así, polo cal Irago é un apelido de orixe toponímica. Establecéronse primeiro no Carballiño e dende ali pasaron ás comarcas citadas e logo a Santiago, onde algun (como o abó de Landeira) empregouse nos oficios subalternos da Catedral. Ou sexa no que en Roma chamarían *sampietrinos*.

Entre os Iragos que se trasladaron á Terra de Iria, ou Ullán, lémbrome do pai dun rapaz moi listo que foi comigo á escola de don Antonio o mestre. O pai era mozo da estación en Cesures do *The West Galicia*, o vello ferrocarril de Carril a Santiago; e tiña outro fillo, enfermiño de nacimento.

Máis adiante coñecería a familia doutro Irago que se establecera en Padrón. Era a do *Chocolateiro* que facía o chocolate que miña aboa mandaba comprar na polimorfa casa do *Ferrancheiro*. Envolto nun papel forte e blanquísimo, sen nengunha etiqueta, foi a miña merenda dos domingos aquel negrísimo chocolate, dura coma un croio, cun sabor que enche de ledicia a lembranza dos meus beizos.

A tenda do *Chocolateiro* estaba na mesma rúa ca da miña noiva padronesa. Cando eu moceaba, ainda non casara o fillo do *Chocolateiro*, que xogaba no *Flavia* de extremo esquerdo. E polo tanto tardaría bastantes anos en nacer seu fillo Xesús M. Irago Pereira, autor do artigo *O día promete*, publicado o derradeiro primeiro de maio en *A Nosa Terra*. Foi o artigo que máis me impresionou e gustou nestes tempos. Descúbrese nel que o talento literario dos Irago, oriundos de Navarra, non era un monopolio do meu mellor amigo Landeira, o que foi director do *Faro*.

A pena é que o seu lonxano curmán Xesus esteña preso aínda por independentista, non por lusista, na cadea de Valdemoro. Onde cecais resoe na súa testa aquela cantilena da súa aboa que ainda lembra a miña antiga noiva: *¡Ai, mundo, mundo!* Un mundo xa moi cruel entón,, pero que semellaba cheo de ilusión e esperanza cando naceu seu neto Xesus.♦

Paz Andrade aos dez anos do seu pasamento

A continuidade da cultura e da língua, a relación histórica con Portugal, a presenza do galego no sustrato do portugues do Sertão, a depredación das materias primas, da enerxia hidroeléctrica e do aforro, a pesca e a emigración están na obra de Valentin Paz Andrade, director do xornal *Galicia* en 1922 e falecido en Vigo hai dez anos. Paz Andrade herda a preferéncia da Xeración Nós polo xornalismo como arma emerxente de comunicación nun tempo de mudanza ainda que a sua profisión de xornalista houbera de continuarse no ensaio, na poesia ou na colaboración especializada durante a Ditadura.

A galeria Sargadelos de Vigo abreu unha mostra bibliográfica e documental sobre Valentin Paz Andrade na que se recollen edicións de quince libros, limiares, obras colectivas, colaboracións en prensa, epistolário e fotografias. No ciclo *Homenagem a Valentin Paz Andrade*, organizado pola Asociaçom Galega da Língua interviron entre outros Isaac Diaz Pardo, Cipriano Ximenes Casas, Alexandre Banhos, Joam Carmona, Maria do Carmo Garcia Negro, Xesús Xiráldez, Uxio Labarta, Elias Torres Feijó, Jose Luis Rodriguez, José Martinho Montero Santalha e Maria do Carmo Henriques Salido. ♦

De esquerda a direita, Alexandre Banhos, Cipriano Jiménez Casas, Isaac Diaz Pardo e Gustavo Luca de Tena. A. IGLESIAS

OPINIÓN

V.P.A. XORNALISTA

GUSTAVO LUCA DE TENA

Valentin Paz Andrade.

Valentin Paz Andrade dixo aos empresários desde as páxinas do diário *Galicia*, en 1922, que tiñan que facer valer a sua voz fronte ao centralismo se querian construir o futuro e invitábaos a non facer caso "dos currinches madrileños que dogmatizan bárbaramente na prensa galega". Valentin tiña 23 anos cando se fixo cargo do *Galicia* e foi saudado polo *Faro de Vigo* como "ese minor de idade que dirixe un xornal".

Con moitos menos elementos materiais e finanzamento que os diários do seu tempo, o *Galicia* levantaba a paletilla dunha prensa que Vilar Ponte, chamaba adoradora incondicional de Segismundo: "Neles nengunha audácia romántica ten cabida nen nengunha rebeldia crítica encontra hospitalidade. Todos os nosos periódicos aparecen reselados polo máis cursi e ridículo dos provincianismos e asi se perde o sentido da própria estimación". Non é necesário precisar que o Segismundo que cita Vilar Ponte é o calderoniano de *La Vida es Sueño*.

O *Galicia* modernizou o panorama da prensa con tres elementos concretos, teorizados por Valentin como imprescindíbeis, que daquela estaban ausentes dos diários. Isto é: unha primeira páxina con editorial, con caricatura e un comentário en rexistro de humor.

Outra baza para o *Galicia* foi desmarcarse da axéncia oficiosa do governo, *Mencheta*, e suscreber o servizo telegráfico da *Febus*, que fundaran os coruñeses Urgoiti como parte do grupo de *El Sol*. A información de *Febus* e máis rápida, de corte máis liberal e con moito menos espácios pechados ao interese internacional que a *Mencheta*, que duraria con Franco até o 73. Para un país emigrante coma Galiza é un adianto ter información dos problemas e acontecementos políticos de Latinoamérica, dos que *Faro de Vigo* ou *La Voz de Galicia* non di palabra para non espantar aos emigrantes, nen escandalizar aos consignatários.

Valentin xunta arredor de si, na columna editorial, unha seleción galega nunca antes reunida nun diário, se facemos a salvedade de que o agrarista *La Zarpa* de Ourense, nado en 1921, tiña colaboración dalgúns deles. No *Galicia* están Roberto Blanco Torres, *Frai Roblanto*, Manolo Lustres Rivas, Ramón Cabanillas, Castelao, Antón e Ramón Vilar Ponte e Antón Losada; na opinión colaboran Otero Pedraio, Nuñez Bua, Rafael Dieste, Risco, Otero Espasandin, Xan Bautista Andrade, Fermin Bouza Brei, Florentino Lopez Cuevillas, Amor Ruibal e Armando Cotarelo entre outros.

> 'O que demostrou Valentin é algo que segue valendo hoxe, que a prensa de calidade faise con intelixéncia e non con máquinas ou edifícios intelixentes"

A preocupación de Valentin é dar desde o editorial e os contidos do xornal, non tanto xuizos como elementos para a comprensión da actualidade política, o que divide de contado os diários en prensa de calidade, e prensa panfletária ou sensacionalista, segundo a clasificación anglosaxona. Naturalmente, a prensa diária de calidade é o *Galicia* e o público leitor prémiaa cunha demanda diária de 12.000 exemplares. Tamén hai quen prefire ignorar a información e a opinión construida desde esta perspectiva própria e independente e apoiar unha prensa que interpreta a política galega desde Madrid.

Como moitos anos despois (en 1974) vai recomendar o *Informe McBride*, o *Galicia* salienta a necesidade de transmitir e receber opinión dacordo cos intereses do país. Primeiro por unha razón de dignidade, de non ceder a outros a opinión sobre o noso acontecer e tamén por necesidade vital de coeréncia interna do país. Valentin adiántase á proposta de acidentalidade política do Partido Galeguista e considera que as opinións poden ter diferente corte político, pero non pode o periódico, nen o país, renunciar a facer a sua própria interpetación do mundo, a sua própria política, nunha palabra non pode renunciar a pensar.

O segundo elemento, a caricatura, introduce no mundo editorial galego a novidade dos códigos de opinión distintos na primeira. "Logo nos decatamos, di Valentin, de que dentro da estrutura dun periodico moderno a caricatura funciona coma contraponto do editorial". Castelao é con Maside, Torres, Cebreiro e Fernández Mazas o autor do outro editorial do *Galicia*. Ali naceron as séries *Cousas da Vida*, *Cousas dos Nenos*, *os Homes*, *As Mulleres e os cegos*, asi como as ilustracións para os números extraordinários do 25 de Xullo.

Os elementos materiais cos que contaba o diário *Galicia* eran ben inferiores aos das empresas establecidas, a vella prensa urbana, e, se cadra, estaban por baixo tamén dos dalgun prelo vilego. O que demostrou Valentin é algo que segue valendo hoxe, que a prensa de calidade faise con intelixéncia e non con máquinas ou edifícios intelixentes ou como queria Alexis de Tocqueville, "nunca un ficheiro remprazará á intelixéncia".

"Máis que un xornal —di Cunqueiro— era unha vela de armas, das armas máis galegas, unha preparación. Valentin Paz Andrade escrebe en todos os números e vai facendo unha prosa clara, insistente, moitas veces poética e sempre cun aquel de didactismo porque *se quere ensinar Galiza aos galegos*, porque se quere galeguizar unha Galiza que aparece pobre e apática cando pode ser rica e apaixoada".

Dieste confirma esta opinión, ao falar da caricatura no *Galicia*: "A Castelao preocupáronlle sempre máis que os problemas técnicos da arte, os méios máis eficaces para divulgar; o que consideraba urxente era trasmitir en cuestións que afectaban á moral e aos problemas políticos e sociais. Por iso a sua satisfación cando descobreu na Alemaña o gravado en linóleo como meio eficaz para a propaganda, despois tan cultivado en Pontevedra para estampas e ilustracións e os seu debuxos nos diários, nos que sabia xuntar a eficácia do debuxo e da lenda que o acompañaba".

Pero é que acaso Paz Andrade deixou de ser xornalista cando o diário despareceu en Setembro de 1926 despois de andar a paos coa ditadura de Primo de Rivera? Eu entendo que Valentin tirou da adversidade virtude; era un home inquedo, cultísimo, intelixente, criativo e as forzas que non podia dar ao xornalismo, porque non quixeron Primo de Rivera, nen Franco, entregounas a descobrer o continente sulagado da pesca, á economia, ao ensaio, á poesia e ao foro. A revista especializada *Industrias Pesqueras* que el criou cumpre agora setenta anos en plenitude.

Eu coido que todas estas virtudes, nengunha delas cativa, daban para construir a biografia dun xornalista excepcional. Por separado deron un dos nosos mellores poetas da xeración de entreséculos e o economista que lle puxo nome aos nosos males de fondo.

Maxino o nome de VPA xornalista en moitas ruas e prazas de todo o pais, precisamente con esta lenda *VPA xornalista*, pero isto teria de ser nunha situación normal que non é a nosa. Lorenzo Varela, por exemplo, define a Valentin na altura de 1979 coma avogado, economista, escritor e poeta. E todos sabemos que Lorenzo Varela reverenciaba a Valentin. De certo que Valentin sobranceou en moitos terreos, pero eu entendo que sen a violéncia da Ditadura, que dezmou a redacción do *Galicia*, estas virtudes estarian subsumidas e aumentadas na sua condición de xornalista. Tomo por exemplo a referéncia de Leopoldo Lugones ou de Pablo de La Torriente que na Arxentina e Cuba foron escritores poetas e xornalistas, pero hoxe son recordados primeiramente polo moito que aportaron ao seu país como xornalistas. ♦

O GAITEIRO SOLITARIO

MANUEL RIVAS

Macbeth en Compostela

"Se fai falta loitaremos contra a natureza para defender a nosa terra".

Non era Orson Welles en Macbeth. Era Fraga en Compostela. Mágoa de escenografía. Había moito metacrilato, moito azul e branco en titanlux, moita banda deseñada. Estética de Hiperpolítica.

Pero o que compría, para estar á altura do desafío, era a intemperie. O patio dun castelo no alto dun outeiro. Trebón no ceo. Nubeiros arrastrando as cinzas do inferno. Lóstregos como iradas lanzas do anxo caído. Tronos como o eixo doente dun carro mitolóxico de bois.

Faltaba un director de escea. Un Xulio Lago en vea romántica. Unha máquina de néboa. O turno da rosa dos ventos. A framear bandeiras e pendóns. En lugar do traxegarabata, os mariscais todos con lorigas. Romay con cruz no peito. Cacharro coa baiña dun puñal de Taramundi en lugar do chaveiro do todoterreo. Cuiña cun mapa de coiro baixo o brazo. Baltar cunha saia escocesa. Todos barbados, graves, ceñosos. E no alto, a contraluz, con tizón na mirada, obispal e fero, fronte dintelada, queixada en proa, birrete de San Petesburgo, arenga don Manuel en latín bárbaro.

Trema a terra. A Nai Terra abanea o berce como se nos quixera tirar contra o chan.

As tres meigas din: "¡A vinganza da natureza!".

Macbeth Fraga: "¡Loitaremos contra ela se fai falta!".

Brúa o ceo como unha vaca cega. Macbeth Fraga ergue os ollos como dous puños. Non fala en van. En Galicia lévase moitos anos loitando contra a natureza. É certo que a natureza non existe como espacio puro e virxe. Toda ela está intervida, máis aínda nun milenario país campesiño que lle puxo balados de pedra ao monte máis bravío. Pero unha cousa é a natureza intervida, labrada, mimada, e outra cousa moi distinta a natureza escarallada, machacada, afeada pola incultura peizoca e non pola agricultura.

A loita contra a natureza non é un programa futurista. É unha triste mágoa do presente. Nun lúcido libro, "Como sairmos do século XX", Egdar Morin di que pasou o tempo de Atila e que o home debe ser "un copiloto da natureza".

En Galicia estanse a estragar miles de millóns de pesetas en facer disparates contra a natureza. Sei de labradores que tiraron as casas petruciais para facer palafitos de ladrillo e terrazo e agora choran a perda da pedra e da madeira. Iso é a pequena metáfora da grande destrucción. A actitude cainita coa propia terra ten o seu correlato político. Hai xente que se a deixaran rechearía de cemento e asfalto as rías para facer un grande "paseo marítimo" de Ribadeo ata A Guarda.

"Loitaremos contra a natureza".

O ceo estoupa. Caen pedras de sarabia no tellado da Hiperpolítica. ♦

CAMIÑO VELLO, CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

A pedra da Serpe

A serpe debeu ser un bicho moi considerado polos nosos devanceiros dada a cantidade de contos, lendas, refráns e incluso remedios nos que ela é a protagonista. E non é de estrañar, co seu corpo esguío e fermosamente coloreado, a alta velocidade que é capaz de acadar arrastrándose polo chan e a pesar de non ter patas, a rapidez de reflexos e agresividade exenta de cobardía coa que se enfronta a animais aparentemente moito mellor dotados pola natureza, ou ese dobre cariz polo que, na súa arrastrada vida, tanto che limpa unha horta de toupeiras como che morde traidoramente, coa súa boca pezoñenta, mentres traballas no campo, tiñan que facer dela un dos seres máis enigmáticos, deses dos que nunca se sabe se fían ou asubían.

A serpe, con tantas características que se contradín e na que o ben e o mal adquire valores relixiosos, serviu para representar o divino e o humano, cobrando un significado onde se mesturan o medo e a ventura, e onde abre as portas a tesouros e encantos.

Pero remontándonos ao máis atrás na nosa historia, posiblemente, a primeira vez que se considerou á serpe como algo misterioso fose cando, aló no tempo no que este país estaba habitado por unhas xentes pacíficas e apoucadas, sen outra preocupación que ter cada día algo que levar á boca e un alpendre no que ampararse do frío, que pensaban que o que ha de vir xa virá, e o demais xa o daba a terra, un día sorprendéronse ameazados na súa serena felicidade.



Segundo conta o poeta latino Avieno, ese día apareceu pola saída do sol un exército de cobras que foron empuxando aos vellos donos do país, ata facelos recuar contra o mar, para acabar con eles ou sometelos aos seus mandados.

— Realmente serían guerreiros que se adornaban con figuras de serpe.

Serían. Pero para o caso dá o mesmo. O que queira que fose soubo que este era un lugar tranquilo e veu a importunalos.

Supoño que desde aquela, os habitantes deste cornecho de Iberia, falarían da serpe como da feira, cada un segundo lle fose con ela; e para os poucos invadidos que quedaron con vida, o bicho sería o símbolo do mal, mentres que para os invasores, cobraría valor de deus liberador; de maneira que, unhas veces marabillosamente esculpida, como nesta pedra de Gundimil, e outras con formas esquemáticas, entraron a formar parte da relixión dos nosos devanceiros.

Pero a historia é como Uroboros, esa serpe fenicia que se morde o rabo e representa os ciclos constantes e repetitivos do universo.

Ocorreu que, moito tempo despois, cando se comezaba a vivir unha nova época de paz, outro grupo de serpes asolou os eidos do país meténdolle o medo no corpo aos nosos paisanos.

Os bichos metíanse en todo e os labregos non se atrevían a entrar nos campos, as coll eitas podrecían e as xentes, antes de ser mordidas polas pezoñentas bocas, preferían morrer de fame. Non había remedio que as espantase.

Foi entón cando, segundo conta a lenda, apareceu por aquí san Adrián, a quen se lle ocorreu que, na vez de matalas, para que os ecoloxistas do futuro non o tildasen de exterminador, debía conxuralas e metelas debaixo desta pedra que xa os antigos gravaran, para que non volvesen a molestar aos pacíficos paisanos.

—Mal sabía o santo que iso non impide, que de vez en cando apareza algún bicho raro, que anda a importunar a placidez da nosa terra.

O malo é que agora xa ninguén cre en ningunha almiña boa que nos libere do maligno, pero, polo si ou polo non, a pedra da serpe, aínda despois de ser cristianizada, é un mon umento onde pervive o mito. ♦

Rexina Rodríguez Vega

"A análise da obra de Cunqueiro non está esgotada; é anovadora co pasar do tempo"

Estou con *Lecturas alleas*, de Antón Figueroa (Sotelo Blanco) que é un ensaio de teoria e crítica literária que propón unha liña de investigación na que se estuda a relación da nosa literatura, en trances de definirse, con outras literaturas; estou lendo o libro *De mi haré una estatua ecuestre*, de Luisa Castro (Hiperión) quen propón un poemário en castellano con oito poemas en galego. A primeira vista semella un fenómeno normalizador que unha editorial acepte esta inciativa bilingüe. Por último, estou lendo un relato infantil *A lenda da cidade asulagada*, de Antón Castro (Xerais), que amosa que a literatura para novos é un exercício moi bon.

Que leituras recomenda?

As citadas, ademais de ser novidades, parécenme moi recomendábeis.

Xa está publicado o libro sobre Cunqueiro co que gañou o prémio de investigación Carvalho Calero.

Álvaro Cunqueiro: unha poética da recreación é un panorama do Cunqueiro parodiador, do deformador da palabra allea. Dividino en tres partes, as citas ou alusións na sua obra a outra literaturas, a imitación de códigos xenéricos, como os textos do ciclo artúrico ou orientais e a reescritura textos singulares. É a recriación dos clásicos a que fai de Cunqueiro un autor orixinal. Vai contra a mitoloxia de que a obra artísitca é intanxíbel e enfréntase á orde da literatura europea ao mesturar sistemas culturais. Fragmenta a imaxe da cultura como fixeron os cubistas coa pintura. Desmonta o puzzle cultural e lévao ao límite.

Porque o seu interese en Cunqueiro cando xa suscitou traballos anteriores?

Hai unha crenza de que a análise de Cunqueiro está esgotada pero é como Rosalia, Cervantes ou Proust, tan rico e polimorfo como eles. Cada leitura en cada tempo é diferente. Antes dábase unha análise esencialista; agora é interesante o xogo cultural na sua obra. ♦

Ensaista e Lexicógrafa. Vigo (1966).
Obras publicadas: Os outros feirantes. Guía de lectura.

O Trinque

Festa na Carballeira de San Xusto

O dia 31 celébrase en San Xusto de Sacos, Cotobade, unha festa-romaria para comemorar a recuperación polos viciños da titularidade da famosa Carballeira, vários anos disputada á Igrexa. Ali se escoitará de novo a versión orixinal da cantiga *Carballeira de San Xusto, carballeira enramada, naquela carballeiriña, perdin a miña rapaza*, cuxo último verso transformara a censura en *perdin a miña navalla.* ♦

Carteleira

☞ **TIETA DO AGRESTE.** Unha obra do escritor Jorge Amado serve de esquelete a esta boa película brasileira que leva ademais música de Caetano Veloso. Unha família dunha vila afastada recibe a visita, despois de moitos anos, dunha tia moi rica. Pero ninguén sabe en que consisten os seus negócios.

☞ **CRIATURAS FEROCES.** Humorística e lúcida metáfora do neoliberalismo. Pola equipa de *Un peixe chamado Wanda*. Unha multinacional dedicada á especulación adquire un lote de empresas, nas que está incluido un zoo.

☞ **O SANTO.** Versión da clásica película de televisión na que un ladrón bon enfréntase aos inimigos do benestar, que queren roubar unha fórmula que proporciona enerxia de balde. Caída a Unión Soviética, os maos tiveron que ser os mafiosos rusos.

☞ **CAMIÑO Á GLÓRIA.** O fillo dun mineiro é educado na idea de que nunca chegará a ser ninguén, pero el teimará por triunfar no fútbol. Folletín decimonónico trasladado ao proletariado do século XX.

☞ **O NEGOCIADOR.** Eddie Murphi interpreta a un policia encarregado de negociar en casos de secuestro. Procura non matar a ninguén (ás avesas de Fujimori) e respeita a lei ante os perversos malvados. Non apta para os que durmen nas persecucións de coches polas ruas de San Francisco.

☞ **NO AMOR E NA GUERRA.** As correrias do escritor Ernest Heminway ansioso por viver aventuras durante a Primeira guerra mundial e os seus amores cunha enfermeira.

☞ **O PACENTE INGLÉS.** Sobre todo unha história de amor. Ambientada no Exipto colonial, xusto antes do estoupido da II Guerra Mundial. Duas horas, con algún momento de lentitude. Mensaxe: a entrega ao ser amado e máis importante que calquer pátria.

☞ **SECRETOS DO CORAZÓN.** Filme do basco Montxo Armendáriz, ben ambientado nos anos sesenta. Tensións e problemas familiares van saindo á luz através da ollada dun neno. Sensibilidade e valores dramáticos nunha obra que está moi por riba da média do cine español.

☞ **A SOMBRA DO DIAÑO.** Un novo exemplar da xa extensa série de filmes relacionados co IRA. Interpretada por dous guapos: Harrison Ford e Brad Pitt. ♦

Até o 4 de Xuño desenvólvese a *Feira do Teatro da Galiza* en SANTIAGO. Na fotografia, unha representación de *Matarile Teatro*.

SIMÓN BALBIS

Burela

■ **MÚSICA**

KERN

O Xoves 5 ás 22,30 na *Zaranda*, músicas combativas desde a Bretaña. Xenofóbia, inxustiza social, liberdade e direitos humanos. Os *Kern* son Didier Dreau (guitarra), Kristen Nikolaz (voz), Le Bars (teclados) e Degraes (frautas). Van de invitados Xan Fernández (baixo) e Leandro Deltell (bateria).

Brión

■ **TEATRO**

MÁXIA POR NARICES

Á tarde do 30 de Maio na *Casa da Cultura*, con **Luís Boyano**.

Luis Boyano vai estar en BRIÓN o dia 30.

Cambados

■ **EXPOSICIÓNS**

XILOCROMIAS PARA O CINE GALEGO

Saul Otero apresenta a série realizada durante 1996 na *Sala do Concello*, de 19 a 21,30 h, e Domingos de 12 a 14 h. Até o 30 de Maio.

Cervo

■ **EXPOSICIÓNS**

FOTOLUGONOVA

A *Casa do Mar* de San Cibrao expón as fotografias apresentadas á IV edición, do certame *Fotolugonova*.

A Coruña

■ **EXPOSICIÓNS**

MATER GALLECIAE

O tratamento da figura da muller na pintura de Luís Seoane. A fundación do seu nome abre a mostra até fin de Maio na Casa da Cultura "Salvador de Madariaga": Durán Loriga, 10-2º. de 10 a 14 e de 18 a 21 h.

Menchu Lamas expón na *Estación Marítima* da CORUÑA.



MENCHU LAMAS

Cadros na Estación Marítima até o 17 de Xuño.

A GALIZA DE FOLE

Até o 17 de Xuño no *Arquivo do Reino da Galiza* (Xardín de San Carlos), de 10 a 14, e de 17 a 20 h. Vellos documentos do arquivo cos textos de Fole.

TURISMO XUVENIL

Dirixida ao público de 14 a 29 anos e organizada polo *Centro Municipal de Información Xuvenil*, no *Forum Metropolitano* do 2 ao 7 de Xuño.

■ **TEATRO**

UNHA ROSA É UNHA ROSA

Do 29 ao 31 de Maio no *Teatro Rosalía Castro*, con *Teatro do Noroeste*.

AFECCIÓN

Con *Sarabela Teatro*, no *Rosalía Castro*, os dias 5 e 6 de Xuño.

Fene

■ **MÚSICA**

AIRIÑOS DE FENE

O Sábado 31, a partir das 19 h. no local da *Liga de Amigos de Barallobre*, actua a banda de gaitas **Airiños de Fene** co grupo de baile e cantareiras e a **Banda de gaitas de Narón**, con motivo da celebración do LXX aniversário da liga.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

O DESEXO DA PALABRA

Urza apresenta pezas en arxila na galeria *Sargadelos*. De 11 a 2 e de 5 a 10. Domingos de 12,30 a 2,30.

Malpica

■ **LEITURAS**

RUMBO ÁS ILLAS

O *Batallón literário da Costa da Morte* apresenta o libro *Rumbo ás illas*, o Sábado 31 nas Sisargas. Para chegar ás illas teñen previsto coller o catamarán que sairá de Malpica ás 18 h.

Marin

■ **EXPOSICIÓNS**

HOMENAXE AO KURDISTÁN

Setenta fotos realizadas en 1992 ao remate da Guerra do Golfo, no Kurdistán. No *Ateneo* até o 3 de Xuño, de 11 a 13 e de 18 a 21. Domingos de 12 14 h.

Moaña

■ **EXPOSICIÓNS**

ARTISTAS DO MORRAZO

L. Portela, X.F. Rios, M. Pizcueta e **Baston**, catro artistas do Morrazo expoñen xuntos no *Instituto de Bacharelato*. Até o 31 de Maio.

Ourense

■ **CINEMA**

A MIRADA DE ULISES

O Xoves 29 ás 20,30 h. no *Teatro Principal*, artellado polo *Cine clube P. Feijoo*. **Theo Angelopoulos** dirixiu o filme en 1995, con Harvey Keitel coma protagonista.

■ **EXPOSICIÓNS**

A VIA DA PRATA

O *Camiño de Santiago. Via da prata* é título das fotografias que fixeron na *Asociación de Amigos do Camiño* e que expón o Museu Municipal.

RICARDO CAVADA

Cadros na galeria *Marisa Marimón*, até o 30 de Xuño.

ESPAZOS NATURAIS

Mostra sobre os espazos protexidos na provincia que artellou o colectivo *o Brote*. Até fin de Maio na *Casa da Xuventude*.

Ponteceso

■ **EXPOSICIÓNS**

BIBLIOGRAFIA E PLÁSTICA

Até finais de Maio, na A.C. *Monte Branco*, abren unha mostra biblográfica sobre a Costa da Morte e outra de criación plástica na mesma bisbarra.

Pontevedra

■ **EXPOSICIÓNS**

SOROLLA. PEQUENO FORMATO

Cadros pequenos e apuntes do pintor, do realismo á abstracción. No *Museu Provincial*.



■ **MÚSICA**

TRIO DE JAZZ

Toca o Xoves 29 á noite no *pub Cosmos*.

Santiago

■ **CONFERÉNCIAS**

MODERNIDADE E ARQUITECTURA

Manuel Gallego (profesor da ETSA da Coruña), fala sobre *Modernidade e arquitectura* o 4 de Xuño ás 20 horas no CGAC dentro do ciclo de *Introdución á Arte Contemporánea*.

A PALABRA DA ARTE

Rematan os colóquios arredor da colección ARCO que acolle o CGAC. O Xoves 5 de Xuño ás 20 h, falan o pintor **Helmut Dorner** e o crítico **Bernardo Pinto de Almeida**.

A galeria *Marimón* de OURENSE acolle a obra de Ricardo Cavada.

A exposición sobre a loita camponesa brasileira, de Sebastião Salgado, anda percorrendo a Galiza. Agora pódese ollar na galeria *Sargadelos* de SANTIAGO.



■ **EXPOSICIÓNS**

SEBASTIÃO SALGADO

Desde o 27 de Maio pódese visitar na Galeria Sargadelos a exposición *Sem Terra* do fotógrafo brasileiro Sebastião Salgado, que reflecte a loita campesiña pola terra no Brasil.

Rematan os colóquios sobre ARCO no *Centro Galego de Arte Contemporánea* de Compostela.

LeCeR
A NOSA TERRA

3 GRAVADORES VENUSINOS

Até o 14 de Xuño na NASA, expoñen obra de **Fernando Ferro, Miguel Mosquera** e **Carlos Gonçalves**.

XOSÉ FREIXANES

Cadros na galeria Trinta. Até o 15 de Xuño.

WILLIAM KLEIN

Con obra feita en New York de 1954 a 1955. Na Igrexa da Universidade.

PRÉMIO ASTURIES DE ARQUITECTURA

Até o 11 de Xuño o *Colléxio de Arquitectos* acolle a mostra sobre o X prémio *Astúries de arquitectura*.

DO TARGÓTICO AO MANIERISMO

A relación entre a Galiza e Portugal dos séculos XIV ao XVII a través de catro entendidos galegos e catro portugueses, xunto un fotógrafo por cada banda, froito da colaboración entre o *Museu do Povo Galego* e a *Fundação Calouste Gulbenkian*. Até o 31 de Maio de 10 a 1 e de 4 a 8, agás Domingos e festivos, no *Museu do Povo Galego*.

GRANELL E O TEATRO

A *Fundación Eugenio Granell* mantén no *Pazo de Bendaña*, a mostra sobre a obra teatral de Eugenio Granell. Os Xoves, ás 8 do serán, fan visitas guiadas gratuítas. Pódense solicitar visitas guiadas e obradoiros para grupos.

ANTONIO SAURA IMAXINA. 1956-1996

O *Auditório da Galiza* mostra unha retrospectiva deste pintor, resume das duas etapas fundamentais do artista: a gráfica en papel do *Musée Rath* de Geneve, e a máis recente do *Decenário*.

NÓVOA E CRIADO

O Centro de Arte Contemporánea oferece a mostra do pintor **Leopoldo Nóvoa** (até o 8 de Xuño), e tamén *En tempo furtivo (pezas desde a mesiña de noite)* de **Nacho Criado**.

■ **LEITURAS**

FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN

A VI edición abre no Paseo dos Leóns até o 1 de Xuño.

Convocatórias

CONCURSO DE POESIA DA A.C. ROSALIA DE CASTRO

A asociación cultural *Rosalia de Castro* de Cornellà (Barcelona) convoca a XI edición do concurso de poesia en galego. Admiten poemas que anden entre os cen e os trinta versos, tema libre e deben chegar, baixo plica, antes do **30 de Setembro**. Hai tres prémios: 100.000, 50.000 e 35.000 pta. que serán entregados nas Xornadas Culturais da asociación previstas para o Outono deste ano. Envios á A.C. Galega Rosalia de Castro, Federico Soler, 71. 08940 Cornellà. Barcelona. Teléfonos: oficina (93) 375 11 03, Bar social (93) 375 10 54.

ESCOLA DE VERÁN DE LUGO

Do 25 ao 29 de Agosto, o movimento de Renovación Pedagóxica Escola de Verán, celebra a XIX edición dos cursos dirixidos a educadores. Neste ano tratan programacións de aula, expresión plástica, contos, aprendizaxe de leitura, meio ambiente, informática, música, papel, tecnoloxia, arxila e xogo dramático, entre outros temas. A matrícula custa 9.000 pta. para os sócios e 12.000 para os que non o son, até o 5 de Xullo, logo suben de prezo. Información e reservas no Colléxio Fingoi: Rua da Aviación, 37. 27002 Lugo. Teléfono (982) 22 16 30, e fax 25 06 96.

SIMPÓSIO DE ANTROPOLOXIA MARIÑEIRA

O *Consello da Cultura* artella iste simpósio, en homenaxe a Filgueira Valverde, do 10 ao 12 de Xullo en Santiago. A organización depende dunha comisión que preside António Fraguas Fraguas e coordena Francisco Calo Lourido. A matrícula é de 2.000 pta. que hai que pagar antes do 30 de Maio no *Consello da Cultura Galega*: Pazo de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro. 15705 Santiago. Teléfonos (981) 58 80 88 e 58 97 09.

PRÉMIO BLANCO AMOR

O Concello da Póvoa do Caramiñal convoca a XVI edición do *Prémio Blanco Amor de novela longa* dotado de dous millóns de pesetas. O prazo de admisión é até o 30 de Xullo, para textos de máis de 150 fólios escritos a máquina a dobre espazo por unha cara. Hai que asinar cun lema e ocultar os dados persoais nun sobre adxunto. Envios ao *Departamento de Cultura do Concello*. 15940 Pobra do Caramiñal. Teléfono (981) 83 04 05.

SAN FROILÁN DE DESEÑO GRÁFICO

O Concello de Lugo busca o cartaz para anunciar as *Festas do San Froilán* de 1997. Técnica e tamaño son libres, ainda que os cartazes teñen que incluir a lenda "San Froilán 97, 4-12 de outubro, Patronato de Cultura do Exmo. Concello de Lugo". Pódense apresentar traballos de xeito anónimo, baixo plica, até o 13 de Xuño de 1997, no Rexistro do Patronato de Cultura. Negociado de Cultura. Oficinas Municipais de Quiroga Ballesteros. O prémio, único, é de 150.000 pta. Máis información no (982) 29 71 00.

BREOGÁN DE CONTOS

Á XXX edición chega o Concurso de contos Breogán que convoca o Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo. Recolle textos de 3 a 6 fólios que cheguen escritos a máquina e a dobre espazo, por quintuplicado, antes do 15 de Xuño de 1997. Os autores identificaranse cun lema que ha figurar na primeira folla da obra, e cun sobre pecho cos dados persoais. O primeiro prémio é de 125.000 pta. e o segundo de 25.000. Envios a: Galiza, 3. 48902 Barakaldo. Bizkaia. Teléfonos: (94) 490 34 29 e 499 29 92. E un fax: (94) 485 03 90. ♦

Javier Krae vai estar do 27 ao 30 deste mes na *Casa do Patín* de Santiago.

■ **MÚSICA**

JAVIER KRAHE

A *Casa do Patín* acolle do 27 ao 30 de Maio, actuacións deste cantautor.

PROZACK E VÍKTOR FLORES

O Xoves 29 noite adicada á música de baile na sala Nasa. A partires das dez e média actuacións de Prozack e Viktor Flores.

REAL FILHARMONIA DA GALIZA

O Xoves 29 ás 20 h. no *Auditório da Galiza* baixo a dirección de **Helmut Rilling**, sobre obra de Beethoven.

■ **TEATRO**

FEIRA DO TEATRO

Do 31 de Maio ao 4 de Xuño decorre en várias salas da cidade a *Feira do Teatro da Galiza* que organiza a Consellaria de Cultura. Vinte e seis compañías das 12 a mañá a 1 da noite. Entre elas están as galegas: *Os Quinquilláns* coa peza ***As vozes do mar***; *Xalgarete* con ***O guieiro carameleiro***; *Cachirulo* con ***Catro contos da china***; *A Factoria Teatro* que representa ***Para o leste do Gantry***; *Uvegá Teatro* con ***Pá***; *Teatro do Adro* con ***Nano***; *Salamántiga* con ***Hai que desfacer a casa***; *Áncora Produccións* con ***Fábula***, ***Espello Cónvavo*** e ***Bailando en verán***; *Pífano* con ***Acto imprevisto***; *Produccións Teatrais do Sur* con ***Sempre Ubu***; *Teatro do Aqui* con ***Anxeliños***; *Matarile* con ***Negro é negro***; *Ollomoltranvia* con ***Escola de Bufóns***; ***Unha rosa é unha rosa*** do *Teatro do Noroeste*; ***Afección*** de *Sarabela*. Ademais tamén estarán os expectáculos de *Nove e Dous*, *Compañia Marias*, *Teatro Bruto*, *Chévere*, *Talia Teatro*, *Teatro Bruto*, *Teatro do Atlántico* e *Os monicreques de Kukas*. De Castela veñen duas formacións *Fuegos Fatuos* coa peza ***Leyenda del santo bebedor*** e *Cachivache-Teatro Íntimo* con ***Yepeto***. As funcións repártense en horários de 12, 16, 18, 20 e 23 e 1 h, nos cenários do *Teatro Principal*, *Sala Galán*, *NASA* e *Auditório Caixa Galicia*.

CHEIRO DE ESTRELAS

O humor de *Fulano e mengano*, Xoves 29 e Venres 30 ás 10 da noite no *Teatro Principal*.

CAMARA NEGRA

Teatro Minerva, interpreta a obra escrita por Eugénio Granell, o Xoves 29 ás 20,30 h, no *Pazo de Bendaña*. Entrada de balde.

Sanxenxo

■ **CONFERÉNCIAS**

XORNADAS NACIONALISTAS

As primerias xornadas nacionalistas organizadas polo BNG rematan iste Venres 30 ás 20,30h. no Hotel San Justo. **Guillerme Vázquez**, un dos deputados en Madrid, falará sobre a política que fan nas cortes españolas.

Sárria

■ **EXPOSICIÓNS**

A SÁRRIA DE ONTE, AS OLLADAS DE HOXE

Fotos antigas da vila, nos locais da sociedade *A Unión*.

■ **TEATRO**

AFECCION

O espectáculo de *Sarabela Teatro*, no serán do Venres 30 na *Casa da Cultura*.

Silleda

■ **FEIRA**

SEMANA VERDE

No recinto feiral do 28 de Maio ao 1 de Xuño.

Tamallancos

■ **EXPOSICIÓNS**

PINTURA E ESCULTURA

O Obradoiro de Arte abre até o 8 de Xuño unha mostra colectiva de pintura e escultura con obra de **Arturo Andrade, Carlos Viejo, Manolo Figueiras, Miguel Carballo, Vidal Souto** ou **Xosé Cid**, entre outros.

Tui

■ **EXPOSICIÓNS**

XOSÉ LUÍS DE DIOS

Apresenta unha *Pequena colección* de debuxos na galeria *Trisquel* e *Medúlio*. De 18,30 a 21,30 h, agás festivos.

Vigo

■ **CINEMA**

OS IRMÁNS McMULLEN

The brothers McMulen. (USA 1995. 106 min), o Xoves 29 ás 20,30 no *Cine Ronsel*, o *Clube Lumière* oferece ista fita de **Edward Burns**. Entrada a 400 pta. A seguinte sesión (Xoves 5 de Xuño) será con ***O mirada de Ulises*** de **Theo Angelopoulos**.

■ **EXPOSICIÓNS**

VANGUARDA E NOVOS VALORES

A terceira entrega da série *A arte galega na colección Caixavigo* abre até o 13 de Xuño, de 18 a 21,30 h, Domingos e festivos de 12 a 14 h, no *Centro Caixavigo*. Coarenta e dous cadros e 11 esculturas de autores nados a partir de 1944, entre eles: **Ánxel Huete, Antón Pulido, Alex Vázquez, Ignácio Basallo, Francisco Leiro**, ou **Manuel Paz**.

En VIGO Paloma Cabello mostra a sua obra na *Nova Sala Caixavigo*.

ARTE CUBANA

A *Casa das Artes* acolle a mostra de arte cubana de fin de século. Máis de médio cento de obras de diversos autores: **Rubén Alpizar, Armando Mariño, Roberto Fabelo, Carlos Alberto Estávez** e **Miguel Sordo**. Ademais ofrecen un ciclo de conferéncias ás 8 do serán: *A arte de gravar* e *O gravado en Cuba* (29 de Maio), *Unha ollada ao deseño gráfico en Cuba* (5 de Xuño), *Breve percorrido pola arquitectura cubana* (12 de Xuño) e *A realidade e a arte cubana* (20 de Xuño). De 11 a 14 h. e de 17,30 a 21,30 h; Domingos de 11 a 14 h. Os Luns pecha.

PALOMA CABELLO

Cadros de froitas na *Nova Sala Caixavigo*. De Luns a Sábados de 18 a 21,30 h. Domingos de 12 a 14 h.

30 ANOS DE CULTURA

Ou 30 anos de traballo a prol da cultura galega, a través das actividades do *Centro Recreativo Artístico e Cultural de de Coruxo*. Nos locais diste centro.

CAZADORES E GUERREIROS

Os motivos da fauna e das armas nos gravados rupestres pre-históricos do continente europeu. No *Museu de Castrelos*.

MEMÓRIAS, EXPRESIÓNS, ENCONTROS

Cadros da década dos 90 de **Abreu Bastos**, até o 27 de Maio, na *Nova Sala* e na *Sala de Arte Caixavigo*. De 18 a 21,30 h. Domingos e festivos de 12 a 14 h.

LOLI CALVELO

Cadros recentes na *Sala de Arte Caixavigo*. Até o 10 de Xuño, de 18 a 21,30 h. Domingos e feirados de 12 a 14 h.

ARTE ESCOLAR

O colléxio *Celso Emilio Ferreiro* (Porriño s/n), expón óleos dos seus alunos até o 13 de Xuño, os dias lectivos de 9 a 14 h.

HISTÓRIA DO CALZADO

Mostra dos zapatos máis grandes e máis pequenos do mundo. No *Centro Comercial Camélias* até o 8 de Xuño.

■ **HOMENAXE**

XOSÉ Mª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O Venres 30 ás 8 do serán, na Biblioteca Central, comeza a mesa redonda en homenaxe a Xosé Mª Álvarez Blázquez, con **Francisco Fernández del Riego, Dario Xohán Cabana, Alfonso Álvarez Cáccamo** e **Alfonso Álvarez Gándara**, moderados por **Carlos Casares**.

■ **MÚSICA**

IGUANA CLUB

Os vindeiros concertos na Iguana: ***21 Japonesas*** (Venres 30) e ***Yage*** de Austrália (Sábado 31). Xa en Xuño, o dia 7, actua ***Purr***. Todos os concertos

Anúncios de balde

■ **Buscamos aloxamento económico para 1 ou 2 noites, e para 2 persoas en casa particular** durante a 2ª quincena de Agosto en Santiago, Fisterra, Pontevedra, Vigo e Lugo. Escreber a Estelle Caron. 1 Square J.H. Mansart. G-60200 Compiegne. France

■ **Véndese fotocopiadora** *Rank Xerox* 5028, 28 cópias por minuto. Bon estado. Telf. (986) 31 42 43.

■ **Nativa dá clases de francés a calquer nível**. Interesados chamar ao 22 80 33 da Coruña. Perguntar por Loida.

■ **Vendo viño godello e mencia, elaboración própria e artesanal**. Envios a calquer lugar da Galiza e resto do Estado. Busco distribuidores. Interesados chamade ao (988) 31 16 78 de 20,30 a 22,30 h. ou escribide a Adega San Roque C. B, rua San Roque, 36. A Rua de Valdeorras. 32350 Ourense.

■ **Vende-se moto acuática *Kawasaki* 650 cc**; *jet ski Kawasaki* 550 cc; lancha de 4 m, e motor Johnson de 55 cabalos. Teléfono (981) 57 35 84.

■ **Vendo vídeo-cámara** *Sony V 5.000* e accesórios. Chamar ao telf. (986) 31 51 06.

■ ***Galiza Nova na Emigración*** (Mocidade do BNG) espállase por todo o mundo para organizar aos galegos. Luita pola nosa terra. Escrebe a Galiza Nova na Emigración: La Verja, 58-1º, 28026 Madrid.

■ **Nº 2 de *Manesquerda*, revista de *Esquerda Nacionalista-Mocidade***, con: *Língua e debate*: entrevista à Mesa pola Normalización Lingüística e ao Movimento Defesa da Língua; *Ensino non universitário na Galiza*, *Mercado laboral*: a reforma reformada, *Análise do Peru*, *Antimilitarismo*: entrevista a Manuel Rodríguez, Insubmiso e responsável de Prensa da ANOC. Os interesados, escrever ao apartado 384. 15780 Santiago, enviando 175 pesetas en selos.

■ ***Língua Nacional* Nº 6. Boletim de informaçom lingüística editado polo *Movimento Defesa da Língua*.** *Boicote Seat Arosa e Telepizza, reintegracionismo e nacionalismo, actualidade lingüística*,... Inclui material para se autofinanciar: livros, camisolas, bandeiras, autocolantes, etc. **Envio gratuíto** a quem o desejar. Encomendas no apartado 570 de Ferrol.

■ **Licenciada en filoloxia hispánica dá clases** (EXB, BUP, ESO). Interesados contactar co teléfono 22 80 33 da Coruña. Perguntar por Loida.

■ **Merco fitas de vídeo de partidos históricos de basquet,** por exemplo: a final da recopa na que Petrovic anotou 62 pontos. Se non a queres vender fágolle unha cópia. Chamade ao tel (986) 22 42 10, preguntar por Fins.

■ **A *Rádio Piratona*, a rádio libre de Vigo, emite agora no 107.7 da FM.** Para participar escrebede ao apartado postal 8278, 36200 Vigo.

■ ***O Verme Homicida*,** primeira maqueta dos Skornabois. Ja à venda. Podes encomendar a *Medúlio Distribuçoms*. Apartado 19 de Mondonhedo.

■ **Vendo *Opel Corsa***, curto, de cinco portas, en bon estado e a moi bon prezo (250.000 pta). Baixo consumo. Interesados chamar axiña ao (981) 58 59 59.

■ **Véndese temário de oposicións do ano 89 de língua e literatura española,** para o corpo de mestres agregados de bacharelato. Son 100 cadernos pero faltan 15. Prezo a convir, ainda que económico. Interesados/as chamade ao teléfono: (986) 43 89 12. Vigo.

■ **Grande oferta de discos e casetes.** Prezos interesantes. Perguntar por Baños no (988) 21 05 85.

■ Está na rua o **nº 4 do Abrente, vozeiro de *Primeira Liña* (MLN)**: 1º de Maio: Hai que reaxir!; análise sobre o Movimento Antimilitarista Galego no proceso de libertazón nacional; artigos sobre a situación das presas e presos independentistas galegos, e sobre a unidade territorial e a unidade lingüística galego-portuguesa; e un texto de Chus Pato sobre o livro de Emílio Arauxo *Cinsa do vento*. Lé e difunde a prensa independentista revolucionária!!! Solicita-o de balde escrevendo para o apartado 760 de Compostela, incluindo o teu enderezo e un selo de 35 pts (para gastos de envio). Também números atrasados. Podes pór-te en contacto con nós também nos apartado 57 de Ferrolterra, 575 de Lugo, 569 de Ourense e 3258 de Vigo.

■ **Véndese planeadora-paseo** con motor foraborda (Jonhson 35 cabalos) con remorque. Bon prezo. Interesados chamar de 20 a 22 horas ao telf (986) 30 10 96.

■ **Vendo vitolas** (selos de puro). Interesados escreber ao Apartado 43 de Viladecans (CP 08840). Catalunya.

■ **Traspados local en Vigo na zona do Corte Inglés-Hospital Xeral**. Razón no Telf. 41 03 21.

■ Este verán **vaise celebrar en *Cuba o XIV Festival Mundial da Xuventude e Estudantes***, do 28 de Xuño ao 5 de Agosto. Por primeira vez Galiza conta con participación artellada no Comité Nacional Galego Preparatório onde hai organizacións xuvenis, estudantis e de solidariedade de todo tipo. O Comité ten a función de coordenar a delegación galega ao Festival, se che interesa a idea ponte en contacto na Rua do Vilar, 29-1º. 15705 Compostela. O nº de conta para aportacións solidárias é 2091 0000 37 3002028160 de Caixa Galiza.

■ *Gallaecia*, un espazo de 350 metros cadrados para espectáculos, no cerne da Galiza histórica: a Baixa Límia Galega/Serra do Xurés. Rock, Folk, Música Popular, Cabaret, etc. **Se desexa actuar neste local mande información** (currículum, maquetas, CDs, videos, etc, así como datas dispoñíveis e condicións económicas e materiais...) ao enderezo: *Gallaecia*, rua Joaquim Lourenço, 1-soto, Mugueimes 32880-Moinhos (Ourense). Abstersе grupos que non fagan as letras ou diálogos en galego.

■ **Merco concertos de grupos espanois** anos 80 (La Mode, Paraiso, Polanski, Glutamato Ye-Yé, Aviador Dro...) Contacto: Xabi. Telefone (981) 178110 (de 15:30 a 19:30).

■ A *Asembleia da Mocidade Independentista* tem aberta umha **conta de solidariedade com Ana Hortas**. Faz a tua aportaçom solidária no número 2091 0000 32 300 202 9070 de Caixa Galiza.

■ ***Sons de loita***. Faite co catálogo da nova distribuidora de música indepenente e autoxestionada. Podedes atopar *ska, reggae, punk, rap, fusion*, comprometida coa esquerda internacional, asi como coas luitas dos povos represaliados. Tamén autocolantes, libros, etc. Para recebelos escrebede á Caixa de correios 3242. 36080 Vigo.

■ **Música. Preparación de oposicións**. Ensino primário e secundário. (986) 23 54 72.♦

Encrucillada

XOAN COSTA



HORIZONTAIS

1. Belixerancia, hostilidade 7. Desemboca alí o Tambre 9. Cor vermella escura 11. Carta da baralla 12. Chaira 14. Indagar, averiguar 17. Regras, normas 19. Seco, estéril 21. Atrever 23. No plural, unha muller para os seus fillos 24. No plural, parte pequena dunha cousa que resulta da división dunha maior 26. A estrela máis próxima á Terra 28. Nos verbos da primeira conxugación, morfema de modotempo do copretérito 29. Ensino Secundario Obrigatorio 31. Concello próximo a Santiago 33. Pertencente ou relativo á visión.

VERTICAIS

2. Ao revés, que non está vestido 3. Título dunha obra de Pondal 4. Fai riscos 5. Batraquio moi frecuente en pozas, lagoas e regos 6. Ao revés, décimo sétima letra do alfabeto grego que corresponde con R. 8. Palabra que se usa para manifestar asombro, pena ou alegría 9. No plural, tira de tea que se usa como distintivo de graduacións militares 10. Referido a unha zona de mar moi profundo fora da plataforma continental 12. Alimentase, nutrise 13. Garboso, gallardo 15. Utilizan 16. Río que pasa por Florencia e atravesa Pisa 18. Pronome persoal de primeira persoa 20. Expresa con palabras 22. No plural, cabo por onde se empuña un instrumento 25. Desmoronouse 27. Ao revés, unidade coa que se mide a velocidade dos barcos 30. Abreviatura de señor 31. Sorrí 32. Ao revés, carta da barralla.♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., (986) 22 24 05 ou por Fax (986) 22 31 01

Caldo de letras

D	A	B	K	L	Ñ	Y	Y	T	Z	U	B
P	P	G	L	C	K	V	G	E	F	C	Y
Y	Y	E	X	A	K	C	A	E	B	V	V
G	I	M	B	P	I	I	L	Z	T	Z	G
Q	P	A	S	E	M	O	A	E	E	E	F
E	P	R	A	D	O	R	N	D	F	Z	N
H	H	I	V	R	H	R	N	Z	M	X	H
Ñ	K	Ñ	V	E	E	A	N	B	S	N	B
Y	D	O	M	I	N	G	U	E	Z	F	D
N	M	Q	R	R	N	A	O	B	T	Y	I
Y	H	O	E	A	S	N	A	C	S	E	B
Ñ	C	H	A	H	Ñ	E	D	B	R	A	V

Doce arquitectos "modernos" da Coruña.

SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

Horizontais

1. GUERRA 7. NOIA 9. GRA 11. AS 12. CHA 14. BUSCAR 17. LEIS 19. ARIDO 21. OUSAR 23. NAIS 24. ANACOS 26. SOL 28. BA 29. ESO 31. ROIS 33. VISUAL.

Verticais

2. UN 3. EOAS 4. RISCA 5. RA 6. OR 8. OH 9. GALONS 10. ABISAL 12. CRIASE 13. APOSTO 15. USAN 16. ARNO 18. EU 20. DI 22. RABOS 25. CAIU 27. ON 30. SR 31. RI 32. SA.

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



Na galeria *Mário Sequeira* de BRAGA pódese ollar a obra do pintor norteamericano Alex Katz.

comezan ás 12,30 da noite.

■ **TEATRO**

LA CENERENTOLA

A obra de Rossini interpretada pola *Ópera de Cámara de Varsóvia* baixo a dirección de Stefan Sutkowski. Será o Venres 30 ás 20,30no *Centro Cultural Caixavigo*. Entradas de 3.000 a 1.500 pta. Reservas no 23 80 51.

Vilaboa

■ **EXPOSICIÓNS**

CABACEIROS

Considerado o antecesor directo do hórreo, foi substituido por este polo carácter perecedeiro dos seus materiais. O reducido número na Galiza e sobre todo en Pontevedra convírteo nun caso dos máis interesantes da arquitectura tradicional. A *Casa dos Druidas*, en Acuña, acolle a mostra (fotografia, fichas, paneis e cabaceiro) levada adiante por profesores e alumnos do Coléxio Público de Baltar (Caldas de Reis). Até o 2 de Xuño.

Vilagarcia

■ **TEATRO**

SEMPRE UBU

A montaxe de *Produccións Teatrais do Sur* na *Casa da Cultura* o 29 e o 30 de Maio. Na mesma sala, o 5 e o 6 de Xuño, actuan Mofa e Befa coa peza *Para ser exactos*.

Braga

■ **EXPOSICIÓNS**

ALEX KATZ

A galeria *Mário Sequeira* expón unha série deste pintor norteamericano. A Katz atribúeselle a renovación da figurativa estadounidense xuntándoa con elementos da *pop-art*. Cadros ao óleo de grandes dimensións que visitan Portugal por vez primeira. *Galeria Mário Sequeira*: Quinta da Igreja. Parada de Tibães. Teléfono (07-351-53) 62 15 17. Fax 62 46 95.

Lisboa

■ **MÚSICA**

CANTIGAS DO MAIO

A fin de semana do 29/31 remata a VIII edición das *Cantigas do Maio* (bairro do Seixal), da man da *Associação José Afonso*. O 29 na Praça dos Mártires da Liberdade actua ***Teatro Dom Roberto***, e no Forum as ***Bisserov Sisters*** (Bulgária), o 30 o ***Grupo de Bombos Almacena*** de pasarruas e o ***Grupo de Cante Alentejano dos Mineiros de Aljustrel*** na Praça da República, ***Purna das Baul*** (Índia) e ***Kocani Orkestar*** (Macedónia) na Praça do 1º de Maio. O derradeiro dia, o Sábado 31, actua o ***Grupo de Bombos de Lavacolhós*** polas ruas do Seixal, e ***Tellu Virkkla*** (Finlándia) e ***Vasmalom*** (Hungria), na Praça do 1º de Maio. Ainda para completar a oferta, expoñen cerámicas de **Júlia Ramalho**, e un obradoiro de construción de cabezudos, asemade ofrecen paseos en barco varino e bote de fragata na Baía do Seixal. Máis infomación na Associação José Afonso: (07-351-1) 886 28 36.♦

Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Alfonso Eiré López EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 29 DE MAIO • 1997 • Nº 780 • ANO XX • IV XEIRA •

8 400021 303104 00780

Paula Carballeira: 'Os galegos temos moito domínio do conto'

Do 12 ao 25 de Maio celebrouse o Primeiro Encontro Internacinal de Contadores de Contos

CARME VIDAL

A clausura do Primeiro Encontro Internacional de Contadores de Contos o pasado sábado dia 25 de Maio en Compostela desbordou a Sala Nasa e deixou ver, máis unha vez, a boa acollida que están a ter estes novos narradores orais. Como cada martes desde hai moitos meses no pub Atlántico, as "contadas" consiguiron atraer a un público educado baixo o domínio da televisión e que maiormente pertence a ámbitos nos que se deixaron de contar histórias.

A. PANARO

Á beira dun dos máis xeniais contadores galegos como é Quico Cadaval —en grande medida responsábel, ainda que el se tire protagonismo, desta boa acollida dos contacontos— que recolle a forma tradicional de contar e trae as suas histórias recreadas na zona de Ribeira, están propostas máis interpretativas como as de Paula Carballeira que recolle as sua experiéncia no conto para cativos e no teatro cunha posta en cena moito máis dramatizada e, entre eles, as máis variadas maneiras de contar histórias. Procedentes na sua maioria do mundo do teatro, pero non necesariamente, os contacontos enfróntanse "a pelo" , sen nengunha sorte de *atrezzo*, a un público non afeito a este tipo de espectáculo ao que intenta enganchar coas suas histórias e coa arte de contar.

"Na Galiza hai persoas que levan contando contos toda a vida pero non o considera un espectáculo. O contacto é distinto, hai xente que conta contos a quen coñecer pero se chega alguén de fóra o máis seguro é que pare de falar até saber quen é e que fai por ali e cando colla confianza seguirá contando. Traballei cun grupo da terceira idade no que habia un contador extraordinário pero se tiña que saír tirábase para atrás porque dicia que non coñecia á xente" di Paula Carballeira para diferenciar as suas experiéncias das de calquer contador popular que veñen, máis que das formas de contar, de todo o que rodea ao espectáculo, a comezar moitas veces pola própria convocatória prévia. Paula di tamén que existen contadores como o mesmo Cadaval que combinan ben os dous xeitos "porque lle sae asi, é capaz de fiar unha história perfeita falando cos amigos".

E coa coa volta á tradición de contar veñen as histórias, multitude de contos sen recompilar que seguen a activarse cada vez que son transmitidos. "Recuperamos polo menos o feito de falar, de contar histórias. Moitas veces recorres á tradición oral porque son máis fáciles de transmitir, cunha estrutura alucinante. Botas man deles porque se es galego e colles un conto con temática que a xente coñece, con personaxes cos que se identifican e cunha estrutura feita, o único que che queda é contalo. Ás veces semella como se unha adaptación tivese máis prestíxio que se dis que é un conto popular, pero a efeitos do auditório funcionan mellor os populares" comenta a contadora que pulsa ao público en cada unha das suas intervencións.

E no encontro combináronse as contadas de galegos coas de contadores chegados de fóra, moi particularmente os latinoamericanos. Paula Carballeira cre que "son duas tradicións nas que o relato funciona moi ben. Os galegos temos moito domínio do conto, se miramos a nosa literatura vemos que hai narradores de contos impresionantes como Cunqueiro, Blanco Amor ou Ferrin tamén fóra da escrita, a tradición oral é fortísima porque somos xente que conversamos moito" . Os contadores comprobaron que non son tan distintas as histórias ainda que se adaptaran a cada povo no que foron aceitadas, "hai contos dos irmáns Grimm que se foron trasmitindo e chegaron aqui de xeito irreconocíbel. O conto base é o mesmo pero cámbian personaxes, ambientación... Sen ser conscientes, as cousas se funden, se a unha aldea levas un conto que gusta vai quedar ali, recreado pola xente do lugar"

Os nenos da aldea contan mellor

Ademais de contar, Paula gosta de escoitar histórias, nomeadamente as dos pequenos cos que traballa e da sua experiéncia tirou unha conclusión clara: "hai moita diferéncia entre os coléxios do rural e do urbano. Nas aldeas ainda hai xente que lles conta mentras que na cidade só coñecen os contos que ven da televisión ou que eles mesmos len e iso nótalo nas histórias que contan e mesmo na estrutura da narración que é distinta. No rural teñen a estrutura perfeita, plantexamento, nó, desenlace e moralexa. Na cidade non teñen ese esquema. Vese como se conservou a tradición no campo nas noites cando non habia lus".

Pero chama a atención tamén Paula de que este rexurdimento —"que sorprende mesmo aos que levan toda a vida contando como é o caso de Farruco"— estase a dar nas cidades e con moito éxito nos locais nocturnos, —"antes contábanse na taberna, pero era entre amigos"- e ela explícao por unha sorte de conexión que se da entre o contacontos e o público, " a televisión está moi vista e, de repente, ven alguen e conta unha história que te engancha e chama a atención polo diferente que é. En princípio é a novidade e que non se precisa nada para contar, nen local determinado, nen micro...."♦

Mercado e desexo

XELIS DE TORO

Non é o mesmo o mercado do sexo, que o mercado do desexo nin o sexo do mercado nin o desexo do mercado. Na nosa tradición cultural, as palabras máis representativas e separadas por un "e" son: mercado (o a súa carencia) e desexo (de mercado). Cada vez que parece unha nova publicación véñenme a memoria unha frase que vin escrita hai moitos anos nun artigo xornalístico creo que de Xan Facal que dicía algo así: "A continuidade en Galicia, significa estar sempre comezando".

Moitas das empresas culturais galegas desde sempre tiveron moito máis de aventura que de empresa, moito máis de desexo que de mercado. Resulta moi dificil na nosa tradición xuntar esas dúas palabras sen que un escoite o anxo da garda detrás dicíndoche "estaste vendendo", sen embargo eu cando sae unha nova publicación galega poñome nas puntas dos pés para non facer moito barullo e berro por debaixo "oxalá te vendas".

Oxalá busques un número de lectores abondo amplo para que poidas conseguir publicidade da que paga, oxalá publiques artigos que non lle interesen unicamente a ti, os teus amigos, e aos que son coma ti, senón que logren interesar a xente que nin sospeitarías. Oxalá, oxalá, oxalá, (desexo) que eu poida facer unha colección cos teus números (sempre hai que pensar no coleccionista). Teño unha boa colección de *Teima*, e de *Man común*, revistas que aínda me gustaría poder seguir hoxe coleccionando. Agora que sae *Tempos Novos* só me queda desexarlles que oxalá mercado e desexo atopen acougo na nosa cultura, e se fagan parella de feito, tampouco fai falla casarse non vaia chegar o sangue o rego.♦

VOLVER AO REGO

Os misis rusos xa non apontan a Europa. Os da Otan xa non apontan a Rúsia. Pero Rúsia e a Otan seguen fabricando misis, a cada máis sofisticados. O armamento é a mercancia máis rentábel. Pero contra quen apontar? Contra quen dirixir as armas intelixentes? Os avións anti-radar? Os satélites loxísticos? Nacionalistas, fundamentalistas, xóvenes, imigrantes e negros son obxetivos a ter en conta. Pero alguén pode imaxinar os silos nucleares de Solana e todo o poder de fogo da Otan orientados contra os do *barato, barato*? Para tal menester abonda coa policia municipal.♦

PORTUGAL HOTEIS

Oporto	4.000
Coimbra	3.900
Peniche	5.200
Nazaret	2.600
Fátima	3.300
Lisboa	4.700
Estoril	3.500
C. Caparica	4.300
Portimão	6.000
Ericeira (m/p)	5.300
Cascais	2.900
Vila Moura	4.300
Praia Rocha	6.000
Quarteira	5.300

Prezo por persoa en cuarto duplo, noite + almorzo en Pta.

OFERTA EN VÓS

→ IDA E VOLTA ←

Buenos Aires	117.000
New York	69.900
Santiago Chile	115.000
Montevideo	123.000
Paris	41.000
Recife	99.000
Lima	122.000
Amsterdam	59.000
London	34.500
Manchester	41.000

Rio / São Paulo 89.000 Pta. Ida e Volta. Até o 30 de Maio

→ SÓ IDA ←

Buenos Aires	82.000
Rio/São Paulo	83.000
Paris	28.500
Zurich	43.000
Munich	44.000
Amsterdam	43.000
Birmingham	43.000
Bristol	43.000

Volta ao Mundo 323.000 Pta.

En Pta. Inclue recollida na morada, transporte ao aeroporto e asistência embarque. Saídas do Porto.

Super oferta
8 dias con viaxe + hotel desde 46.900 pta. a partir do 15 -VII
MADEIRA Verán

Especial
Verán / 97 - Xuño

Apartamentos 4 persoas (T-1)		Apartamentos 2 persoas (T-0)	
Quarteira	5.200	Quarteira	4.200
Vila Moura	3.300	Vila Moura	4.200
Montechoro	3.500	Montechoro	8.900
Armação de Pera	5.900	Armação de Pera	9.300
Praia da Rocha	5.800	Albufeira	6.500
Lagos	3.500	Praia da Rocha	3.800
Albufeira	6.400	Tavira	7.600

Prezos en Pta/dia

PASE AS SUAS VACACIÓNS NAS MELLORES PRAIAS DO SUL DE PORTUGAL
ALGARVE

MINHO EXPRESSO VIAGENS
TELF. (07 - 35151) 82 48 93
FAX 23 798
VALENÇA DO MINHO